

burela

Osa do Mar 2026 regresa a Burela con Depedro, West SRK e novos talentos no seu cartel. **Páx. 6**

foz

Foz consolídase como referente internacional do café coa formación e campeonatos do IES. **Páx. 8**

cervo

O Concello impulsa programas educativos, deportivos e de saúde mental para 2026. **Páx. 15**

trabada

Camiños, parques e centros sociais: Trabada continúa o seu plan de transformación local. **Páx. 17**

o vicedo

O Goberno local sumirá prazas mínimas para relanzar o centro de día. **Páx. 19**

2026, ano de investimentos

Moitos concellos remataron o 2025 coas contas aprobadas, mentres as oposicións alertan de falta de transparencia e escasas inversións



Burela impulsa unha nova fase de mellora

O Concello continúa transformando o espazo urbano para facelo máis accesible e sostible **Páx. 7**

A Deputación de Lugo inicia unha nova etapa

O PSOE de Lugo propuxo a Carmen López, alcaldesa de Burela, como candidata. **Páx. 29**

Xuíza internacional



Virginia Fernández converteuse na única xuíza Brevet 4 da provincia de Lugo. **Páx. 11**

Agro galego



Brais Álvarez encabeza a nova Secretaría de Acción Sindical do SLG. **Páx. 16**

Club A Mariña Atletismo



O novo club de Ribadeo aposta pola inclusión e o deporte popular. **Páx. 27**

Concienciar a través da fotografía

Anxo Cao explica como o mar, a natureza e a apicultura moldean a súa fotografía divulgativa. **Páx. 31**



O sabor que fai volver

Queixos nacidos da terra, feitos con alma.

Queixo tradicional e madurado de leite cru de vaca, requeixo, iogur, tarta de queixo e leite fresco de vaca.

Vén á nosa tenda en
Sixto 11, Lagoa, Alfoz.

@fincacasabarbeiro

TLF: 669 96 10 89

A MARIÑA

A Deputación impulsa varias obras e reforza o turismo na Mariña



A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou recentemente un novo paquete de investimentos orientado á mellora de infraestruturas municipais en seis concellos da provincia, actuacións que buscan ter un impacto directo na calidade de vida da veciñanza. Entre os proxectos máis urxentes destaca a adxudicación das obras de emerxencia na estrada LU-P-0208, á altura de Rubeiro, no concello de Alfoz. A ponte que conecta as parroquias de Oiras e O Pereiro presentaba un deterioro considerable provocado polas intensas chuvias, o que derivaba nun risco real de afundimento. Para solucionar esta situación, a Deputación destinou case 46.000 euros a unha intervención inmediata, que será executada pola empresa Hermanos Pico Yáñez S.L. Durante os traballos, a vía permanecerá pechada no punto quilométrico 2,900, habilitando desvíos alternativos para garantir a seguridade do tráfico.

No concello de Foz, a Deputación aprobou un investimento adicional de 50.000 euros para a renovación integral do firme no Camiño Atalaia e na Rúa Uxío Novoneyra, dúas vías de acceso á praia da Rapadoira e de gran tránsito. As actuacións inclúen o fresado do pavimento, a aplicación de novo aglomerado en quente, actualización da sinalización horizontal, demolición dunha rígola de formigón deteriorada e instalación de dous novos sumidoiros, co obxectivo de mellorar a evacuación das augas pluviais e prolongar a vida útil do firme. Estas intervencións reflicten o compromiso da Deputación coa atención ás necesidades estruturais e urxentes dos concellos da provincia e coa conservación da rede viaria.

MANCOMUNIDADE. Paralelamente, a Deputación e a Mancomunidade de Municipios da Mariña reforzaron a súa colaboración cun novo convenio dotado con 25.000 euros, destinado a impulsar a promoción turística da comarca e consolidar a marca Mariña Lucense como xeo-destino de referencia no norte de Galicia. O acordo foi asinando polo ex presidente da Deputación, José Tomé Roca, e pola presidenta da Mancomunidade, Rocío López, quen subliñou que esta cooperación permite non só manter proxectos xa asentados, senón tamén desenvolver novas iniciativas orientadas ao turismo sostible e de calidade. Grazas a esta achega, a Mancomunidade pode continuar con Plans con Corazón, que ofrece 16 rutas guiadas polos 16 concellos, facilitando a participación de veciños e visitantes e promovendo a riqueza natural, cultural e patrimonial da zona. Tamén se reforzan os Obradoiros con Corazón, que poñen en valor o traballo das artesás e artesáns locais, promovendo produtos únicos e vinculados á identidade da comarca, así como a rede Turismo Slow Norte de Galicia, que aposta por experiencias pausadas e respectuosas co medio ambiente. Ademais, os fondos permiten mellorar a comunicación, xestión de redes sociais, campañas de marketing e atención aos medios, garantindo unha proxección sostida tanto en Galicia como no resto do norte peninsular. Este investimento contribúe ao fortalecemento do sector turístico, xerando emprego, actividade económica e promovendo a participación cidadá, consolidando á Mariña Lucense como un destino singular e de referencia.

A Plataforma Sanitaria da Mariña mantén as concentracións no 2026

Viveiro volveu ser escenario dunha nova concentración convocada pola Plataforma Sanitaria da Mariña, unha mobilización que se repite cada quince días desde o pasado mes de maio de 2025 para reclamar a cobertura completa do persoal sanitario no centro de saúde da vila. Profesionais e veciñanza reuníronse unha vez máis para denunciar a falta de médicos, persoal de enfermaría, técnicos e traballadores administrativos, unha situación que, segundo o colectivo, continúa sen solucións efectivas.

Desde a plataforma advirten de que a plantilla médica segue moi reducida, con numerosas ausencias que non están a ser substituídas, o que provoca que os cupos de pacientes recaian sobre un número cada vez máis limitado de profesionais. Esta sobrecarga, explican, supón atender a un volume de usuarios moi superior aos estándares de calidade recomendables. Ademais, salientan que moitas persoas carecen de médico ou médica de familia asignado, o que impide un seguimento continuado e unha relación terapéutica estable.

Durante a concentración tamén se deu a coñecer o avance da



campaña de recollida de sinaturas, que suma xa arredor de cinco mil apoios. A Plataforma Sanitaria prevé continuar coa iniciativa nos vindeiros días co obxectivo de acadar o maior número posible de adhesións.

A coordinadora do colectivo, Montse Porteiro, quixo recoñecer publicamente o esforzo das persoas que participaron durante meses na recollida de sinaturas, así como a colaboración de comercios, bares e establecementos que facilitaron espazos para achegar os pregos á cidadanía. Tamén trasladou o agradecemento a todas as persoas que, coa súa sinatura, re-

claman unha sanidade pública de calidade, digna e equitativa.

A plataforma anunciou tamén cambios no calendario de mobilizacións. A concentración celebrada en Viveiro será a última deste ano, mentres que no mes de xaneiro de 2026 terá lugar unha única convocatoria. Segundo explicou Samuel Fernández Bouza, o día escollido será o 15 de xaneiro, xornada na que se procederá ao rexistro e á entrega oficial das sinaturas. Ese día haberá, ademais, novidades tanto no emprazamento como no formato da protesta, detalles que se darán a coñecer máis adiante.

A Mariña pechou 2025 como destino sostible e recoñecido

A Mariña Lucense pechou un ano especialmente positivo no ámbito turístico grazas ao Plan de Sostibilidade Turística (PST), que permitiu reforzar a identidade do territorio e avanzar cara a un modelo de destino sostible, singular e recoñecido tanto en Galicia como fóra dela. A Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense liderou un amplo programa de accións que situou á comarca no foco do sector turístico, recibindo recoñecementos institucionais e profesionais. A presidenta da Mancomunidade, Rocío López, destacou que o esforzo responde a unha estratexia clara orientada a equilibrar a creación de valor para os visitantes coa mellora da calidade de vida da poboación local. Segundo explicou, o PST, xunto cos convenios anuais de colaboración, converteuse nunha ferramenta clave para impulsar a

transformación turística desde o respecto á identidade do territorio, poñendo en valor recursos locais como a natureza, o patrimonio e a gastronomía.

O traballo contou coa colaboración da Secretaría de Estado de Turismo, a Xunta de Galicia e a Deputación de Lugo, permitindo desenvolver proxectos centrados na promoción exterior, a competitividade do destino e o apoio ao sector. Entre as iniciativas destacan a campaña "A Mariña Latexa Contigo" en FITUR, a presenza por primeira vez con stand propio en INTUR, a presentación da marca turística en Bilbao e a celebración do Foro Turismo e Sostibilidade, que reuniu expertos nacionais e internacionais para debater sobre novos modelos turísticos.

O labor da Mancomunidade foi recoñecido co Premio Turismo

Sostible da Deputación de Lugo polo proxecto "Camiño cara á sostibilidade turística na Mariña Lucense". Ademais, promovéronse obradoiros e plans con máis de 300 participantes, actividades de turismo ornitolóxico e xeoturismo, renovación do selo de calidade SICTED e publicación da Guía do turista responsable. A comarca tamén participou no programa MISEA-SEGITTUR, orientado á creación de experiencias agroturísticas sostibles.

De cara a 2026, a Mancomunidade centrará os esforzos en consolidar proxectos existentes, mellorar a sinalización turística, desenvolver novas rutas e produtos de natureza, e reforzar a adhesión a redes de ecoturismo, mantendo como eixo central un modelo turístico sostible, de calidade e de futuro para a Mariña Lucense.

O Camiño do Norte celebra dez anos como Patrimonio da Humanidade

O Camiño do Norte centrou un acto en Ribadeo polo décimo aniversario da súa declaración como Patrimonio da Humanidade, unha conmemoración na que participou o director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles. Durante a xornada, destacou esta ruta xacoea como un símbolo cultural e espiritual de alcance europeo e agradeceu o labor do Concello de Ribadeo e da Federación Española de Asociacións de Amigos do Camiño na preservación e difusión da tradición xacoea. Merelles puxo o acento no papel histórico de Ribadeo como porta de entrada a Galicia para milleiros de peregrinos, unha función que continúa vixente, como demostra o crecemento constante do Camiño do Norte. Este ano 2025 supe-



ráronse as 21.400 Compostelas, cun marcado carácter internacional, xa que o 57 % das persoas peregrinas proceden doutros países. O responsable autonómico subliñou tamén a importancia desta ruta para o desenvolvemento económico da Mariña Lucense, lembrando que ata outubro a comarca rexistrou máis de 176.000

turistas e preto de 358.000 noites de aloxamento, con presenza destacada de viaxeiros internacionais. Ademais, explicou que a Xunta avanza nun modelo de xestión máis preciso das rutas xacobeas mediante a instalación de sensores, que confirman o aumento do tránsito real de peregrinos.

A FCAM pecha con éxito a campaña ‘De compras polo comercio da Mariña Lucense’



A Federación de Comercio A Mariña fixo un balance moi positivo da campaña De compras polo comercio da Mariña Lucense, desenvolvida entre finais de outubro e novembro para poñer en valor o pequeno comercio comarcal. A iniciativa percorreu varios concellos, combinan-

do promoción dos negocios con dinamización económica mediante sorteos por 2.500 euros. A campaña contou cun amplo apoio institucional, implicación do sector turístico e unha destacada repercusión mediática, superando as 31.000 visualizacións en redes sociais.

A Mariña recibe recoñecementos polo labor da Protección Civil

Viveiro participou no acto de entrega das Medallas ao Mérito da Protección Civil de Galicia, celebrado na Estrada, no que se puxo en valor o compromiso e a dedicación das persoas voluntarias que traballan pola seguridade cidadá. A Protección Civil de Viveiro foi unha das protagonistas, coa concesión da Medalla de Prata a Manuel Expósito pola súa traxectoria marcada pola responsabilidade e a dispoñibilidade permanente. Ademais, a Agrupación de Voluntariado de Protección Civil de Viveiro tamén recibiu a Medalla de Prata, recollida por Rubén Estébanez en representación do colectivo.



A Mariña contou con outros recoñecementos destacados, como o concedido a Ramona Rodríguez Pérez, “Nita”, da agrupación de Barreiros, quen recibiu a Medalla ao Mérito correspondente a 2025 pola súa dedicación continuada e polo impulso ao crecemento do servizo local. O

acto serviu tamén para distinguir a María Dolores Martínez Orizales, do Vicedo, e a Miguel Varela Penabad, de Oourol, coa medalla de bronce, así como a María Jesús Rubal Oubiña, de Mondoñedo, co distintivo de permanencia pola súa constancia ao longo dos anos.

NutriOnco Burela volve ao Hospital da Mariña o día 26

O Hospital Público da Mariña acollerá o vindeiro 26 de xaneiro unha nova edición de NutriOnco Burela, unha xornada divulgativa orientada a achegar coñecementos prácticos sobre a relación entre alimentación e saúde, con especial atención ao ámbito oncolóxico. A actividade celebrarase no salón de actos do centro hospitalario a partir das 16.30 horas e está dirixida tanto a persoas interesadas na nutrición como a pacientes, familiares e público en xeral. A iniciativa combina información rigorosa con contidos aplicables á vida diaria, apostando por unha visión próxima e accesible da nutri-

ción como ferramenta de apoio ao benestar. Ao longo da sesión abordaranse cuestións relacionadas coa cociña saudable adaptada ás necesidades das persoas con enfermidades oncolóxicas, ofrecendo exemplos prácticos e recomendacións útiles. NutriOnco Burela preséntase tamén como un espazo de encontro e aprendizaxe, no que compartir experiencias, resolver dúbidas e fomentar hábitos alimentarios máis conscientes. A xornada reforza o papel da divulgación sanitaria e consolida Burela como punto de referencia para actividades vencelladas á promoción da saúde na comarca da Mariña.

EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS

CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL

ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³

CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA

TRITURADORAS SERRAT AGRÍCOLAS, FORESTALES, BIOMASA...

MAQUINAS Y RECAMBIOS LEMKEN

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!

RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

CORBAR MAQUINARIA

INNOVACION, COMPROMISO Y GARANTIA

www.corbarsil.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com

Os Cacholeiros apostan pola irmandade gastronómica con encontros ao longo de 2026



A Asociación Gastronómica Os Cacholeiros presentou o seu calendario de actividades para 2026, marcado pola promoción da cociña tradicional, a convivencia entre socios e a apertura a colaboracións con outras entidades gastronómicas. O programa combina xantares emblemáticos, encontros de irmandade e a celebración da asemblea xeral, mantendo o espírito co que o colectivo traballa dende a súa creación. A primeira cita será o 7 de febreiro co encontro coa Sociedade Gastronómica Lucense, unha entidade de referencia na provincia. Esta xornada fomentará o intercambio de experiencias culinarias e a defensa da cociña autóctona como patrimonio cultural compartido. Dúas semanas despois, o 21 de febreiro, celebrarase o XXII Xantar do Cocido no Mesón Asturias, en Ferreira, coa participación especial dos socios lucenses, nunha mostra de reciprocidade tras o encontro previo. Coa chegada da primavera, o 9 de maio terá lugar o VII Xantar da Primavera no Hotel Vila do

Val, tamén en Ferreira, unha cita que recupera as reunións arredor da mesa para celebrar as colleitas e reforzar os lazos sociais, evocando costumes herdados. Xa no verán, o 22 de agosto está prevista a XXXIII Asemblea Xeral da asociación, encontro de maior participación no que se fará balance das actividades do ano e se definirán futuras liñas de traballo. O programa pecharase o 7 de novembro co XXI Xantar da Caza, coincidindo co segundo encontro coa Sociedade Gastronómica Lucense. Esta comida temática centrarase en pratos de caza elaborados segundo receitas tradicionais e servirá para devolver a visita aos socios lucenses. Desde Os Cacholeiros destacan que este calendario reafirma o compromiso da asociación coa gastronomía como espazo de encontro, memoria e convivencia, apostando por manter vivas as tradicións sen perder de vista a colaboración con outras entidades que comparten valores similares.

Da violencia á tradición: Xenocidio, foliada e lume marcan a Palabra do Ano

A Palabra do Ano 2025, elixida polo Portal das Palabras da Real Academia Galega e a Fundación Barrié, foi xenocidio, con 2.948 votos de case 7.200 rexistrados, superando propostas como foliada (1.315) ou lume (843). O termo, acuñado polo xurista polaco Raphaël Lemkin, refírese ao recoñecemento do crime contra a humanidade, adoptado pola ONU tras a II Guerra Mundial e recentemente empregado en debates sobre Gaza. O historiador Antonio Míguez Macho destaca o seu impacto global. Xenocidio formouse do grego xeno- 'pobo' e do sufixo latino -ci-

dio 'matar', seguindo o modelo de palabras como homicidio ou parricidio. Incluíuse no Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega en 1988, diferenciándose de termos como exterminio ou masacre, que non indican a motivación do crime. O top seis completárono foliada, lume, desfeita, loia e retrinco, combinando vocabulario patrimonial e neoloxismos da era dixital. A iniciativa reflicte como se viviu o ano e permite reflexionar sobre presente e futuro, mostrando a capacidade da lingua galega para expresar preocupacións, retos e esperanzas.

Reactivase o Foro da Reserva da Biosfera Río Eo, Oscos e Terras de Burón

A Reserva da Biosfera Río Eo, Oscos e Terras de Burón iniciou unha nova etapa coa reactivación do seu Foro de Participación Social, un órgano esencial de gobernanza que levaba nove anos sen reunirse. Esta xuntanza marca un punto de inflexión na xestión do espazo protexido e reforza o compromiso das administracións e do territorio cun modelo de desenvolvemento sostible, que combina a conservación do patrimonio natural co impulso socioeconómico local. O encontro estivo presidido pola directora xeral de Patrimonio Natural da Xunta de Galicia, Marisol Díaz Mouteira, e polo director xeral de Custodia do Territorio e Prevención de Incendios do Principado de Asturias, David Villar. Participaron tamén representantes municipais, grupos de desenvolvemento rural, asociacións locais e outros axentes sociais implicados na vida da Reserva. Durante a sesión destacou a necesidade de situar ás persoas e ás actividades locais no centro das políticas públicas, priorizan-



do o diálogo e a participación real para equilibrar protección da biodiversidade, xestión responsable dos recursos e desenvolvemento territorial. A través da Asociación InterEo, desde o territorio leváronse a cabo proxectos de cooperación con universidades, empresas, cooperativas do sector primario e administracións, moitos deles con financiamento europeo. Estas iniciativas consolidan a Reserva como motor de desenvolvemento e cohesión territorial. No foro subliñouse tamén a importancia de que as administracións manteñan un compromiso continuo comparable ao dos con-

cellos e entidades locais. A reactivación do Foro permitirá avanzar cara a unha xestión máis próxima á realidade diaria do territorio, reforzando a cooperación entre Galicia e Asturias e mellorando a planificación estratéxica. De cara ao próximo ano, o Principado de Asturias asumirá a presidencia da Reserva e convocará polo menos dúas reunións anuais do Foro, marcando o inicio dunha etapa centrada en fortalecer a gobernanza, mellorar a coordinación institucional e afrontar de xeito conxunto os retos demográficos, ambientais e socioeconómicos do territorio compartido.

O BNG mobiliza á cidadanía para reclamar a A-74 e a VAP Costa Norte

O Bloque Nacionalista Galego continúa a súa campaña pola mellora das infraestruturas viarias na Mariña, tras a decisión da Xunta de descartar a VAP Costa Norte, deixando como única alternativa para Viveiro e a comarca unha estrada convencional. Segundo denuncian os nacionalistas, esta paralización supón enterrar un proxecto histórico comprometido durante décadas e incumplir reiteradamente as promesas feitas á veciñanza.

O deputado mariño Daniel Castro anunciou que o BNG presentará diversas iniciativas no Parlamento galego para que o Partido Popular explique "por que decidiu deixar A Mariña sen VAP" e por que non se estudaron alternativas máis ambiciosas. O responsable comarcal, Antonio Veiga, acusou ao PP de manter anuncios sen intención de materializalos e de aplicar un trato discriminatorio á comarca, mentres outros territorios contan con corredor e avanzan cara á autovía. A campaña esténdese por varios concellos da comarca. No Vicedo, os nacionalistas colocaron faixas en demanda da A-74 entre Barreiros e San Cibrao e do corredor VAP Costa Norte, sinalando que a paralización



destas obras "enterraría tamén ao Vicedo" e agrava o illamento do municipio. O portavoz municipal, Miguel Gómez, lembrou que a veciñanza sofre desde hai 25 anos unha situación de illamento que se ve agravada polos recortes en servizos básicos como sanidade e educación. En Xove, a portavoz Pilar Vázquez instalou unha pancarta na ponte de Pumariño, subliñando que as actuacións actuais rebaixan prestacións e expectativas, afectando directamente á mobilidade e ao desenvolvemento industrial do concello. En Burela, diante do hospital, os nacionalistas instalaron outro vala-

do reivindicativo co lema "25 anos agardando. Autovía e corredor xa! A Mariña merece máis", lembrando que milleiros de persoas seguen a circular polas mesmas estradas que hai máis de 25 anos, e reivindicando proxectos viarios de longo percorrido que garantan a seguridade, o desenvolvemento económico e a igualdade territorial. A mobilización chegou tamén a Cervo, onde o concelleiro do BNG David Villares colocou unha faixa na entrada de San Cibrao para denunciar que o municipio leva décadas entre anuncios que nunca se concretan.

“As iniciativas ofrecen ferramentas e reforzan a comunidade”

Agromuralla fai 10 anos e conta cunha nova presidenta, Noelia Rodríguez, despois de 4 anos de lexislatura de Jose Luis Pérez Barreiro

Agromuralla naceu dunha situación límite. Corría o ano 2015 cando o sector lácteo atravesaba unha das súas etapas máis duras. O prezo do leite apenas chegaba aos 28 céntimos, unha cifra que non cubría nin de lonxe uns custos de produción que superaban os 40 céntimos. Era unha ecuación imposible, unha realidade que afogaba ás explotacións e que empurrou aos gandeiros a tomar as rúas de Lugo. As primeiras mobilizacións deron a volta á Muralla, convocadas polos sindicatos, pero estes, dependentes das subvencións públicas, decidiron dar por rematadas as protestas antes de que se atopase unha solución. Foi nese momento cando un grupo de gandeiros, encabezados por Roberto, decidiu non parar ata que a Administración escoitase. “Aquel foi un momento histórico, porque nunca se fixera algo así, e estivemos dous meses coa Muralla rodeada de tractores”, lembra o presidente de Agromuralla, que considera aquel episodio como a chispa fundacional da asociación.

O movemento nacía xa cunha idea moi clara: defender os intereses dos gandeiros sen ataduras políticas nin dependencias institucionais. “Os sindicatos levantan a voz cando precisan fondos, pero cando lles chegan as axudas, calan. Nós non funcionamos así”, explica José Luis Pérez Barreiro, que reivindica o carácter apolítico e independente dunha organización sustentada coas cotas dos seus socios. Esa liberdade, di, é a que lles permite manter unha postura firme e constante fronte ás administracións.

A realidade do sector cambiou desde aquela. O prezo do leite ascendeu ata os 52 céntimos, practicamente o dobre que hai unha década, unha mellora que, con todo, non elimina certas desigualdades que continúan marcando o día a día das explotacións. Nos últimos contratos asinados, a distancia entre o que perciben as granxas máis grandes e as de menor tamaño chegou a superar os 9 céntimos, unha fenda que a asociación leva anos denunciando. “Non só reclamamos prezos xustos; tratamos de defender calquera cuestión que afecte ao sector”, insiste o presidente de Agromuralla, que pon o foco tamén no impacto das novas normativas europeas, deseñadas desde despachos afastados da realidade rural. “Levámolles tempo dicindo que moitas das medidas que aproban non teñen sentido cando se aplican sobre o terreo”, matiza Pérez Barreiro.

O LABOR DE AGROMURALLA. A actividade da entidade ampliouse durante os últimos catro anos, consolidándose como un referente organizativo e formativo. Dende as súas primeiras etapas impulsaron viaxes a Holanda ou Navarra para coñecer outras formas de traballar e o funcionamento doutras asociacións. Tamén promoveron xornadas sobre cuestións de actualidade, como a enfermidade hemorráxica epizootica ou os cambios na PAC durante o proceso de reforma. Cada iniciativa, apunta o presidente, “busca ofrecer ferramentas útiles aos profesionais do sector e reforzar unha comuni-

dade que aprende e evoluciona de maneira colectiva”.

Agromuralla tamén está presente nos momentos máis difíciles, especialmente en situacións de emerxencia, como os incendios que devastaron zonas de Cervantes e Ourense. A organización coordinou envíos de forraxe e puxo á disposición dos afectados un número de conta para recadar fondos. “Hai que agradecer aos camioneiros o esforzo, porque moitos fixeron rutas sen cobrar nada”, destaca Pérez Barreiro.

O presidente de Agromuralla explica que a área de actuación da asociación abarca toda a provincia de Lugo, así como partes de Ourense e A Coruña. “Temos algo máis de 400 socios do sector primario e estamos incluso a valorar incluír ao sector do viño, porque canto máis grande es, máis poder de negociación tes fronte á Administración”, sinala. Ademais, a presenza de Agromuralla no Observatorio Lácteo constitúe, segundo Pérez Barreiro, un “importante logro” para garantir que a voz dos gandeiros sexa escoitada.

A situación actual do sector é complexa, mais José Luis Pérez Barreiro mostra unha visión optimista. “Aínda que as políticas que se están a aplicar ultimamente non son as máis adecuadas, eu vexo futuro no sector porque é algo que me gusta”, explica. Pero lembra a situación que afrontan os produtores galegos: “Está moi ben coidar o medio ambiente, pero terceiros países introducen produtos no noso mercado sen as mesmas garantías sanitarias que



nos esixen desde a Agenda 2030, co cal competimos en total desvantaxe. O que se importa de fóra destrúese aquí, porque moitos agricultores pechan as súas explotacións ao non poder cumprir normativas que son case imposibles, sobre todo en equipos sanitarios ou benestar animal”.

Ademais, Pérez Barreiro subliña outro problema estrutural: o envellecemento do sector e a dificultade do relevo xeracional. “Non podes asumir que un fillo vai continuar o teu traballo, porque pode non lle gustar, como pasa en todos os sectores, pero aquí, cando pechas unha explotación gandeira, non abre outra, porque non hai beneficio e require moita inversión, é un risco grande. Ademais, tes animais, hai que muxir todos os días, e atopar man de obra tamén é complicado. A xente tamén ten unha mentalidade que fai difícil atopar persoal. Non é un traballo que te esgote, pero tes que ser organizado e tratar ben á xente”. Respecto ás necesidades do sector, Agromuralla mantén unha posición firme sobre as subvencións. “Preferimos non depender

delas. Entendo as axudas en casos extraordinarios, pero se se manteñen no tempo o único que se consegue é desvirtuar o sector. Quero que os nosos produtos teñan un prezo totalmente xusto, de acordo cos custos de produción.”, afirma o presidente de Agromuralla. Ademais, critica a falta de representación das asociacións nos órganos de decisión: “En Galicia o Consello Agrario leva uns vinte anos sen elección, cos tres sindicatos que deciden un pouco as cousas. Nós temos o 10 % dos socios das 5.000 granxas de leite galegas e non temos representación”.

Mirando ao futuro, a asociación mantén a ambición de seguir medrando e fortalecéndose. “Queremos continuar porque cando estás nun proxecto e ves que pouco a pouco vas gañando camiño, sentes que estás na liña correcta. No último ano aumentamos o número de socios e agora o reto é entrar nos foros de debate da Administración onde se decide o noso futuro, para expoñer as cousas dende o punto de vista do produtor, non desde un despacho”, conclúe José Luis Pérez Barreiro.

¿Te interesa el mundo del cuidado personal y el bienestar?

nahrin
Productos naturales de calidad suiza desde 1954

¿TE GUSTARÍA DISTRIBUIR NUESTROS PRODUCTOS NATURALES PARA LA SALUD?

TE OFRECEMOS

- Flexibilidad laboral y emprendimiento desde casa.
- Formación continuada.
- Programa de incentivos y comisiones atractivas.

Polígono Industrial Cortaficio, Calle B, Nave 4A. 33740 Tapia de Casariego.
Tel.: 619 173 496 - www.nahrin.es

ACADEMIA

A Mariña

**MANIPULADOR DE ALIMENTOS
APLICADOR FITOSANITARIOS
BIENESTAR ANIMAL
PROTOCOLOS DE ACOSO
PRERREQUISITOS -APPCC
PROTECCIÓN DE DATOS
FORMACIÓN BONIFICADA**

formacion@amarina.org - Tf.: 982 585 098

NOVAS

burela

Burela reivindicou o seu Orgullo Mariñeiro



Burela celebrou a terceira edición do Día do Orgullo Mariñeiro, unha cita xa consolidada que volveu poñer en valor a identidade marítima da vila e o papel fundamental das persoas vinculadas ao mar. A iniciativa, impulsada pola Fundación Expomar co apoio do Concello, da Consellería do Mar e do FEMPA, desenvolveuse en distintos espazos educativos, culturais e públicos do municipio.

A xornada comezou coa actividade Orgullo Mariñeiro nas Escolas, na que se repartiron máis de mil racións de pota da lonxa de Burela en comedores de centros públicos de toda A Mariña, incluíndo tamén

entidades sociais de Burela e Cervo. Esta acción buscou achegar o produto local á mocidade e reforzar o coñecemento do sector pesqueiro. Pola tarde, a Casa da Cultura acolleu a mesa de diálogo A Muller e o Mar, na que profesionais de diferentes ámbitos marítimos analizaron os retos do sector desde unha perspectiva feminina, reclamando máis formación, apoio institucional e visibilidade. O acto pechouse cunha degustación popular de produtos do mar na Praza da Mariña e actuacións musicais, reafirmando o compromiso de Burela coa cultura mariñeira como sinal de identidade e motor económico da comarca.

A mocidade crea un novo himno para a vila nun obradoiro con Nuno Pico



A mocidade de Burela amosa a súa creatividade a través do obradoiro de produción musical da Casa da Xuventude, no que están a preparar un novo himno para a vila. O proxecto, guiado polo artista local Nuno Pico, integrante da banda galega Grande Amore, busca transformar a canción nun símbolo musical do municipio e ofrecer á rapazada formación práctica en composición, arranxos e traballo co son.

A última sesión, celebrada o 30 de decembro, estivo centrada na creación desta nova peza, na que o alumnado puido aplicar os coñecementos adquiridos e recibir asesoramento

directo dun profesional con ampla experiencia nos escenarios galegos e nacionais. A iniciativa, promovida pola Concellería de Xuventude, persigue ofrecer espazos formativos e creativos periódicos para as novas xeracións, promovendo a súa implicación e desenvolvemento artístico. O tenente de alcaldesa e concelleiro de Xuventude e Educación, Mario Pillado, destacou a relevancia de contar con referentes locais e agradeceu a dedicación de Nuno Pico. Desde o Concello confían en que o himno final sexa representativo da vila e, sobre todo, unha experiencia enriquecedora para todos.

Osa do Mar anuncia as primeiras confirmacións e fixa as datas

O festival Osa do Mar regresará a Burela os días 4, 5 e 6 de setembro de 2026 cunha nova edición que comeza xa a coller forma tras facerse públicas as primeiras confirmacións do seu cartel. A cita musical, xa consolidada no calendario cultural galego, volve apostar por unha programación diversa e cun marcado carácter propio, combinando propostas recoñecidas con proxectos emerxentes.

Entre os primeiros nomes anunciados figura Depedro, un dos artistas máis destacados do panorama estatal, coñecido pola súa capacidade para conectar co público a través dun son persoal e recoñecible. Xunto a el estarán tamén West SRK e XMaseda65, dous proxectos que reforzan a variedade estilística dunha programación pensada para públicos moi diferentes.

O cartel complétase, nesta primeira avanzada, con Éxtasis, unha formación da que desde a organización destacan que se trata de “tres amigos da gardería que seguro que o petarán no 2026”, subliñando así o seu carácter fresco e a proxección que se lle augura. Tamén se suma Juventude, definidos polos responsables do festival como os “reis do groove, os sevillanos que non vos podedes per-



der”, unha aposta clara polo ritmo e a enerxía sobre o escenario.

Ademais destas primeiras confirmacións, o festival anunciou tamén a presenza de La Milagrosa, unha das propostas máis irreverentes do panorama actual, que desde a organización aseguran que “porán a Praza do Concello de Burela patas arriba” coa súa posta en escena directa e sen concesións. Súmase igualmente Gara Durán, artista multidisciplinar que destaca como cantante, compositora, produtora e pianista, e que alcanzará ao Osa do Mar unha pro-

posta persoal e cargada de identidade, ampliando aínda máis a diversidade sonora desta edición de 2026. Entre as novas confirmacións atópase Sobrezero, definidos pola organización como “unha das bandas revelación do 2026”, un proxecto que chega avalado polo seu crecemento nos últimos meses e pola súa capacidade para conectar co público en directo.

Tamén se suma Señora DJ, que será a encargada de pechar unha das noites do festival cun set pensado para manter o ambiente festivo ata o final, así como Rata, un dúo que promete converter a Praza do Concello nunha pista de baile co seu son directo e desenfadado.

Xunto aos primeiros anuncios musicais, Osa do Mar presentou tamén a nova ilustración e imaxe oficial do festival para 2026, que un ano máis leva a sinatura do artista Héctor Manasé. A súa creación volve converterse nun dos sinais de identidade do evento, reforzando a conexión entre música, arte e territorio que caracteriza ao festival burelés.

Desde a organización avanza que este é só o comezo dun cartel que se irá completando nos próximos meses.

Portos completa a nova rede de saneamento do peirao norte

Portos de Galicia, organismo dependente da Consellería do Mar, vén de dar por finalizadas nos últimos días as obras de implantación da nova rede de saneamento no peirao norte do porto de Burela. Esta actuación contou cun investimento total de 48.000 euros e supón un avance significativo na mellora das infraestruturas portuarias.

Os traballos desenvolvidos permitiron a conexión de todos os usuarios desta zona do porto ao colector xeral que está a executar Augas de Galicia, co obxectivo de completar o servizo integral de saneamento nas instalacións portuarias. En total, realizáronse arredor de 25 novas conexións, que inclúen os 18 departamentos de armadores, a nave da confraría de pescadores, a nave de redes, os departamentos de distintos usuarios e o surtidor de combustible.



Con esta intervención, Portos de Galicia culmina a integración na rede de saneamento de todo o porto de Burela, xa que o peirao norte era o único espazo que aínda quedaba pendente de conectarse ao sistema xeral.

Por outra banda, o ente público tamén aprobou recentemente no porto de Burela unha concesión para a explotación dunha

actividade de cafetería, bar e restaurante. Trátase dunha ampliación da actividade existente no local anexo ao restaurante Amares, que permitirá comunicar ambos espazos unha vez completada a reforma do novo local. A concesión contará cun prazo inicial de vixencia de 15 anos, con opción a unha prórroga adicional de 7,5 anos.

Novas zonas azuis e actuacións urbanas reforzan a mobilidade

O Concello de Burela avanza nunha nova fase de mellora do espazo urbano coa posta en marcha de medidas destinadas a favorecer a mobilidade, a accesibilidade e a calidade de vida da veciñanza. Por unha banda, o goberno local implantará seis novas zonas azuis de estacionamento gratuito por tempo limitado, e por outra executará nas vindeiras semanas catro actuacións de mellora urbana cun investimento global de 131.264 euros con cargo a fondos municipais. No que respecta ao estacionamento, o Concello aposta por ampliar o sistema de aparcadoiro de rotación que xa funciona na avenida Arcadio Pardiñas, onde a experiencia tivo unha acollida positiva. As novas prazas estarán reguladas como zonas azuis gratuítas cun límite máximo de 60 minutos, de luns a venres entre as 9.00 e as 20.00 horas, agás festivos. Fóra dese horario, funcionarán como estacionamento ordinario sen restricións.

As actuacións repartiránse por distintos puntos do casco urbano. Na rúa Rosalía de Castro habilitaránse dez prazas, cinco no primeiro tramo preto da panadería e outras cinco no segundo tramo, fronte á Casa do Mar. Na rúa Eijo Garay crearase unha nova zona diante da Praza do Concello, unha vez superado o espazo reservado para carga e descarga, mentres que na rúa Pardo Bazán as prazas situaranse a continuación do cruce con Curros Enríquez. Ademais, ampliarase o número de prazas na avenida Arcadio Pardiñas, con cinco novas despois do cruce da igrexa e



outras cinco na zona de O Campón, reforzando así a dispoñibilidade de estacionamento de rotación nunha das vías máis concorridas da vila. O proxecto complétase coa creación dun novo espazo do tipo Binca e Arrinca, pensado para paradas moi breves. Este punto localizarase fronte á Casa do Mar, xunto ás novas prazas azuis, e facilitará especialmente o acceso das persoas usuarias do Centro de Atención Temperá situado nese edificio.

OUTRAS OBRAS. Paralelamente, o Concello de Burela executará catro actuacións de mellora urbana incluídas na súa estratexia de crear unha vila máis amable, con menos protagonismo do vehículo e máis espazos pensados para as persoas. Unha das intervencións inmediatas será o acondicionamento dun solar municipal en Vilar, que se converterá nunha zona verde con miradoiro. Cun orzamento próximo aos 25.000 euros, a actuación inclúe a limpeza do terreo, a creación dun acceso, a plantación de arborado e a instalación de mobi-

liario urbano. Outra das obras previstas é a renovación integral do parque de O Campón, moi deteriorado polo uso e o paso do tempo. Cun investimento de 40.000 euros, substituirase o chan e os xogos infantís para garantir condicións de seguridade e calidade axeitadas para as familias. As melloras estenderanse tamén ao lateral da Praza do Concello, onde se creará unha nova zona de descanso con sombra tras a retirada de árbores en 2024 por motivos de seguridade. A actuación, cun custo de 46.486 euros, inclúe a plantación de novas especies, a execución dun firme con adoquíns, mobiliario urbano e xogos de mesa.

Por último, intervívase no cruzamento das rúas Eijo Garay e Celso Emilio Ferreiro, ampliando beirarrúas e reducindo o paso de peóns para mellorar a seguridade viaria, cun orzamento de 19.778 euros. Con este conxunto de medidas, Burela continúa transformando o seu espazo público nun entorno máis accesible, sostible e pensado para o uso cotián da veciñanza.

A Comunidade de Montes denuncia un novo vertedoiro ilegal

A Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Burela amosou a súa indignación pola aparición dun novo vertedoiro incontrolado nas proximidades da caseta que utiliza Retegal como centro de radiodifusión no Monte Vilar. O colectivo considera os feitos un grave atentado ambiental e amosa a súa preocupación pola reiteración deste tipo de comportamentos incívicos nun espazo natural de uso compartido. Segundo lembra a entidade, non se trata dun feito puntual. No ano 2023 xa foi necesario retirar un vertedoiro similar coa colaboración do Servizo de Recollida de Lixo do Concello de Burela, e no pasado 2025 a propia Comunidade de Montes asumiu de novo tarefas de limpeza na mesma zona, o que evidencia a persistencia do problema.



A asociación recoñece que a parcela afectada pertence aos montes veciñais, pero subliña que se trata dun espazo aberto e accesible, frecuentado habitualmente por sendeiristas, ciclistas de montaña, afeccionados á micoloxía e veciños que fan un uso responsable do monte. Neste sentido, reiteran que nunca se opuxeron ao aproveitamento so-

cial destes espazos naturais. Con todo, a reiteración dos vertidos está a levar ao colectivo a valorar medidas máis restritivas, como o peche de pistas e accesos, unha decisión que prexudicaría á maioría da veciñanza. Ademais, anunciaron que trasladarán os feitos ao Sepro na para identificar ás persoas responsables.

A Semana Santa 2026 busca cartel anunciador

Vénse de abrir o prazo para participar no Concurso de Carteis da XXVIII Semana Santa, unha convocatoria que busca seleccionar a imaxe que anunciará a celebración relixiosa no ano 2026. O certame preséntase como unha oportunidade para artistas e persoas creativas de contribuír visualmente a unha tradición profundamente arraigada na vila.

Baixo o lema “Ide e anunciade”, o concurso convida a reinterpretar a fe, a tradición e a identidade da Semana Santa burelá a través da arte. As persoas participantes poderán presentar ata tres obras, realizadas con técnica libre —fotografía, pintura ou debuxo—, sempre en formato A4 vertical, tal e como establecen as bases da convocatoria.

O prazo límite para a entrega dos traballos remata o 31 de xaneiro de 2026. A obra gañadora recibirá un premio de 150 euros e diploma, ademais de converterse no cartel oficial da Semana Santa de Burela 2026, pasando



así a formar parte da imaxe pública dun evento de gran relevancia cultural e social.

Desde a organización animan á participación, destacando que o concurso non só premia a creatividade, senón que tamén permite formar parte activa da difusión dunha celebración que combina devoción, patrimonio e identidade colectiva. As bases completas poden consultarse a través do perfil oficial de Instagram @semana_santa_burela.

Burela acollerá o espectáculo musical ‘Las Guerreras K-Pop’

A Casa da Cultura converterase o vindeiro 30 de marzo de 2026 nun escenario vibrante coa chegada de Las Guerreras K-Pop, un espectáculo musical que se presenta por primeira vez na localidade e que promete sorprenden ao público de todas as idades. A función dará comezo ás 17.00 horas e as entradas estarán dispoñibles desde 24,20 euros. O

show propón moito máis ca un concerto ou un tributo convencional. Trátase dun musical inspirado no universo do K-Pop no que a música, a danza e a posta en escena se mesturan cunha historia cargada de fantasía. O espectáculo preséntase como unha intensa loita de bandas, chea de enerxía e referencias aos grupos máis populares do K-Pop.

la Tienda
la de casa, la de toda la vida...

Mondoñedo: Avda. Buenos Aires, 7 - 982 521 077
 Ferreira de Valadouro: Cayado, 8 - 982 574 460
 Abadín: Avenida de Galicia, 10 - 982 508 111
 Muras: Pza. da Galeguidades, 11 - 982 500 027
 Muimenta: Avda. de Villalba, 38 - 982 504 080
 O Corgo: San Cristobal de Chamoso, 29 - 982 302 198
 Baralla: Evaristo Calderón, 85 - 982 363 049

As farmacias focegas deixan de atender durante a noite

O municipio de Foz sufriu un cambio significativo na prestación do servizo farmacéutico de garda a partir do 1 de xaneiro de 2026. Segundo se informou oficialmente, desde esa data deixan de existir farmacias de garda nocturnas na localidade, polo que a atención farmacéutica durante a noite pasará a centralizarse nas farmacias de garda de Burela.

Tal e como se recolle no aviso feito público, a partir das 22.00 horas as urxencias médicas serán atendidas no Punto de Atención Continuada (PAC) e no Hospital de Burela. Do mesmo xeito, as necesidades farmacéuticas que se produzan en horario nocturno deberán resolverse nas oficinas de farmacia que estean de garda no concello burelense. Non obstante, Foz continuará contando cun servizo de gardas diúrnas de farmacia de luns

a domingo, cun horario ininterrompido que se estenderá desde as 9.30 ata as 22.00 horas, garantindo así a cobertura asistencial durante boa parte do día.

Ademais, co obxectivo de responder a unha demanda asistencial extraordinaria vinculada ao incremento de poboación nos meses de verán, estableceuse un reforzo estival nocturno nas oficinas de farmacia de Foz. Este dispositivo especial estará operativo entre o 15 de xuño e o 15 de setembro.

Desde a organización lembran que este sistema de gardas se axusta ao establecido no artigo 29 da Lei 3/2019, do 2 de xullo, de Ordenación Farmacéutica de Galicia, así como ao Decreto 228/2022, do 29 de decembro, que regula a planificación destes servizos.

A innovación e o talento do café sitúan a Foz no mapa internacional

O IES de Foz continúa reforzando a súa aposta pola modernización educativa coa creación dunha Aula Tecnolóxica de Tostado de Café, inaugurada polo conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Román Rodríguez. O espazo, que entrará en funcionamento en marzo, contou cun investimento de 55.000 euros da Xunta de Galicia e está equipado con maquinaria profesional que permite ao alumnado experimentar todo o proceso do café, desde o gran verde ata a cata final. Rodríguez destacou que esta instalación “permite formar profesionais preparados para responder ás demandas reais do mercado laboral” e reproducir escenarios equivalentes aos centros de traballo. A nova aula intégrase na rede de tecnoloxía aplicada da Formación Profesional, que en Galicia conta con 115 espazos de innovación e recibe nos últimos catro anos un investimento de 6,3 millóns de euros.



A estas iniciativas formativas súmase a celebración, do 25 ao 27 de febreiro de 2026, do XVIII Campionato Internacional de Baristas e do XIII Campionato Internacional de Cata de Cafés, que terá lugar nas instalacións do IES. O evento reunirá estudantes e profesionais de escolas de hostalería de distintos países, que competirán en probas técnicas de preparación e degustación de café. Ademais da vertente competitiva, o encontro inclúe obradoiros, catas guiadas e exhibicións abertas ao público, promovendo a cultura do café e consolidando Foz como referente internacional nesta materia, ao atraer visitantes, expertos e amantes da bebida á comarca da Mariña.

Novas datas para renovar o DNI e o pasaporte no Cenima



O Concello de Foz volverá contar nas vindeiras semanas coa presenza da unidade móbil da Policía Nacional para a expedición e renovación do DNI e do pasaporte. Trátase do vehículo VIDOC, un servizo itinerante que permite realizar estes trámites en municipios que non dispoñen de comisaría fixa, evitando desprazamentos a outras localidades.

As xestións levaranse a cabo diante do edificio do Cenima, na Avenida da Ribeira, os días 13 e 27 de xaneiro e o 3 de febreiro. No caso da primeira data, xa non quedan citas dispoñibles, mentres que para o 27 de xaneiro e o 3 de febreiro aínda é posible reservar quenda.

A solicitude de cita previa pode realizarse chamando ao teléfono 982 140 027 ou de maneira presencial no Concello de Foz. Desde a organización lémbrese que é imprescindible acudir coa cantidade exacta en efectivo para aboar as taxas correspondentes. O custo da renovación do DNI por caducidade, extravío, subtracción, deterioro ou anticipo é de 12 euros. Pola contra, a renovación co documento en vigor por cambio de datos persoais ou domicilio, así como para persoas pertencentes a familias numerosas, é gratuíta. No caso do pasaporte, a taxa establecida é de 30 euros, tamén en efectivo.

O Concello forma ao persoal do SAF en seguridade e ergonomía

O Concello, a través da súa Delegación de Servizos Sociais e en colaboración co Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA), vén de desenvolver varios cursos presenciais de Prevención de Riscos Laborais dirixidos ás auxiliares que traballan na axuda a domicilio e na atención directa a persoas en situación de dependencia. A iniciativa enmárcase na aposta municipal por mellorar a formación e as condicións de seguridade dun servizo esencial para a veciñanza.

A concelleira de Servizos Sociais, Ana Rojo, explica que se trata de talleres teórico-prácticos orientados á prevención de riscos laborais de carácter psicofísico, químico e biolóxico. A formación está dirixida a todas as profesionais do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), tanto do persoal municipal como das auxiliares de libre concorrencia, que desenvolven o seu labor nos domicilios das persoas usuarias.

Segundo Rojo, o feito de traballar nun fogar pode xerar a percepción errónea de que non existen riscos laborais, cando a realidade demostra todo o contrario. As tarefas diarias implican exposición a riscos químicos



cos e biolóxicos, asociados á posible transmisión de enfermidades causadas por bacterias, virus ou fungos, así como unha importante carga física e mental derivada da mobilización de persoas dependentes. Os cursos tamén inciden na formación en criterios ergonómicos e en técnicas seguras de intervención, co obxectivo de protexer tanto ás persoas atendidas como ás propias profesionais. O coidado de persoas dependentes require, segundo subliña a concelleira, un alto nivel de esixencia e unha forte implicación persoal, polo que resulta fundamental contar

con coñecementos e recursos axeitados que contribúan a preservar a saúde física e mental das auxiliares. Desde o Concello de Foz destacan a valía e o compromiso destas profesionais, maioritariamente mulleres, que atenden a diario a persoas maiores ou con mobilidade reducida. Ana Rojo agradeceu ao ISSGA da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a súa colaboración para facer posible esta formación presencial, que foi totalmente gratuíta e que inclúe a entrega das correspondentes titulacións a todas as participantes.

“Os nosos timóns convertéronse no prato estrela do restaurante”

Luis lidera A Farola, un restaurante que nace da súa experiencia e aposta por unha cociña galega e asturiana próxima e de temporada

Como naceu A Farola?

A Farola xorde dunha maneira moi natural. Levamos toda a vida vencellados á hostalaría, tanto eu como a miña muller, e a idea foi medrando pouco a pouco. Falando coa miña cuñada, que tamén leva toda a vida traballando como cociñeira, empezamos a darlle voltas á posibilidade de montar algo propio. O que comezou como unha conversa informal acabou converténdose nun proxecto real, e finalmente abrimos A Farola o 19 de xuño de 2025. Apostamos por Foz porque é un lugar que coñecemos ben, cunha gran vida social e cun atractivo especial tanto para a xente da vila como para quen vén de fóra.

Que define a vosa identidade e a experiencia que ofrecen?

A identidade de A Farola baséase nunha cociña caseira, próxima e sen artificios. Somos un restaurante de comida tradicional galega e asturiana, cunha proposta sinxela pero coitada. Buscamos que a xente se sinta

cómoda, como na casa, e que veña a desfrutar dunha comida ben feita e a un prezo accesible.

Que destacaría das instalacións e do espazo do restaurante?

O local é acolledor e funcional, pensado para que os clientes estean a gusto tanto se veñen a comer tranquilamente como se pasan só a tapear. Non é un espazo excesivamente grande, pero está ben aproveitado e permite crear un ambiente próximo e familiar.

Que importancia ten a localización do local?

A localización é un dos nosos grandes puntos fortes. Estamos nun lugar privilexiado e iso fai que a experiencia sexa aínda mellor e tamén atrae moita xente, especialmente propietarios de segundas vivendas no verán, visitantes e turistas que buscan comer ben nunha contorna agradable.

Que proposta gastronómica atopan os clientes?

Non traballamos con menú do día,

senón cunha carta pequena e moi definida. Temos pratos combinados moi completos e alcanzables, pensados tamén para traballadores, como cachopo con patacas e ensalada ou ovos con zorza. Ademais, ofrecemos racións e medias racións para compartir, ideais para tapear.

Que peso ten o produto local e de tempada na vosa cociña?

O produto tradicional e de tempada é fundamental. Adaptamos a carta segundo a época do ano e apostamos polos pratos de culler cando chega o frío. Agora mesmo, por exemplo, estamos coas xornadas do cocido durante as fins de semana, e tamén ofrecemos fabada asturiana e outros pratos típicos.

Hai algún prato que se identifique especialmente con A Farola?

Si, sen dúbida. Un dos sinais de identidade de A Farola son os chamados timóns, unha proposta moi característica da casa. Trátase de pratos especiais de madeira, deseñados para xirar e colocarse no centro da mesa,



elaborados expresamente para nós polo noso carpinteiro de confianza. Hai timóns de cazolas, de frituras e tamén de cachopos pequenos, están pensados para compartir entre dúas ou tres persoas, e o de cahopos é o máis solicitado polos clientes e converteuse nun dos pratos estrela do restaurante.

Organizan eventos, celebracións ou comidas de empresa?

Si, organizamos comidas de empresa, celebracións familiares e pequenos eventos. Temos capacidade para unhas corenta persoas, o que permite facer encontros como aniversarios, xuntanzas de amigos ou mesmo vodas de ouro, como xa fixemos nalguna ocasión.

Cales son os mellores momentos para visitar A Farola?

Abrimos tanto ao mediodía como pola noite. Pechamos os luns e os domingos pola noite, agás cando é festivo. Calquera momento é bo para achegarse, xa sexa para tapear antes de comer ou para desfrutar dunha comida máis tranquila.

Que retos ou proxectos de futuro teñen para o restaurante?

O principal reto agora mesmo é consolidarnos e manter o nivel. Temos moitas ideas e queremos seguir innovando pouco a pouco, incorporando novas propostas e mellorando día a día, sempre sen perder a esencia da nosa cociña tradicional galega e asturiana.

Javier Castiñeira dá un paso ao lado tras máis de 15 anos liderando o PP de Foz

Javier Castiñeira anunciou durante a xuntanza de Nadal do Partido Popular de Foz que dará un paso ao lado como candidato á Alcaldía, tras máis de 15 anos e catro candidaturas, apostando por unha renovación do proxecto político local. Asegurou que seguirá traballando como presidente local e voceiro municipal, defendendo os intereses da veciñanza.

O acto, celebrado o 30 de decembro, contou coa presenza de cargos destacados do partido, como a presidenta provincial Elena Candia, o senador José Manuel Balseiro, o delegado da Xunta en Lugo Javier Arias e o portavoz provincial Antonio Ameijide.

Durante a reunión, o PP realizou un balance positivo de dous terzos de lexislatura, destacando a súa oposición firme fronte a un goberno local “sen rumbo” tras a ruptura do bipartito e o PSOE gobernando en solitario. Recordouse que proxectos como a depuradora de Foz avanza grazas á Xunta e á tramitación do anterior goberno popular.

O partido xa iniciou a busca dun novo candidato e da futura lista municipal. Elena Candia destacou a unidade e dedicación do grupo, e a importancia de recuperar o goberno de Foz cun proxecto renovado.

Os Sendeiros presenta un amplo calendario de actividades para 2026

O Club de Montañismo Os Sendeiros de Foz presentou o seu calendario oficial de actividades para o ano 2026, unha programación ampla que se estenderá de xaneiro a decembro e que combina sendeirismo, montaña, rutas costeiras, encontros tradicionais e actividades especiais en distintos puntos de Galicia e doutras comunidades autónomas.

O calendario arrincará en xaneiro cunha saída a Reis (Barreiros) o día 4 e unha ruta polos Muíños de Abadín o día 25. En febreiro, o club desprazárase ata Asturias para realizar a ruta do Cabo de Vidio e a Praia do Silencio o día 15, mentres que o día 21 terá lugar un cocido de convivencia.

No mes de marzo, a actividade levará aos participantes ata Ayer, o día 8. Abril incluírá dúas citas destacadas: o Día do Sendeirista en Asturias, o día 12, e unha ascensión ao Pico Pienzu, o día 26. En maio celebrarase o Día do Sendeirista en Galicia o día 17, seguido dunha ruta pola

Pontenova o día 23.

Xa en xuño, o calendario contempla unha ruta pola costa navega o día 14 e unha saída de varios días á Ruta do Mulhacén, en Granada, entre o 24 e o 28. Xullo chegará con propostas como a Andaina Cancro, o día 4, a actividade de sábados de verán, o día 25, e a tradicional baixada en piraguas polo Sella, o día 26.

Durante o mes de agosto manteranse os sábados de verán os días 8 e 22, ademais dunha ruta nocturna o día 15. Setembro contará coa participación no encontro de Veteráns de Galicia, o día 20, e no encontro estatal de Veteráns da FEDME en Bolea (Huesca), o día 26.

En outubro, Os Sendeiros de Foz realizarán a ruta do Camiño Vello de Aldosende a Portomarin o día 4. Novembro incluírá a Ruta Carlos V en Tazones, o día 22, mentres que o calendario pecharase en decembro cunha saída a Roncodoira-Celeiro o día 8 e a tradicional visita ao Belén de Cumes, o día 13.

A UNED organiza unha ruta para descubrir as aves invernantes

A UNED de Foz organiza o 14 de xaneiro de 2026, ás 16.00 horas, o Roteiro Interpretativo Aves Invernantes, unha actividade gratuíta. O percorrido, guiado por Pedro Rolle, especialista en biodiversidade, percorrerá uns tres quilómetros dende a entrada de Foz ata Vilaxoane, zona ideal para observar aves que chegan

do norte de Europa no inverno. A actividade, de dúas horas e baixa dificultade, combina aprendizaxe e sensibilización ambiental, permitindo identificar especies locais e fomentar o contacto coa natureza. Para máis información e inscrición en foz@lugo.uned.es ou nos teléfonos 982 133 699 e 604 034 549.



Loureiro reivindica o legado do PSOE nas festas de Nadal da vila

Viveiro celebrou o Nadal cunha espectacular inauguración do Belén e do alumeado festivo, que marcaron o inicio dunha das épocas máis visitadas e luminosas da cidade. A portavoz socialista, María Loureiro, destacou que o éxito destas festas era froito do traballo realizado polo goberno do PSOE durante a súa lexislatura.

Segundo Loureiro, o Belén, hoxe un dos principais atractivos turísticos do Nadal viveirense, estivera en risco de desaparecer durante varios anos, pero foi recuperado en 2014 polo executivo socialista con "ilusión, responsabilidade e profundo respecto polo patrimonio". Desde entón consolidouse como motor para o comercio e a hostalaría locais. O alumeado de Nadal tamén mellorouse significativamente durante esas campañas, ampliando e adquirindo iluminación para o casco histórico, co obxectivo de ofrecer



un Nadal atractivo e coidado. Loureiro insistiu en que estas iniciativas non eran froito de novidades puntuais, senón dunha planificación sostida no tempo que permitiu consolidar tradicións e dinamizar a cidade.

A socialista subliñou que a memoria histórica non é confrontación, senón recoñecer o traballo previo, e lembrou que todo o que Viveiro desfrutou aquel Nadal —Belén, alumeado e atractivo turístico— foi logrado grazas ao compromiso e á xestión do goberno do PSOE.

Aprobados os orzamentos de 2026 entre apoio e críticas

O Goberno local aprobou o orzamento municipal para 2026, que ascende a 15,1 millóns de euros, co apoio do grupo Por Viveiro. As contas céntranse no funcionamento ordinario do Concello, o mantemento dos servizos públicos e a estabilidade financeira. O maior capítulo de gasto corresponde ao persoal municipal, con 7,1 millóns de euros, seguido de gastos correntes por 6,5 millóns, transferencias e investimentos por máis de 100.000 euros, e unha amortización da débeda que supera os 557.000 euros. Nos ingresos, destacan as transferencias de outras administracións, que supoñen unha parte importante do financiamento municipal.

O tenente de alcaldesa e concelleiro de Economía, Martín Vale, destacou que estas son as segundas contas aprobadas nos nove meses de goberno tras a moción de censura e resaltou a inclusión dunha partida de 20.000 euros para a reparación do paseo da fachada marítima, xunto ao mantemento do diálogo co resto de grupos municipais.



Con todo, a aprobación xerou críticas entre os partidos da oposición. O Grupo Municipal Socialista denunciou a falta de transparencia, a convocatoria precipitada do pleno e a ausencia de emisión pública da sesión, cuestionando tamén a escasa planificación económica e a dependencia de fondos externos. Os socialistas alertan de reducións en taxas, prezos públicos e multas, así como do escaso investimento en proxectos novos, e votaron en contra. Do mesmo xeito, o BNG de Viveiro rexeitou as contas ao consideralas carentes de proxecto político e afastadas das necesi-

dades da veciñanza. Criticaron a ausencia de partidas fundamentais como abastecemento, saneamento, reforma da Praza de Abastos, políticas de captación empresarial ou os máis de 370.000 euros comprometidos para o Conservatorio. Ademais, cuestionaron a continuidade de subvencións nominativas sen concorrencia e o uso ineficiente de fondos públicos.

A polémica, máis alá dos números, sitúa o debate sobre o orzamento entre a necesidade de estabilidade financeira e a demanda de transparencia, planificación e proxecto político no Concello de Viveiro para 2026.

A Comisión de Festas da Xunqueira sortea dúas cestas

A Comisión de Festas da Xunqueira puxo en marcha unha nova iniciativa solidaria coa organización do sorteo de dúas cestas especiais coincidindo co San Valentín e co Antroido, unha proposta coa que se busca recadar fondos para a celebración das festas do ano 2026 e, ao mesmo tempo, ofrecer atractivos premios á veciñanza.

Por un prezo único de cinco euros, cada papeleta permite participar nos dous sorteos, polo que unha mesma persoa pode resultar gañadora dunha das cestas ou mesmo das dúas. A primeira delas é a Cesta de San Valentín, valorada en máis de 400 euros, que inclúe todo o necesario para celebrar unha escapada romántica, con estancia en hotel incluída. O sorteo desta cesta realizarase o día 6 de febreiro de 2026, coincidindo co cupón diario da ONCE.

A segunda proposta é a Cesta de Antroido, cun valor superior aos 300 euros, pensada para gozar dunha celebración gastronómica tradicional. Inclúe todos os produtos necesarios para preparar e degustar un completo cocido, ademais do sobremesa. O



seu sorteo terá lugar o 11 de febreiro de 2026, tamén a través do cupón diario da ONCE.

As papeletas están á venda no Bar A Curva e no Supermercado TodoenUno, así como a través de calquera membro da Comisión de Festas, que facilitará a súa adquisición ao longo dos próximos días. Desde a organización animan á participación e lembran que cada colaboración contribúe directamente a facer posibles as festas da Xunqueira o vindeiro ano.

O BNG denuncia falta de solvencia no novo contrato enerxético da ESE

O Concello culminou a revisión da licitación da Empresa de Servizos Enerxéticos (ESE), o que supón un aforro anual de 296.196 euros e unha redución do gasto enerxético municipal de 1,55 millóns a 1,25 millóns de euros, con previsión de aforro acumulado de 4,4 millóns ao longo de quince anos. Ademais, a empresa adxudicataria asumirá investimentos directos por 4,53 millóns de euros, aos que se engaden actuacións financiadas coa baixa da licitación, estimadas en 1,1 millóns, que se destinarán a proxectos complementarios, mantemento do alumeado de Nadal e das festas. No seu conxunto, o aforro total para o Concello supera os 8,2 millóns de euros. Entre os proxectos previstos figuran actuacións no Casco Histórico e no Paseo Marítimo, mellora do alumeado en pasos de peóns, substitución de semáforos, instalación de grupos electrógenos e renovación de



caldeiras e iluminación nos campos de fútbol municipais.

Con todo, o BNG de Viveiro denunciou a decisión do goberno municipal do PP de rescindir o contrato coa empresa que redactaba os pregos orixinais, substituíndoa por outra vinculada a antigos cargos do PP, cuestionando a súa solvencia técnica no ámbito enerxético. A portavoz nacionalista, Iria Cotel, sinalou que os pregos presentados reproducen case

na súa totalidade o traballo elaborado durante o mandato do BNG, eliminando criterios de conciliación laboral e obrigando a pagar dúas veces por auditorías xa realizadas.

Os nacionalistas esixen explicacións públicas e a convocatoria dunha comisión informativa, alertando de que a intervención da nova empresa na futura adxudicación podería estar suxeita a xuízos de valor que benefician intereses alleos ao rigor técnico.

“Moitos detalles pasan en poucos segundos e tes que ter seguridade”

Virginia Fernández, a única xuíza internacional Brevet 4 da provincia de Lugo, eleva o nome de Viveiro no panorama da ximnasia rítmica

Por Ana Somoza.

A figura de Virginia Fernández, viveirense de longa traxectoria vinculada á ximnasia rítmica, acaba de acadar un dos recoñecementos máis esixentes que concede a Federación Internacional de Ximnasia. Converteuse na única xuíza internacional Brevet 4 da provincia de Lugo, un logro que, segundo recoñece ela mesma, non viviu como un mérito exclusivamente persoal, senón como unha responsabilidade compartida: “Non o sentín como algo que fose só meu, senón como unha oportunidade para seguir medrando e aportar un pouquiño máis á ximnasia lucense e galega”. O camiño cara a esta certificación, que poucos xuíces logran superar, non foi sinxelo. Virginia describe que, cando recibiu a noticia da súa selección para realizar o exame, en pleno mes de agosto, uníronse dúas emocións intensas: por unha parte a ledicia, por fin visible tras semanas de estudo constante; pola outra, a carga de responsabilidade que supuña representar á Federación Galega de Ximnasia. Afirmar que “eles confiaban plenamente en min e eu non sabía se isto podería facerse realidade”, e engade que o que lle quedou claro desde o primeiro momento é que o obxectivo era dar o mellor de si mesma, fose cal fose o resultado final.

ESTUDO ESIXENTE. A preparación para obter o nivel Brevet 4 é longa, técnica e moi meticulosa. Virginia non oculta que un dos maiores desafíos foi enfrontarse ao espesor teórico do Código de Puntuación: “Hai moita letra pequena e é imprescindible dominar tanto a difi-

cultade como o artístico e a execución, tanto en individual como en conxunto”. Lembra que a cantidade de vídeos que hai que puntuar é “infinita” e recoñece que, ao principio, todo aquilo “impón un pouco”. Con todo, asegura que a clave foi a constancia e a capacidade de aceptar que o control absoluto non existe. Confesa que para ela “o máis difícil foi asumir que non podía controlalo todo e que tiña que ir paso a paso”. Cada erro foi parte do proceso e cada avance, por pequeno que fose, un recordatorio de que o esforzo ía dando froitos.

XIMNASIA DESDE A INFANCIA. A historia de Virginia co deporte non comeza agora, nin sequera na súa etapa como xuíza. A súa relación coa rítmica remóntase á infancia, cando adestraba con Mari Carmen Chipe na antiga OJE. Anos máis tarde, a adestradora Rocío Serra ofreceulle a oportunidade de entrar no Clube Cabriola para traballar con nenas. Foi nese momento cando descubriu outro xeito de vivir o deporte, e recoñece que Rocío “foi quen me enchufou en vena este deporte”, unha aprendizaxe pola que di estar “enormemente agradecida”.

Ese camiño levou, tempo despois, á creación do Clube Ximnasia Viveiro, onde Virginia puido aplicar todo o aprendido ao longo de anos de dedicación. Co paso do tempo, decidiu deixar a faceta de adestradora para emprender o camiño da arbitrase, un ámbito que comezou “por curiosidade” e que acabou descubriendo como outra paixón máis. Desde 2010 conta coas diferentes titulacións autonómicas e nacionais, e actualmen-

te exerce como xuíza independente, o que lle permite colaborar con calquera club galego que solicite asesoramento técnico.

UN IMPACTO POSITIVO. Preguntada polo que pode supoñer este éxito para a comarca, Virginia móstrase prudente pero optimista. Afirmar que, se o seu logro serve para motivar a outras persoas a formarse ou a manter viva a chama da rítmica na zona, xa se dará por satisfeita. Lembra que, ano tras ano, son moitas as licenzas deportivas que se tramitan a nivel escolar e de promoción, o que revela que existe unha base sólida: “O que pediría para a comarca é que os clubs contasen con máis recursos e que se valorase o traballo das e dos adestradores, que son fundamentais no desenvolvemento do deporte base”.

A DIFICULTADE DE AVALIAR. As competicións de ximnasia esixen precisión, seguridade e capacidade de decisión inmediata. A normativa internacional cambia cada ciclo olímpico, e os xuíces deben reciclarse cada catro anos, repetindo o proceso de obtención da titulación. Virginia admite que manter todo actualizado é un desafío constante. Un dos aspectos máis complexos é a rapidez coa que se deben tomar decisións durante a competición. Detalles técnicos que pasan nun par de segundos e que poden condicionar a nota final. Ela mesma explica que “cando algo se nos escapa, porque somos persoas e cometemos erros, sempre debemos resolver a favor da ou do ximnasta”. Para ela, esta é unha regra ética imprescindible.



REFERENTES QUE INSPIRAN. Aínda que recoñece admiración por moitísimas persoas, non necesariamente polas máis mediáticas, Virginia destaca a importancia daqueles que, como ela, traballan en silencio. Cita a Elena Sierra e Sandra Estrada, xuízas galegas Brevet 3, de quen afirma que a inspiran pola ética, a profesionalidade e o respecto polo deporte. Tamén menciona compañeiras e compañeiros do ámbito nacional cos que comparte aprendizaxes e confianza, aínda que evita dar nomes: “Eles xa saben quen son”, comenta entre risas.

UNHA MENSAXE PARA AS NENAS. Virginia conserva unha visión moi clara sobre o que significa avanzar neste deporte, especialmente para as máis pequenas. Di que o importante é soñar en grande, pero sen esquecer o goce do proceso. Define a ximnasia como un deporte esixente pero marabilloso, onde o valor dunha boa compañía e dun bo equipo é imprescindible. Recordar que “o éxito non sempre é unha medalla”, senón tamén mellorar un pouco cada día, atreverse a probar cousas novas e manter a ilusión viva.

FUTURO. Aínda que xa alcanzou o nivel Brevet 4, Virginia non ten prisa por chegar máis arriba. Explica que agora o seu obxectivo é gañar experiencia en competicións, consolidar o aprendido e seguir mellorando. Se no futuro xorde a posibilidade de avanzar a outros niveis, será benvida, mais insiste en que quere facelo “con responsabilidade e humildade”. Antes de rematar, quixo deixar un agradecemento especial á Federación Galega de Ximnasia, que a fai sentir “como na casa” en cada competición. Tamén menciona a Óscar, Marina e Julián, que a apoiaron durante todo o proceso: “Aguantaron a presión que supuña enfrontarme a este reto”, di, subliñando a importancia do apoio emocional nas metas máis difíciles. Con esta nova certificación, Virginia Fernández non só eleva o nome de Viveiro e da provincia de Lugo no panorama internacional, senón que reforza a presenza galega nun dos deportes máis técnicos e apaixonantes. O seu exemplo fala de esforzo, de disciplina e, sobre todo, dun amor profundo pola ximnasia rítmica.

A rexeneración do Souto da Retorta arrancará neste trimestre

O Goberno galego prevé iniciar neste trimestre o proxecto de rexeneración do Souto da Retorta, en Viveiro, unha actuación destinada a recuperar a vitalidade dun dos espazos naturais máis emblemáticos do municipio. A conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez, confirmou que as obras comezarán no mes de xaneiro e se desenvolverán en dúas fases.

A intervención responde á necesidade de actuar nunha paraxe actualmente pechada ao público por motivos de seguridade, de-

bido ao deterioro dalgúns exemplares arbóreos. O obxectivo é compatibilizar a conservación ambiental coa protección das persoas visitantes, garantindo a sustentabilidade e a seguridade a longo prazo.

O Souto da Retorta conta con 270 eucaliptos e constitúe un importante atractivo turístico de Viveiro. O proxecto contempla a retirada das árbores máis danadas e a súa substitución por especies autóctonas, como ameneiros, apostando por un modelo forestal máis sostible que preserve o valor

natural e paisaxístico do enclave. O Avó, o eucalipto máis groso e emblemático do Souto, non se verá afectado pola actuación. Continuará recibindo coidados específicos para asegurar a súa conservación, seguindo liñas de intervención xa aplicadas, como a protección do seu contorno para evitar a compactación do chan e mellorar a estabilidade.

O acceso ao Souto foi pechado no verán de 2024 por seguridade. Co inicio das obras, ábrese unha nova etapa de recuperación progresiva ordenada.

O Concello solicita apoio da Deputación para acometer melloras no Teatro Pastor Díaz

O Concello trasladou á Vicepresidencia da Deputación de Lugo a memoria técnica “Obras de conservación e mantemento no Teatro Pastor Díaz de Viveiro – Lugo”, solicitando colaboración económica para executar actuacións urxentes neste emblemático espazo cultural. A documentación, remitida tras contactos recentes entre ambas administracións, recolle as intervencións necesarias para garantir a correcta conservación e mantemento das instalacións, permitindo o seu uso en condicións seguras e adecuadas. O teatro, referente cultural da cidade, acolle ao

longo do ano programación variada, tanto para a veciñanza como para colectivos e entidades culturais. O goberno local subliña que estas obras son prioritarias para preservar o bo estado do edificio, garantir a continuidade da actividade cultural e manter unha oferta estable e de calidade en Viveiro. A administración municipal queda agora á espera da resposta da Deputación de Lugo para avanzar coa execución dos traballos e asegurar que o Teatro Pastor Díaz siga sendo un espazo seguro e de referencia na comarca.

Santa Cruz recupera o seu esplendor tras unha ampla actuación de mellora



A área recreativa de Santa Cruz amosa unha imaxe completamente renovada tras as actuacións desenvolvidas nos últimos meses, grazas ao investimento da Xunta de Galicia e á colaboración coa Comunidade de Montes de Ove. Trátase dun espazo natural moi vencellado á tradición de Ribadeo, utilizado durante todo o ano tanto pola veciñanza como polas persoas visitantes, e que presentaba importantes necesidades de mellora derivadas do paso do tempo. O alcalde de Ribadeo, Dani Vega, salientou a importancia do traballo conxunto entre administracións e entidades implicadas, destacando que a intervención permitiu poñer en valor un enclave con grande potencial, pero que precisaba dunha actuación integral para mellorar o seu estado xeral, a seguridade e a accesibilidade. Entre as obras realizadas figuran os traballos de desbroce e conservación da contorna, a retirada de tuías que xeraban problemas na superficie da área, a instalación de novas varandas de madeira e a renovación completa do miradoiro.

Ademais, colocáronse bancos novos, elementos de protección para impedir o acceso de vehículos e leváronse a cabo arranxos en escaleiras, pavimentos e estruturas deterioradas. Tamén se reforzou o muro e a estrutura do miradoiro, conseguindo un espazo máis seguro, coidado e atractivo desde o punto de vista paisaxístico. O rexedor subliñou que o financiamento da actuación correu integralmente a cargo da Xunta de Galicia, sen supor custo para as arcas municipais, e puxo como exemplo de boa xestión a implicación directa da Comunidade de Montes no deseño e tramitación dos proxectos. De cara ao futuro, Dani Vega avanzou novos plans para Santa Cruz, como a instalación dun sistema de alumado e a rehabilitación da Casa da Ría, coa intención de darlle usos vinculados á formación, á divulgación ambiental e mesmo á creación dun observatorio astronómico. O alcalde agradeceu finalmente a colaboración institucional, destacando que a cooperación é clave para recuperar e preservar o patrimonio natural.

Xunta e Concello formalizan o acordo do centro de saúde

A Xunta de Galicia e o Concello de Ribadeo deron un paso decisivo cara á construción do novo centro de saúde do municipio coa sinatura dun convenio de colaboración que permite a cesión oficial dos terreos á administración autonómica. Tras este trámite, iníciase a redacción do proxecto técnico e, posteriormente, o proceso de licitación das obras. O alcalde de Ribadeo, Dani Vega, destacou o intenso traballo desenvolvido polo goberno local para facer realidade este avance nun prazo que cualificou de “tempo récord”. O rexedor explicou que, ao inicio do mandato, apenas existía unha proposta sen concretar sobre a localización, polo que foi necesario activar todo o procedemento para dispoñer dunha parcela axeitada. “Nun ano e medio conseguimos o solo, completamos a expropiación e superamos unha tramitación administrativa moi complexa, con múltiples notificacións e incluso a resolución de diversos embargos”, detallou. Segundo indicou Vega, coa sinatura do convenio os terreos pasan definitivamente a disposición da



Xunta, o que permitirá avanzar cara á execución do proxecto. O alcalde agradeceu tamén o compromiso do Goberno galego, que xa prevé unha partida específica nos orzamentos autonómicos de 2026 para facer posible o novo equipamento sanitario. As futuras instalacións concentrarán nun mesmo espazo o centro de saúde, o PAC e o servizo de emerxencias 061, unha integración que o alcalde considera fundamental para garantir unha atención eficaz. “Non ten sentido ter os servizos sanitarios dispersos; en situacións de emerxencia, cada minuto conta”, subliñou. O convenio foi asinado no salón de comisións do Concello de Ribadeo

polo conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, e polo alcalde, Dani Vega. O acto contou coa asistencia do xerente da área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, Ramón Ares, da directora do distrito sanitario da Mariña e do Hospital Público da Mariña, María José Cortes, así como das concelleiras de Seguridade, Igualdade e Benestar Social, Montse Seijo, Begoña Sanjurjo e Elena Sierra. Tras a sinatura, Gómez Caamaño visitou a Casa do Concello, onde asinou no libro de honra, e posteriormente a comitiva desprazouse ata os terreos nos que se levantará o novo centro de saúde de Ribadeo.

Ribadeo impulsará seis vivendas públicas no casco histórico

Ribadeo dará un novo paso na creación de vivenda pública coa posta en marcha de seis novos fogares no casco histórico, situados nas rúas Bispo Veres e Trindade, cun investimento global que supera os dous millóns de euros. Así o anunciou o alcalde, Dani Vega, quen destacou a importancia dunha actuación que combina a rehabilitación patrimonial coa resposta ás necesidades de acceso á vivenda. Segundo explicou o rexedor, na rúa Bispo Veres actuarase sobre dous inmobles que permitirán crear catro vivendas, cun orzamento de 1,6 millóns de euros, mentres que na rúa Trindade se habilitarán dúas vivendas máis cun investimento de 500.000 euros. “En total serán seis vivendas públicas que se incorporarán ao parque municipal”, sinalou. Para Vega, o obxectivo desta iniciativa é dobre: incrementar a oferta de vivenda pública e, ao mesmo tempo, continuar co labor de coidado e conservación do casco histórico de Ribadeo. Neste sentido, subliñou que os proxectos foron aprobados no Consello da Xunta e que a súa licitación permitirá iniciar canto an-



tes os traballos de rehabilitación, axilizando os prazos para que estas vivendas poidan estar dispoñibles o antes posible. O alcalde cualificou a actuación como “unha moi boa noticia” para o municipio e avanzou que nos próximos días está prevista a visita da conselleira á zona para coñecer de primeira man os inmobles incluídos no proxecto. Ademais, insistiu en que tanto a Xunta de Galicia como o Concello comparten o mesmo enfoque: apostar pola construción e rehabilitación de inmobles de

titularidade pública para destinalos a vivenda, especialmente en ámbitos históricos. Vega tamén quixo recoñecer o traballo técnico realizado ao longo dunha tramitación complexa, destacando a colaboración entre os servizos municipais e autonómicos. “Todo este esforzo tradúcese nun beneficio directo para Ribadeo”, afirmou, agradecendo tamén o apoio da conselleira e do presidente da Xunta polo seu compromiso coa vivenda pública.

40 ANIVERSARIO



O Centro Sociocomunitario da Xunta en Ribadeo celebrou o seu 40 aniversario cun acto institucional co director territorial Óscar Viñas. Ao longo de catro décadas, consolidouse como referente para a veciñanza e entidades locais, ofrecendo actividades físicas, creativas e sociais, biblioteca e servizos complementarios, cunha participación de máis de 100 persoas e estreita colaboración con asociacións como Cruz Vermella ou Cogami.

Aprobado o orzamento de 12,2 millóns de euros para este ano

O Concello de Ribadeo celebrou un pleno extraordinario e urxente, no que se aprobou o orzamento municipal para 2026, que ascende a 12,2 millóns de euros. O alcalde, Dani Vega, sinalou que se trata dun orzamento continuísta, que planifica inversión, garante o funcionamento do Concello e ten en conta o incremento previsto nos convenios para o próximo ano.

Entre os asuntos do pleno destacou a cesión gratuíta do Teatro de Ribadeo pola Filantrópica Dramática durante 25 anos, o que permitirá ao Concello aforrar 700 euros mensuais e avanzar nun proxecto de mellora e mantemento do emblemático auditorio. Dani Vega agradeceu á entidade o traballo realizado ata o momento e destacou que esta colaboración facilitará unha xestión máis eficiente e a reparación do edificio.



Ademais, o pleno abordou a mellora do convenio coa Deputación para a xestión da residencia de maiores de Ribadeo entre 2026 e 2030, o que permitirá optimizar recursos, e a renovación do convenio co Concello de Barreiros para a segunda fase do obradoiro de emprego "Constrúe en Verde". Tamén se aprobou a comisión de seguimento das obras da

rúa Buenos Aires, financiadas ao 100 % pola Xunta de Galicia, que arranxará unha vía de titularidade de Portos de Galicia. O alcalde rematou subliñando que se trata dun pleno cargado de asuntos de interese para Ribadeo, centrado en máis investimento, mellor xestión e proxectos que impulsan o desenvolvemento do municipio.

Ribadeo acollerá o Camiño Norte Fest o vindeiro 2 de abril

O municipio de Ribadeo xa prepara unha das súas grandes citas musicais do ano: o Camiño Norte Fest, organizado pola Comisión de Festas e programado para o xoves 2 de abril. A entidade anima á veciñanza e ao público da contorna a reservar a data para desfrutar dunha noite que cualifican como "única", cun formato renovado e un espectáculo pensado para todos os públicos. O festival reunirá sobre o escenario a Orquesta Panorama, que chegará a Ribadeo dentro da súa nova xira, un dos shows máis esperados do panorama musical galego. O evento contará tamén coa presenza do DJ Alejandro Martínez, que aproveitará a ocasión para estreir o seu novo escenario, unha das novidades máis destacadas desta edición. A proposta completárase coa actuación do DJ Litainer, encargado de pechar a xornada con unha sesión pensada para manter o ambiente no seu punto máis alto ata o final da noite. Desde a organización sinalan que o obxectivo é ofrecer "unha velada pensada para compartir e para gozar en comunidade, combinando música, ritmo e diversión".

A Comisión de Festas adiantou que nos próximos días se dará a coñecer a información relativa aos puntos de venda e á venda anticipada de entradas, coa intención de facilitar ao máximo o acceso ao público e garantir unha alta asistencia nesta nova edición do Camiño Norte Fest.

Avanzan a bo ritmo as obras do local da AECC



As obras de acondicionamento do local municipal cedido polo Concello de Ribadeo á Asociación Española Contra o Cancro (AECC) avanzan a bo ritmo, cumprindo os prazos previstos e dando pasos firmes para que o espazo poida entrar en funcionamento canto antes. O inmoble, situado na Avenida de Asturias número 3, será un punto de referencia para a atención, o acompañamento e o apoio ás persoas enfermas e ás súas familias.

Desde o goberno municipal destacan que os traballos están a desenvolverse segundo o plan establecido, permitindo adaptar o local ás necesidades da entidade e garantir un espazo funcional, accesible e axeitado para a prestación dos seus servizos. A actuación busca crear un entorno acoledor

no que a AECC poida desenvolver con comodidade o seu labor social e sanitario.

O Concello subliña a importancia de apoiar unha entidade que realiza un traballo exemplar en materia de atención directa, acompañamento emocional e desenvolvemento de actividades orientadas á mellora da calidade de vida das persoas afectadas polo cancro. A posta a punto deste local supón un paso máis na consolidación da presenza da asociación no municipio.

Desde o Executivo local reiteran o compromiso de seguir colaborando de maneira permanente coa Asociación Española Contra o Cancro, convencidos de que sumar esforzos en saúde, benestar e apoio social é unha prioridade para Ribadeo e para a súa veciñanza.

O BNG esixe ao goberno local medidas urxentes para erradicar vertedoiros



O BNG de Ribadeo puxo o foco na presenza de vertedoiros ilegais no termo municipal e reclamou ao goberno local unha intervención máis decidida para erradicar estes puntos de contaminación. A formación nacionalista alertou de que continuaban xurdindo acumulacións de residuos en zonas non habilitadas, especialmente en Lexoso, o que supuña un risco ambiental evidente. Segundo explicou o portavoz do Bloque, Pablo Vizoso, en determinados espazos "segúa producíndose, de maneira descontrolada, a acumulación de lixo de diferentes procedencias, convertendo pouco a pouco estas áreas en verdadeiros vertedoiros ilegais". O edil destacou que no caso de Lexoso a situación era "aínda máis preocupante", xa que existía un punto de captación de auga nas inmediacións, o que incrementaba o

perigo para o ecosistema local. Vizoso reclamou ao goberno municipal "que actuase canto antes" e procedese á retirada inmediata dos residuos, lembrando que estes "poñían en risco zonas verdes sensibles e o propio medio ambiente". Ao mesmo tempo, fixo un chamado á responsabilidade cidadá para evitar este tipo de prácticas incívicas: "Coidar o noso entorno é cousa de todas e de todos", subliñou. O BNG considerou imprescindible reforzar os controis e a vixilancia en puntos sensibles do concello, así como desenvolver medidas preventivas que axudasen a evitar novas acumulacións de lixo. A formación insistiu en que a resposta municipal debía ser áxil e constante para combater "un problema que se repetía no tempo e que requiría solucións inmediatas".

Cubelas vivirá San Vicente cunha festa para todas as idades

A parroquia de Cubelas volverá ser punto de encontro o vindeiro 24 de xaneiro coa celebración da Festa de San Vicente, unha cita moi vencellada á tradición local que combinará actos relixiosos, música e unha ampla programación lúdica ao longo da xornada. A festa está pensada como un espazo de convivencia no que veciños e visitantes poidan compartir tempo, mesa e celebración arredor dunha data sinalada no calendario parroquial. Os actos darán comezo ás 13:00 horas coa misa solemne en honra a San Vicente. Unha hora máis tarde, ás 14:00, terá lugar a sesión vermú, amenizada polo músico Jaime Paredes, que porá a nota musical antes do xantar popular. A partir das

15:00 horas celebrarase o xantar, que incluírá tamén baile, bingo e diversas sorpresas para animar a sobremesa.

O menú da xornada estará composto por pratos tradicionais, con callos e codillo asado como propostas principais, ademais de sobremesa, bebidas e café. O prezo do xantar será de 30 euros para persoas adultas e de 15 euros para nenos e nenas de ata 10 anos.

Desde a organización lembran que é necesario facer reserva previa antes do 19 de xaneiro. A Festa de San Vicente consolídase así como unha ocasión especial para reforzar os lazos comunitarios e manter vivas as tradicións festivas da parroquia de Cubelas.

A ETAP da Senra sométese a unha reforma integral para optimizar o tratamento da auga

A estación de tratamento de auga potable da Senra afrontará unha reforma integral coa que a Xunta de Galicia busca modernizar as súas instalacións e optimizar o rendemento da infraestrutura. O contrato, xa adxudicado por un importe próximo aos 300.000 euros, céntrase na mellora da liña de lodos para garantir un funcionamento máis eficiente e reducir os vertidos que actualmente chegan á rede de saneamento.

A actuación, que se desenvolve en coordinación co Consorcio encargado da xestión do abastecemento básico dos concellos de Cervo e Burela, dispón dun prazo de execución de seis meses e inclúe cambios estruturais de calado. O eixo central da reforma será a incorporación dun novo sistema de flotación por aire diluído (DAF), pensado para incrementar a capacidade de tratamento e asegurar un proceso máis limpo e estable

na xestión dos lodos.

Esta mellora técnica implica tamén unha modificación significativa na distribución interior da ETAP. A sala de lodos ampliarase ao espazo que actualmente ocupan os vestiarios e parte do laboratorio, que serán relocalizados en áreas de nova habilitación. Con esta redistribución, a instalación poderá albergar o equipamento necesario para o sistema DAF e facilitar o fluxo interno de traballo.

Ademais, renovarase a liña de lodos coa colocación dun depósito prefabricado de formigón duns sete metros cúbicos de capacidade, destinado a recoller a auga xa clarificada que procede do proceso de flotación. Desde este punto, o caudal continuará polas seguintes fases de tratamento propias da planta, asegurando unha xestión máis eficiente e controlada.

Cervo aposta por unha vila sostible e accesible para todos

O Concello de Cervo continúa a impulsar melloras tanto no espazo urbano como nas instalacións municipais cunha serie de actuacións destinadas a incrementar a calidade de vida da veciñanza. Un dos proxectos máis destacados é a intervención integral que se está a executar na Rúa Rosalía de Castro, unha das vías máis transitadas e estratéxicas do núcleo de San Cibrao, concibida como unha actuación prioritaria para gañar espazo peonil, mellorar a accesibilidade e reforzar a seguridade viaria.

As obras inclúen a ampliación das beirarrúas situadas xunto ao xardín, co fin de facilitar unha circulación máis cómoda para as persoas peonís, así como a renovación do pavimento no lado contrario da rúa, mantendo a anchura existente. Todo o ámbito executarase con lastra de formigón, garantindo unha imaxe homoxénea e en continuidade coa recentemente renovada Rúa Concepción Arenal. No que respecta á calzada, os traballos contemplan unha rehabilitación superficial mediante o fresado da capa actual e a aplicación dun novo firme asfáltico.



O proxecto complétase coa renovación da sinalización horizontal, a posta a cota de tapas de pozos e arquetas, a reposición de mobiliario urbano e actuacións puntuais nas redes de saneamento, abastecemento e alumado público. A alcaldesa, Dolores García Caramés, que supervisou os traballos acompañada de varios edís, subliñou que se trata “dunha obra profunda, non só estética”, orientada a modernizar o núcleo urbano e adaptalo ás necesidades actuais. As actuacións, que inclúen tamén a Rúa do Farillón, supoñen un investimento total de 302.185 euros financiados con remanente municipal.

Paralelamente, o Concello vén de poñer en funcionamento un novo sistema de ventilación no ximnasio municipal da Piscina de Lieiro. Esta mellora garante unha renovación constante do aire e unha regulación máis eficiente da temperatura, incrementando o confort e a seguridade das persoas usuarias. A actuación, cun investimento superior aos 23.000 euros financiados polo Fondo de Compensación Ambiental da Xunta, permite ademais un consumo enerxético máis racional, reforzando o compromiso municipal cun modelo de xestión sostible e con servizos públicos de calidade.

Os veciños de Lieiro reúnen na súa tradicional comida



A Asociación de Veciños Nosa Señora de Lieiro celebrou a súa tradicional comida anual, unha cita que cada ano congrega á veciñanza nun ambiente de convivencia, amizade e sentimento comunitario.

A alcaldesa quixo acompañar á asociación nesta xornada especial e transmitiu unhas palabras de agradecemento pola invitación. Sinalou o “enorme esforzo que realiza a entidade durante todo o ano para manter vivas as actividades, reforzar a cohesión social e promover o espírito participativo da parroquia”.

Ao longo do encontro fíxose fincapé no labor desinteresado das persoas que colaboran de forma continua na organización de iniciativas como esta, que fortalecen vínculos e contribúen a preservar

tradicións que forman parte da identidade colectiva de Lieiro e do municipio.

A xornada desenvolveuse nun ambiente próximo e familiar, con boas conversas, reencontros e momentos compartidos entre veciñas e veciños de diferentes xeracións. A celebración estendeuse pola tarde cun novo *guateque* de arruquiñas, que puxo o toque musical e festivo da man de Doble B. A súa actuación animou a grandes e pequenos, enchendo o espazo de alegría e bo humor.

Un día completo, cargado de emocións, participación e comunidade. A Asociación de Veciños quixo agradecer a todas as persoas que contribuíron a facer posible esta nova edición dun encontro que xa é unha tradición moi agardada en Lieiro.

A creatividade infantil encheu de cor o Nadal co certame de postais

A Praza do Souto acolleu este sábado a entrega dos premios do certame de postais de Nadal, un acto que tivo lugar no marco do Mercado de Nadal organizado pola asociación Airiños do Xunco. A alcaldesa, Dolores García Caramés, foi a encargada de facer entrega dos recoñecementos ás nenas gañadoras, nun ambiente festivo marcado pola ilusión e a participación infantil. Nesta edición tomaron parte un total de 41 nenas e nenos, que contribuíron a encher o certame de cor, imaxinación e espírito do Nadal. Na modalidade de felicitación institucional, o premio foi para Daniela Ben Blanco, de 7 anos. Na categoría de 3 a 5 anos resultou gañadora Mara Blanco Ramos, de 5 anos, mentres que na franxa de 6 a 9 anos o recoñecemento foi para Olivia Maragoto González, de 9 anos. Pola súa



banda, Vera Lecumberri Villares, de 11 anos, acadou o premio na categoría de 9 a 12 anos. Desde o Concello destacou o alto nivel dos traballos presentados e o entusiasmo demostrado polas participantes, poñendo en valor este tipo de iniciativas que

fomentan a creatividade desde idades temperás e contribúen a dinamizar a programación de Nadal. A alcaldesa felicitou ás artistas premiadas e agradeceu a participación de todas e todos os nenos que fixeron posible o éxito do certame.

O Concello reforza o seu apoio á acción social, á educación e ao deporte

O Concello de Cervo comezou o ano reforzando o seu compromiso coa educación, o tecido asociativo, o deporte e a atención social a través dunha serie de iniciativas e convenios que, segundo destaca o goberno local, buscan mellorar o benestar da veciñanza e garantir a igualdade de oportunidades no municipio. A alcaldesa, Dolores García Caramés, protagonizou varias xuntanzas e actos institucionais nos que se materializaron axudas económicas, subvencións e acordos de colaboración con centros educativos, ANPAS, entidades deportivas e asociacións sociais.

No ámbito educativo, a rexedora reuniuse cos directores dos tres centros do municipio —CEIP de Cervo, CEIP Península da Paz e IES Marqués de Sargadelos— para facerlles entrega dos cheques correspondentes ás axudas municipais destinadas á comunidade educativa. Trátase dunha achega de 1.250 euros por centro, pensada como un apoio estable e complementario ao que o Concello presta ao longo de todo o curso, tanto en materia de mantemento como para facer fronte a diferentes necesidades organizativas. Segundo explicou García Caramés, estas axudas permiten reforzar actividades formativas, complementarias ou extraescolares, así como sufragar pequenos gastos derivados da vida diaria dos centros. A alcaldesa subliñou que o obxectivo é favorecer o correcto funcionamento das instalacións educativas e contribuír ao desenvolvemento de proxectos que melloren directamente o proceso de aprendizaxe do alumnado. Ademais, lembrou que esta liña de apoio se suma a outras medidas municipais, como as axu-



das ao transporte ou as destinadas á adquisición de libros e material escolar, orientadas a garantir a igualdade de oportunidades e facilitar a conciliación das familias.

TRANSPORTE. Precisamente no eido da mobilidade estudantil, o Concello activou unha nova convocatoria das axudas ao transporte para alumnado que cursa estudos fóra do termo municipal en especialidades que non se imparten no concello. A entrega das notificacións ás persoas beneficiarias tivo lugar na Casa da Cultura e contou coa presenza da alcaldesa. Nesta edición, un total de 35 estudantes accederán a estas achegas, cunha contía de 150 ou 250 euros en función dos ingresos da unidade familiar.

Desde o goberno local explican que o programa está dirixido a alumnado menor de 30 anos empadroadado en Cervo e abrangue estudos universitarios, ensinanza musical, Bacharelato en modalidades non ofertadas no municipio, ciclos de

Formación Profesional de grao medio e superior, ensinanza profesional de artes plásticas e deseño, así como ensinanza deportiva. García Caramés destacou que estas axudas, financiadas integramente con fondos municipais, responden á vontade de acompañar ás familias ao longo do proceso educativo dos seus fillos e fillas, evitando que as dificultades económicas ou de mobilidade se convertan nun freo para continuar a formación.

ANPAS. O apoio á educación complétase tamén coa colaboración directa coas asociacións de nais e pais. A alcaldesa mantivo un encontro coas representantes das ANPAS dos centros educativos do municipio, no que se abordaron cuestións relacionadas co funcionamento diario dos colexios e coa actividade destes colectivos. Durante a reunión, o Concello fixo entrega dun cheque de 1.250 euros a cada asociación, destinado a apoiar iniciativas educativas, lúdicas e culturais,

así como a facilitar a cobertura dos gastos habituais do seu funcionamento interno.

MEDELA MTB. No eido deportivo e asociativo, o Concello continúa coa sinatura de convenios de colaboración con entidades que desenvolven unha labor esencial no municipio. Un dos últimos acordos formalizouse co Club Medela MTB, nun encontro entre a alcaldesa e o presidente da entidade, David Riera. O convenio inclúe unha achega económica de 8.200 euros para gastos de equipamento, material deportivo e tarefas de roza e mantemento do circuíto e das rutas que emprega o club. García Caramés puxo en valor o traballo coa base e a transmisión de valores como o esforzo, o compañeirismo e o respecto pola natureza, así como o carácter altruísta das persoas que integran o club.

SAÚDE MENTAL. Por último, o Concello de Cervo deu un novo paso no seu compromiso coa saúde mental coa sinatura dun convenio de colaboración coa Asociación Saúde Mental A Mariña. O acordo garante unha achega nominativa de 20.000 euros destinada a manter e reforzar unha atención especializada que favorece a integración social das persoas con problemas de saúde mental. A alcaldesa destacou a importancia desta colaboración, visible tamén en programas como Arruguiñas, dirixido ás persoas maiores, e puxo en valor o labor desenvolvido nas dúas unidades residenciais que a entidade mantén no municipio, consolidando unha cooperación que o goberno local considera estratéxica para o benestar da comunidade cervense.

O Cervo Concilia Nadal consolídase como apoio ás familias cervense

O Concello vén de dar por rematada unha nova edición do programa Cervo Concilia Nadal, unha iniciativa xa consolidada que, un ano máis, volveu converterse nun importante apoio para as familias durante o período vacacional. O balance realizado polo goberno local é moi positivo, tanto pola alta participación como pola boa acollida das actividades propostas.

Ao longo das últimas semanas, as crianzas participantes desfrutaron dun amplo programa de accións lúdicas, formativas e creativas, pensadas para fomentar a aprendizaxe a través do xogo, a convivencia e a socialización. Obradoiros manuais, dinámicas de grupo, actividades educativas e momentos de lecer compartido formaron parte dunha proposta variada e adaptada ás diferentes idades.

Desde o Concello destacaron o labor dos monitores e monitoras, así como a implicación das familias, subliñando que “sen o esforzo conxunto de todas as persoas implicadas non sería posible manter un espazo de conciliación cheo de ilusión, creatividade e bos momentos”.

O programa Concilia Nadal permitiu ás familias compatibilizar as súas obrigas laborais e persoais coa tranquilidade de saber que as súas fillas e fillos contaban cun entorno seguro, dinámico e enriquecedor. Con esta edición, o Concello de Cervo reafirma o seu compromiso co apoio ás familias e coa conciliación, apostando por recursos útiles e estables que tamén se desenvolven en épocas como a Semana Santa ou o verán, e que cada ano rexistran unha elevada participación.

O Goberno local e o autonómico abren novas vías de colaboración

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, José López Campos, reuniuse coa alcaldesa de Cervo, Dolores García, para analizar as necesidades do municipio e explorar novas vías de colaboración institucional nos ámbitos cultural, lingüístico e xuvenil. Durante o encontro repasáronse os proxectos en marcha e as iniciativas previstas polo Concello, facendo especial fincapé na dinamización cultural, na programación de actividades ao longo do ano e na posta en valor do patrimonio local como elemento de identidade e atractivo. Ambas partes abordaron tamén a promoción da lingua galega,



coincidindo na necesidade de reforzar accións que impulsen o seu uso social. Outro dos eixes da reunión foi o apoio á mocidade, a través de programas formativos, de ocio saudable

e de participación activa. Xunta e Concello comprometéronse a seguir traballando de maneira coordinada para fortalecer o desenvolvemento cultural e social de Cervo.

Cervo acolle unha homenaxe fotográfica ao océano Atlántico

O Conxunto Histórico Artístico de Sargadelos acolle ata finais de xaneiro, a exposición Azores: oasis atlántico, unha mostra fotográfica do autor Anxo Cao que propón unha viaxe visual ao corazón do océano Atlántico. A través dunha coidada selección de imaxes subacuáticas, a exposición busca achegar coñecemento sobre a riqueza da biodiversidade mariña combinando rigor divulgativo e unha marcada aposta estética.

As fotografías permiten descubrir a extraordinaria diversidade de especies que habitan o Atlántico, desde pardelas e peixes lúcia ata quenllas, baleas piloto, tartarugas mariñas e mesmo algúns dos polbos peláxicos

máis estraños e raros do planeta. Un percorrido visual que sorprende tanto pola beleza das imaxes como polo valor informativo que transmiten sobre ecosistemas pouco coñecidos para o gran público.

A mostra preséntase como unha homenaxe ao océano e á súa fauna, pero tamén como unha chamada á reflexión sobre a necesidade de protexer este patrimonio natural. A través da fotografía, Anxo Cao convida a observar, comprender e valorar un medio imprescindible para o equilibrio do planeta, poñendo o foco na importancia da conservación para garantir o futuro dos mares.

“A autoorganización é a base para defender o noso futuro”

Brais Álvarez, labrego da Pontenova, asume a nova Secretaría de Acción Sindical do SLG para reforzar a organización fronte á crise do agro

Por Ana Somoza

A elección de Brais Álvarez como responsable da nova Secretaría de Acción Sindical do Sindicato Labrego Galego (SLG) marca un punto de inflexión na estrutura interna da organización. Veciño da Pontenova e labrego en activo, Álvarez sitúase á fronte dun cargo de nova creación que nace, segundo explica, da necesidade de “reforzar a incidencia do sindicato no que propiamente entendemos como acción sindical”, é dicir, no traballo diario, no seguimento constante dos conflitos e na capacidade de resposta ante os problemas que afectan aos distintos sectores do agro galego. O contexto no que se crea esta secretaría non é alleo á realidade que viven as explotacións. Álvarez subliña que o sector atravesa “un momento especialmente complexo”, cunha acumulación de fronteas abertas que van desde a aparición de novas enfermidades, como a peste porcina africana ou a enfermidade nodular, ata debates estruturais como a negociación dunha nova Política Agraria Común ou o impacto de acordos comerciais internacionais como o do Mercosur. Diante desta situación, o sindicato considerou necesario contar cunha área específica encargada de analizar, coordinar e facer seguimento do traballo que xa se viña desenvolvendo neste eido, ao tempo que se alixeira parte da carga que asumía a Secretaría Xeral.

REFORZO INTERNO. A creación desta nova área responde tamén a unha demanda expresada pola propia afiliación durante o congreso e nas asembleas comarcais. Segundo relata Álvarez, unha das preocupacións recorrentes foi a necesidade de “reforzar a organización” para facer fronte ás ameazas que pesan sobre as explotacións agrarias. Nese sentido, a Secretaría de Acción Sindical nace co obxectivo de fortalecer o traballo a nivel comarcal, entendendo que é neses espazos onde se detectan antes os problemas e onde se poden artellar respostas máis pegadas á realidade. Entre as funcións prioritarias desta nova secretaría está a promoción de accións formativas dirixidas ás persoas labregas, co fin de que “estean informadas, formadas e poidan debater” sobre as cuestións que lles afectan directamente no día a día. Álvarez insis-

te en que o coñecemento é unha ferramenta clave para a defensa do sector e que, sen información clara e accesible, resulta moito máis difícil facer fronte ás decisións que se toman fóra do territorio. Outro dos eixos centrais do seu labor será mellorar a transmisión das decisións que chegan desde instancias afastadas, como Bruxelas. O novo responsable de Acción Sindical considera fundamental explicar non só que se decide, senón tamén “como nos afecta iso realmente ás granxas”. Ao mesmo tempo, aposta por reforzar o tecido organizativo nas comarcas, fomentando grupos activos e vivos que se apoién mutuamente e que faciliten a incorporación de nova xente ao sindicato, aproveitando a experiencia das persoas máis veteranas.

“As persoas labregas non somos escoitadas como interlocutor válido”



“O modelo actual de incorporación ao agro está a fallar dende fai décadas”

CIFRAS PREOCUPANTES. Este reforzo organizativo adquire unha importancia especial nun contexto marcado pola perda constante de explotacións. Álvarez lembra que no pasado mes de outubro se produciu un feito histórico en Galicia: por primeira vez baixouse das 5.000 granxas que entregan leite. No sector cárnico, explica, quedan arredor de 16.000 explotacións,

unhas 1.500 menos que hai apenas catro anos. Son datos que, ao seu xuízo, amosan con claridade que a desaparición de granxas non é unha hipótese futura, senón unha realidade presente. O obxectivo último da nova secretaría é, precisamente, “defender o maior número posible de granxas no territorio” e contribuír a garantir o futuro do sector agrario no país. Para iso, Álvarez considera imprescindible fortalecer a organización desde a base e construír unha rede sólida que permita responder de maneira coordinada aos problemas comúns. A nivel persoal, o labrego da Pontenova afronta esta responsabilidade cun marcado sentido do compromiso. Recoñece que asumir un cargo destas características implica “unha dedicación constante”

“Sen organización comarcal non hai futuro para as granxas”

“Hai máis posibilidades de incorporación no territorio das que se están aproveitando”

e unha carga de traballo importante, pero asegura sentirse especialmente motivado porque moitos dos problemas que se analizan a nivel sindical “véxoos cada día na miña propia granxa”. Esa experiencia directa fai que entenda este reto como algo “profundamente colectivo”, no que se mesturan a vivencia persoal e a defensa dun modelo común.



POUCA ESCOITA. No seu diagnóstico da situación, Álvarez é claro ao valorar a relación coas administracións. Considera que, en xeral, “escoitan pouco ás persoas labregas” e subliña que isto acontece a todos os niveis: europeo, estatal e autonómico. Ao seu xuízo, o sector agrario non adoita ser considerado un interlocutor válido á hora de deseñar políticas que o afectan directamente, malia seren as persoas labregas quen sofren no día a día as consecuencias destas decisións. Esa falta de escoita é, precisamente, unha das razóns polas que a nova Secretaría de Acción Sindical pon o foco na interlocución externa. Álvarez defende a necesidade de facer máis presión, de estar presentes nos espazos de decisión e de conseguir que o sector sexa “escoitado, respectado e tido en conta” como un axente imprescindible na definición do seu propio futuro.

ACCIÓN CARA FÓRA. O carácter externo desta secretaría materialízase na vontade de trasladar á sociedade as problemáticas reais do agro. Álvarez recoñece que non sempre é doado facerse oír nun contexto de sobreinformación, no que moitas mensaxes se perden, tamén no plano comunicativo. Por iso, aposta por reforzar a organización comarcal e por estar presentes nos distintos territorios, chegando tamén a persoas labregas que non forman parte do SLG, pero que poden identificarse co seu discurso. Outro dos piares desta estratexia será a planificación de campañas en función da axenda política. Ante anuncios relevantes, como os relacionados co acordo do Mercosur, o sindicato quere anticiparse, preparar respostas claras e explicar non só o contido dos anuncios, senón tamén “as consecuencias reais que teñen para o campo galego”. Trátase, segundo explica, de sacar cara ao exterior debates que moitas ve-

ces quedan restrinxidos ao ámbito interno.

AUTOORGANIZACIÓN. A organización comarcal e a autoorganización aparecen como conceptos clave no discurso de Álvarez. Defende a necesidade de contar con espazos propios nos que sexan as propias persoas labregas as que analicen a realidade que viven, debatan prioridades e decidan que reivindicacións trasladar ás administracións. Para el, ese proceso colectivo é “a base dunha organización forte” e vai ligado á independencia política do sindicato, entendida como a capacidade de decidir con criterios propios. Especialmente crítico é o seu diagnóstico sobre as políticas públicas de relevo xeracional. As cifras, asegura, amosan que o número de incorporacións non compensa as saídas do sector, unha realidade que se arrastra desde hai décadas e que agora se manifesta con especial crueza. Álvarez sinala que o modelo actual está cheo de trabas burocráticas e favorece a concentración, dificultando a incorporación de xente nova, de persoas que queren volver ao rural ou mesmo de persoas inmigrantes que levan anos traballando no sector.

MIRADA AO FUTURO. A medio prazo, Álvarez di que lle gustaría ver un rural galego no que o número de granxas deixe de diminuír e no que se consiga frear a perda continua de poboación. Recoñece que en moitas comarcas custa ver o futuro, pero insiste na necesidade de traballar para construír un medio rural con perspectivas. Nese camiño, considera que o Sindicato Labrego Galego ten un papel fundamental como espazo de apoio, acompañamento e defensa colectiva, e como ferramenta para seguir defendendo un modelo de produción vinculado ao territorio e ao futuro do país.

a pontenova

A CIT activa o calendario festivo con novidades para a Festa da Troita



O Centro de Iniciativas Turísticas (CIT) da Pontenova arrinca o novo ano cunha intensa axenda de traballo e coa planificación das principais citas festivas e promocionais do municipio. Entre elas destaca, un ano máis, a celebración da Festa da Troita, que manterá a súa data tradicional do 1 de maio e que xa está a ser obxecto dos primeiros preparativos. Desde a organización avanza que a próxima edición da festa chegará con importantes novidades e cun cartel de alto nivel, xa que está prevista a participación de seis ou sete campións do mundo, o que reforzará

o atractivo dun evento consolidado como referente gastronómico e turístico da comarca.

Xunto a esta cita emblemática, a CIT tamén traballa na organización dunha festa de Entroido dirixida ao público infantil, que se celebrará durante a fin de semana do 14 e 15 de febreiro no pavillón Tito Margaride, aínda pendente de pechar datas definitivas. A proposta incluírá xogos, música, baile e múltiples actividades pensadas para garantir a diversión dos máis pequenos durante unha das festividades máis agardadas do calendario.

trabada

Completada a renovación integral do parque infantil de Fórnea

O Goberno local vén de poñer fin ás obras de renovación integral do parque infantil da parroquia de Fórnea, unha intervención que contou cun investimento de máis de 50.000 euros e que foi posible grazas a un convenio de colaboración coa Deputación de Lugo. A actuación permitiu modernizar por completo este espazo de lecer, destinado principalmente á infancia e á convivencia veciñal.

Os traballos realizados incluíron a instalación de novos xogos e elementos adaptados ás necesidades actuais, apostando por materiais máis seguros, accesibles e acordes cos estándares actuais de calidade. Con esta renovación, o parque convértese nun entorno máis atractivo e funcional para os nenos e nenas da parroquia, así como para as súas familias.

O alcalde de Trabada, Rubén García, sinalou que esta intervención forma parte dunha estratexia máis ampla impulsada polo goberno local para mellorar os parques infantís do municipio. “Nos últimos anos vimos traballando



de maneira continuada para renovar estes espazos, co obxectivo de ofrecer áreas de xogo de calidade tanto para a rapazada como para as súas familias”, indicou.

Neste senso, o rexedor lembrou que xa se executaron actuacións semellantes nos parques infantís de Trabada, da rúa San Roque, de Sante e agora tamén en Fórnea, “o que reflicte o compromiso do Concello por chegar a todas as parroquias sen excepción”.

Desde o Concello subliñan que estas melloras se enmarcan no

obxectivo de reforzar as infraestruturas municipais e os servizos públicos, cunha atención especial á infancia, contribuíndo así a mellorar a calidade de vida da veciñanza e a favorecer a fixación de poboación no medio rural.

Unha vez rematadas as obras, o alcalde Rubén García e a concelleira do equipo de goberno Pilar Fernández visitaron o parque infantil de Fórnea para comprobar o resultado final da actuación, que xa se atopa aberto e a disposición da veciñanza da parroquia.

ourol

Ourol atópase entre os concellos con alta vulnerabilidade sísmica

O Concello de Ourol figura entre os municipios galegos aos que a Xunta recomenda elaborar un plan municipal de prevención fronte a terremotos, segundo a actualización do Sismigal, publicada no DOG. Este plan identifica a Ourol, xunto con Negueira de Muñiz, Muras e Ribeira de Piquín, como concellos de alta vulnerabilidade, especialmente polo estado e tipoloxía das edificacións rurais. A recomendación é preventiva e non obrigatoria, orientada a mellorar a preparación ante emerxencias sísmicas. O estudo prevé unha intensidade máxima entre os graos VI e VII da escala macrosísmica europea, capaz de provocar danos lixeiros ou moderados. A revisión inclúe un rexistro histórico de terremotos, análise da vulnerabilidade e criterios de actuación ante seísmos, así como recomendacións á poboación sobre plans familiares e de centros de traballo. O novo Sismigal substitúe o plan de 2009 e adapta os protocolos á normativa actual.

O II Ciclo de Teatro leva humor e emoción a Bravos

O teatro volverá ocupar un lugar protagonista en Bravos, no Concello de Ourol, coa celebración do II Ciclo de Teatro, unha programación que aposta polo humor, a emoción e as historias próximas para reunir ao público durante o Nadal e o mes de xaneiro. A iniciativa, organizada pola Asociación Cultural e Recreativa Deportiva Aturuxeiros de Bravos, busca consolidar este espazo cultural como punto de encontro veciñal.

As representacións, que xa comezaron, seguirán os días 17, 24 e 31 de xaneiro, sempre ás 18:00 horas, no Local Social de Bravos. Por este escenario pasarán grupos teatrais de distintos puntos da comarca e tamén a compañía anfitrío. O ciclo comezou o 27 de decembro coa actuación do Grupo de Teatro Sr. López, que se achegará á parroquia coa obra “A viaxe do Sr. López”. Xa o 17 de xaneiro será a quenda do Grupo Ardora de Cervo, que presentará “Aire fresco”. O 24 de xaneiro subirase ao escenario o Grupo de Teatro Antas de Ulla, que representará “Catro cortos



nun banco”. Finalmente, o 31 de xaneiro pecharán a programación os Aturuxeiros de Bravos coa súa proposta “Vaia co pronóstico”. Dende a organización destacan que esta segunda edición pretende reafirmar o compromiso co teatro afeccionado e ofrecer ao público local unha oportunidade para desfrutar dunha programación accesible, variada e pensada para todas as idades.

O Goberno local impulsa un curso de ciberseguridade para a veciñanza



O Concello de Trabada continúa a fomentar a capacitación dixital da poboación cun novo obradoiro dentro do programa “E para dixitalizarse, Lugo”, tras o éxito das accións formativas desenvolvidas a finais do pasado ano. Nesta ocasión, a actividade, titulada “Ciberseguridade: acoso, grooming e estafas”, está deseñada para dotar ás persoas participantes de ferramentas básicas que lles permitan identificar riscos en internet e facer un uso responsable e seguro das tecnoloxías dixitais.

O curso celebrarase na Casa da Cultura de Trabada (Rúa do Concello, 40) os días 2, 3, 4, 9, 10, 11 e 16 de febreiro, en horario de

10:00 a 13:00 horas, e conta con 12 prazas. As inscricións permanecerán abertas ata o 17 de xaneiro, realizándose de forma presencial no Concello.

Esta iniciativa forma parte dun programa máis amplo que inclúe formacións sobre uso básico da informática, sinatura dixital, certificados electrónicos, manexo de teléfonos móbiles, banca electrónica, busca de emprego en liña ou ferramentas de Google. O alcalde, Rubén García, destacou que o curso busca reducir a fenda dixital e ofrecer coñecementos prácticos para mellorar a autonomía e a seguridade das persoas no entorno dixital.

O Vicedo: Jesús Novo Martínez

“O meu obxectivo é rematar esta lexislatura e quizais pechar aquí a miña etapa política”



DATOS
HABITANTES: 1.553.
PARROQUIAS: 7
EXTENSIÓN: 75,96 km cadrados.
PARTIDO XUDICIAL: Viveiro.
CORPORACIÓN: 5 concelleiros do PP, 3 do PSOE e 1 do BNG.
ALCALDE: José Jesús Novo Martínez do PP.
VOCEIRO PSOE: Verónica Canouira Paz.
VOCEIRO BNG: Miguel Gómez Fraga.

O alcalde de O Vicedo reflexiona sobre máis de dúas décadas de vida política, os sacrificios e satisfaccións do seu cargo e os proxectos que aínda quere completar no municipio

Como se iniciou na política e como se vinculou ao seu partido. Comecei na política como concelleiro alá polo ano 1991. E no ano 2001 tomei posesión da Alcaldía, e desde ese ano ata hoxe, sigo aquí como rexedor.

Como deu o salto o recibiu o impulso para ser alcalde? Era concelleiro no Vicedo por AIPV(Agrupación Independentes para Vicedo) e substituí ao alcalde Isaac Prado Villapol logo da súa dimisión en xaneiro de 2001. Xa nas eleccións municipais de 2003 encabecei a lista do PPdeG obtendo a maioría absoluta, que repetín nas seguintes eleccións.

A nivel persoal, que sacrificios supón formar parte do Goberno do Concello? Ser rexedor supón bastantes sacrificios, entre outras cousas pois en moitos dos casos, hai que dar exemplo, outras veces hai que deixar a vida persoal por compatibilizar coa vida política.

E beneficios? Pois o maior beneficio é que estás traballando polo teu pobo, e iso é importante. Hai que dicir que eu levo dez anos xubilado, xubileime con 56, e non cobro ningún soldo do Concello. O único que cobro do Concello son as comisións de asuntos de Goberno, comisións que poda haber no Concello ou os plenos. Ou sexa, o mesmo que calquera concelleiro.

Cales son os seus obxectivos a nivel político? Pois os meus obxectivos a nivel político son os de rematar esta lexislatura e terminar a miña vida política aquí. A verdade é que xa tiven algunha proposta política para dar pulo á miña carreira, pero ben, non teño máis interese que a Alcaldía do Vicedo, posto que é onde realmente se fai o traballo, e onde realmen-

te estás coa xente.

E como Goberno de cara á próxima lexislatura? Pois non podo dicilo xa que hoxe en día non teño claro se me vou presentar ou non ás vindeiras eleccións. Así que polo momento so podo dicir iso.

Está a favor dos pactos para conformar un Goberno estable? Estou totalmente a favor dos pactos cando serven para garantir un goberno sólido e funcional. Sempre fun unha persoa aberta ao diálogo e á negociación, e non teño inconveniente ningún en chegar a acordos. Iso si, considero importante diferenciar o ámbito local doutros niveis da política, xa que a realidade municipal non funciona do mesmo xeito que as estruturas máis altas. Tal e como está organizado hoxe o sistema político, resulta en ocasións pouco coherente, e estou convencido de que, se houbese máis vontade de pacto, a situación sería moi distinta.

Cales son as principais liñas do seu programa? A día de hoxe, hai que poñer a andar o Centro de Día, si ou si. Tamén rematar o paseo marítimo totalmente ata o porto, esa é unha das nosas ilusións é tamén recuperar a praia de Fomento. Por outra banda mellorar e investir nos servizos sociais, pois hai moita xente maior.

Cales considera que son as principais necesidades no seu concello? Temos moitas, eu creo que o máis importante é seguir mellorando nos servizos aos nosos maiores. Obviamente hai que seguir mellorando e avanzando en infraestruturas como as estradas aos diferentes núcleos, ou os saneamentos nas parroquias.

De que proxectos se sente máis orgulloso? O paseo da praia de Fomento.



Sempre me fixo moita ilusión e xa estamos avanzando nese senso. Aínda hai que rematar ese proxecto pero vamos dando pequenos pasos.

Que lle gustaría que os veciños visen en vostede como alcalde? Pois que son unha persoa máis,

un amigo, un compañeiro. Un veciño máis.

Como é a súa relación coa oposición? Para min temos unha relación cordial. Facemos o noso traballo, cada un no seu ámbito. Pero eu creo que é moi normal.

“Ser alcalde implica moitos sacrificios, porque ás veces hai que deixar de lado a vida persoal para compatibilizala coa responsabilidade política”

EN CLAVE PERSOAL

Idade, estado civil e familiar. 66 anos, teño dúas fillas e tres netos.

Profesión e formación. Patrón de pesca de altura.

E si non fora alcalde que sería? Seguiría sendo pescador.

Que quería ser de maior? Sempre me gustou o mar. Por iso a miña profesión foi patrón de pesca.

Que fai para desconectar? Pois teño un pequeno barco e vou pescar sempre que podo.

Unha virtude e un defecto. XXXX.

Un consello para compartir. Fai ben e non mires a quen.

Un libro. Calquera das novelas de Alberto Vázquez Figueroa.

Unha película. Gústame moitas, pero teño que destacar La Tormenta Perfecta.

Un grupo de música. Gústame o merengue, a salsa ou a bachata.

Unha afección. A pesca.

Un lugar que visitar. Teño pendente visitar Exipto.

Unha comida e unha bebida. Encántame o cocido e os pratos de culler. Tamén o viño da Rioxá.

Unha personaxe admirada. Hai moitas persoas dignas de

admirar. Pero se teño que elixir un político diría a Manuel Fraga, e un compositor de música, Beethoven.

Unha posesión prezada. Eu diría que me gusta máis o arraigo a unha cousa máis que nada.

Un desexo. Que a todos nos vaia o mellor posible na vida. Que todos compartamos bos momentos e desfrutemos da familia e amigos.

Algo para esquecer. Eu creo que as cousas para esquecer veñen acompañadas das malas sempre. Polo que estou conforme co que fun e fixen ao longo da miña vida, e non teño case nada que esquecer.

Que é o que máis valora nunha persoa? A fidelidade e que non enganen a ninguén.

Como equilibra a vida pública e a privada? Pola mañá no Concello, e pola tarde trato de espallarme un pouco.

Usa redes sociais e Whasapp? Só Whasapp. As demais redes non me gustan.

Un desafío pendente. Viaxar a Exipto.

Onde se ve en cinco anos? Oxalá que con saúde e viaxando.

O Concello reforza o seu compromiso cos maiores para activar o centro de día

A licitación para a xestión do novo centro de día, situado na antiga Casa do Mar, quedou deserta malia contar cun orzamento base de 1,2 millóns de euros. Ningunha empresa presentou oferta no concurso iniciado en marzo de 2025, unha circunstancia que o alcalde, Jesús Novo, atribúe á falta de garantías dun número mínimo de usuarios.

Co obxectivo de desbloquear a situación, o Concello decidiu introducir cambios no prego de condicións e asumir inicialmente o custo dun máximo de oito prazas, co fin de asegurar unha base mínima ás empresas que concorran á próxima licitación. Esta modificación obrigará ao goberno local a consignar fondos específicos no orzamento de 2026. Segundo explicou o rexedor, o Concello deixará de aboar esas prazas a

medida que vaian sendo ocupadas por novos usuarios, unha vez cubertas as restantes. O centro de día está deseñado para un total de 35 prazas, aínda que as previsións iniciais apuntan a que podería comezar a funcionar con arredor de 20 usuarios.

O custo estimado para as arcas municipais situaríase en torno aos 16.000 euros mensuais, preto de 192.000 euros ao ano, unha cantidade relevante que se suma a outros gastos no ámbito dos servizos sociais. Con todo, Jesús Novo defende a medida ao considerar que o centro é “fundamental para a atención á xente maior e para facilitar a conciliación das familias”.

O Concello confía en aprobar os orzamentos no primeiro trimestre de 2026 e relanzar a licitación nese mesmo período.

A Comisión de Festas lanza un calendario solidario para financiar celebracións

A Comisión de Festas de San Estevo do Vicedo xa ten listo o calendario oficial de 2026, unha iniciativa que regresa un ano máis como ferramenta de financiamento e como homenaxe á propia comunidade. O colectivo anuncia que o calendario xa pode solicitarse mediante mensaxe directa ou a través de calquera membro da comisión, e que nas vindeiras datas se informará dos establecementos colaboradores onde estará dispoñible para a súa venda.

O novo almanaque destaca pola súa forte vinculación coa xente do municipio. As páxinas inclúen fotografías cedidas por veciñas e veciños, imaxes cheas de lembranzas e momentos especiais que, segundo a organización, “reflicten a identidade, a historia e o afecto que a xente do Vicedo



sente polo seu territorio”.

O prezo do calendario será de 10 euros, unha achega que se destinará integramente á organización das festas na honra de Santo Estevo e Santa Lucía, dúas citas tradicionais que cada ano reúnen a dúas de persoas e que precisan dunha ampla colaboración para

seguir medrando.

A comisión agradece “a todas as persoas que quixeron formar parte do proxecto, especialmente a quen compartiu as súas fotos máis queridas”, e anima á veciñanza a apoiar esta iniciativa que combina memoria, identidade e celebración.

A compañía El Ruiseñor consegue o principal premio no Certame de Teatro

Lourenzá celebrou a gala de entrega de premios do VII Certame de Teatro, pechando un mes de intensa actividade cultural que converteu o Multiúsos Ponte de Cuñas no epicentro do teatro afeccionado. A cita contou cunha notable afluencia de público, que acompañou cada representación e destacou polo seu interese tanto entre veciños como visitantes.

O premio Conde Santo á mellor representación foi para A xuntanza, da compañía El Ruiseñor de Culleredo, que tamén se levou a distinción á mellor posta en escena. Fernando Moares recibiu o premio Lourenzo ao mellor actor polo seu papel nesta obra. Pola súa banda, o grupo Ollomao, de Barreiros, obtivo o premio especial do público coa obra Dona Clara, mentres que Patricia Pérez foi recoñecida como mellor actriz. Quequé Mareque, de Teatro do Asteleiro, de Ferrol, acadou o premio ao mellor actor de reparto, e Nerea Acebo, de Imaxina-T, de Narón, o de mellor actriz de reparto.

A gala estivo conducida pola actriz laurentina Carmen de Picoaga, participante tamén na obra Julieta en verano, engadindo atractivo á noite.

Terras de Lourenzá presenta o seu calendario de rutas de sendeirismo para 2026

A Asociación de Sendeirismo Terras de Lourenzá vén de dar a coñecer o seu calendario de rutas para o ano 2026, unha programación que inclúe ao longo de doce meses numerosas saídas por diferentes puntos de Galicia e doutras comunidades limítrofes, cunha clara aposta pola diversidade paisaxística e o carácter convivencial da actividade.

A Asociación busca fomentar o contacto coa natureza, a actividade física e a amizade entre participantes, promovendo rutas seguras e guiadas que combinan deporte, cultura e paisaxe ao longo de todo o ano.

O calendario arrinca no mes de xaneiro cun percorrido polo Camiño do Cantábrico, entre Banco de Loiba e Ladrado, na provincia da Coruña. En febreiro, a proposta trasládase a Asturias coa Ruta do Estraperlo, mentres que marzo inclúe unha saída polos arredores de Grandas de Salime. Xa en abril, a asociación percorrerá a Ruta Ribeira do Bispo–Miradoiro Augas Caídas, en Mañón.

O mes de maio estará dedicado ao Parque Natural de Redes, tamén en Asturias, e en xuño está

prevista unha viaxe de varios días pola comarca leonesa de Babia e Luna. En xullo, os sendeiristas achegaranse á Ruta de Los Molinos, entre Bres e Taramundi, mentres que agosto reservárase para o Día da Asociación, cunha xornada de convivencia que incluírá ruta, comida e xantar de confraternidade.

A programación continuará en setembro cunha saída polos Ancares, no tramo entre Piornedo e Cervantes, e en outubro está prevista a Ruta no Cadramón, en Ferreira do Valadouro. En novembro, Terras de Lourenzá propón a Ruta Veiga do Mandeo, en Aranga, xa para pechar o ano en decembro coa Ruta de Maeloc ata A Pastoriza e coa celebración da asemblea xeral anual de socios, acompañada da tradicional comida de Nadal.

Desde a asociación lembran que o calendario poderá estar suxeito a cambios por causas imprevistas ou por posibles axustes de datas, ao tempo que animan á participación tanto de socios como de persoas interesadas en coñecer o sendeirismo a través dun programa variado e accesible.

O PP alerta da falta de orzamentos e reclama melloras básicas no concello

O grupo municipal do Partido Popular en Lourenzá manifestou a súa preocupación pola “falta de traballo do goberno local socialista”, destacando que, a estas alturas, o Concello segue sen presentar os orzamentos para o ano 2026. “Xa deberían estar en vigor, pero o goberno socialista nin sequera presentou unha proposta para valorar polo Pleno”, sinalan os concelleiros. Segundo os populares, Lourenzá convértese un ano máis nun dos concellos que máis tardan en aprobar as súas contas. Lembran que os orzamentos do pasado exercicio non se aprobaron ata agosto de 2025, mentres que municipios veciños, gobernados por distintas cores políticas, xa contan cos seus. “Con este goberno, Lourenzá continúa perdendo visibilidade e está á cola da Mariña”, engaden.

Os populares subliñan a falta de xestión diaria, a limpeza, o mantemento dos bens municipais e a prestación de servizos básicos, ademais da ausencia de planificación económica, imprescindible para afrontar gastos e acometer novos investimentos. “Descoñecemos cales son os investimentos previstos; pero, á vista da falta de accións nos últimos meses e da inexistencia dun

proxecto de orzamentos para 2026, non podemos ser optimistas”, subliñan. Entre os gastos máis inmedios figura a suba de salarios, tanto dos traballadores como dos membros do goberno, e a regularización pendente das traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar (SAF).

Aproveitando o Nadal, o PP trasladou tamén unha serie de demandas prioritarias para mellorar a calidade de vida da veciñanza. Destacan a reposición de farois e puntos de luz, a limpeza continuada das rúas e contedores, o mellor estado da estrada que comunica Lourenzá con San Xusto e medidas para apoiar o tecido industrial e mercantil. Tamén subliñan a importancia de atender ás persoas maiores, coa recuperación dunha comida que non se realizou, e de impulsar actividades de exercicio físico e estimulación da memoria para combater o illamento social.

Finalmente, reclaman saldar pagos pendentes a traballadores e provedores, revisar o volume de multas e promover políticas que favorezan o asentamento de poboación, garantindo o desenvolvemento e futuro do municipio, cun concello máis dinámico e con maior calidade de vida para todos.

Aprobada definitivamente a nova taxa do lixo



O Goberno local aprobou definitivamente a Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa polo Servizo de Recollida, Transporte e Tratamento de Residuos Urbanos tras non recibir reclamacións no período de exposición pública. O acordo provisional, adoptado no pleno do 5 de novembro de 2025, queda así elevado a definitivo, facendo pública a normativa para o seu coñecemento xeral.

A nova ordenanza responde á Lei 7/2022 de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que obriga aos concellos a implantar taxas específicas que reflectan o custo real da xestión dos residuos e fomenten un consumo responsable dos recursos. O sistema de tarificación distingue entre vivendas e establecementos, adaptando os importes ao tipo de actividade e á superficie dos locais. As vivendas con reco-

llida diaria abonarán 88,06 euros anuais, mentres que as de recollida non diaria pagarán 60,60 euros. Nos bares e cafeterías, a cota varía entre 187,99 e 305,85 euros, mentres que os restaurantes pagarán entre 236,05 e 450,76 euros. Outros sectores, como hospedaxes, tendas, oficinas, centros educativos, instalacións deportivas, aparcadoiros, gasoleiras ou fábricas, contan con tarifas adaptadas á súa dimensión e actividade, chegando no caso de grandes talleres a 2.195,81 euros.

A taxa devéngase o 1 de xaneiro e abónase por trimestres naturais, calculándose de forma proporcional en casos de alta ou baixa. Desde o Concello destacan que a ordenanza permite cumprir a lexislación, avanzar cara a unha xestión máis sostible e transparente dos residuos e vincular o custo do servizo ao seu uso real.

A oposición cuestiona prioridades do Concello no novo orzamento

O Concello de Xove aprobou inicialmente no último pleno de 2025 o seu orzamento para o exercicio 2026, que ascende a 9.212.000 euros en ingresos e 8.222.000 euros en gastos, deixando un superávit inicial de 990.000 euros. O documento económico reflicte un incremento significativo respecto ao ano anterior, con 428.000 euros máis en gastos e 1.055.000 euros adicionais en ingresos. Os maiores capítulos do orzamento corresponden a persoal, con 3.757.000 euros, e a bens correntes e servizos, que alcanzan os 3.538.800 euros. Ademais, o Concello destina 522.000 euros a subvencións para asociacións e clubs e 400.000 euros para obras de mellora. Entre os ingresos, os impostos directos, taxas e transferencias autonómicas e estatais destacan como fontes principais.

Con todo, o Grupo Municipal Socialista expresou a súa profunda preocupación, cualificando estas contas como repetitivas, sen ambición política e afastadas das necesidades reais da veciñanza. O PSdeG sinala o escaso peso das inversións —apenas un 4,86 % do total— e critica o elevado gasto en empresas privadas, arredor de 1,6 millóns de euros. Os socialistas tamén denuncian a ausencia de proxectos estruturais en urbanis-



mo, sanidade, educación, polígono industrial ou saneamento, ao tempo que cuestionan a presenza de cinco dedicacións exclusivas no goberno municipal sen resultados visibles.

A polémica complementase coas denuncias do Bloque Nacionalista Galego sobre a calidade da auga. Segundo o BNG, diversas análíticas realizadas en 2025 evidencian valores irregulares en parámetros como turbidez, trihalometanos, aluminio ou colifagos somáticos en distintos puntos do concello. Os nacionalistas critican a falta de información á veciñanza e reclaman medidas preventivas, lembrando que a transparencia e a comunicación son clave para garantir un subministro seguro. Ademais, pre-

guntan se os movementos de terra en Gondar puideron afectar a rede de abastecemento e insistiron na necesidade de que todas as decisións se baseen en informes técnicos contrastables.

O alcalde defendeu que existen contraanálíticas con resultados favorables, que deben presentarse en menos de 24 horas, e asegurou a intención de modificar créditos tras o primeiro trimestre para acometer actuacións prioritarias, como a mellora da rede de auga e a arranxo da rede viaria provincial, grazas ao convenio coa Deputación de Lugo. Con todo, a oposición mantén o escepticismo e chama á reflexión sobre as prioridades e a planificación do goberno municipal.

Presentado o Calendario 2026 que mestura paisaxes e refráns populares

O Concello presentou o seu Calendario 2026, unha iniciativa que cada ano chega a todos os domicilios do municipio nestas datas. A edición deste ano combina a riqueza paisaxística e cultural das oito parroquias, ofrecendo cada mes unha imaxe que reflecte a beleza do territorio acompañada dun refrán ou expresión popular do municipio. Estas tradicións orais, recollen a filosofía, o humor e o xeito de vivir do pobo de Xove, facendo que o almanaque non só mostre os paisaxes máis fermosas, senón tamén un pequeno reflexo da súa alma.

O Concello agradeceu a colaboración dos participantes nos concursos de fotografía e ao fotógrafo local Emilio Pérez, cuxas imaxes enriquecen a publicación. O almanaque complétase cunha felicitación e unha listaxe de teléfonos e servizos de interese para a veciñanza.

Xove vibrou coa música na XIII edición do Concurso de Karaoke



Xove viviu unha noite chea de música e emoción coa décimo terceira edición do Concurso de Karaoke, consolidado como cita destacada do Nadal local. O Pavillón de Deportes encheuse de veciñanza e visitantes de toda A Mariña e cidades como A Coruña, Oviedo ou Cáceres. A pesar do frío, o público acompañou con aplausos e ánimos as actuacións nas categorías Pequenos, Júnior e Veteranos, que destacaron polo seu nivel artístico e variedade musical. O xurado, composto por

Xulia Nogueira, Uxío Dayán e Francisco Pico, tivo difícil tarefa para valorar as interpretacións, mentres Vanesa Míguez conduciu a gala mantendo ritmo e bo ambiente. A organización agradeceu a participación e resposta do público, convertendo a actividade nun referente festivo. Entre os premiados, destacan Aitana Jiménez Blanco, Daniela Robledo Cardoso, M^a Ángeles Leal García na categoría de Mellor Voz, e Carlos Jiménez Seijas na de Mellor Caracterización.

Medio Rural confirma un novo foco de gripe aviaria

A Consellería do Medio Rural informou da detección dun novo foco de influenza aviaria de alta patoxenicidade (IAAP) en Galicia, tras confirmarse a infección en cinco aves silvestres atopadas no municipio de Xove. Trátase de cinco gaivotas patiamarelas (*Larus michahellis*) que foran trasladadas ao Centro de Recuperación de Fauna Silvestre de O Veral, onde se realizaron as análises pertinentes.

As probas foron confirmadas polo Laboratorio Central de Veterinaria de Algete (Madrid), e os cadáveres das aves foron eliminados seguindo a normativa vixente.

A situación encaixa nun contexto estatal de especial preocupación: España notificou 131 focos en aves silvestres no período de vixilancia iniciado o 1 de xullo, unha cifra moi superior á doutros anos. A tendencia ascendente tamén se observa noutras zonas de Europa, onde se detectou un incremento notable nas

últimas semanas.

Ante esta realidade, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación activou o pasado 13 de novembro medidas preventivas obrigatorias en todo o territorio estatal para evitar o contacto entre aves domésticas e silvestres. A Consellería do Medio Rural lembra a importancia de aplicar con rigor estas normas tanto en explotacións industriais como familiares, prestando especial atención á prevención de contactos con fauna salvaxe e á vixilancia sanitaria.

O departamento autonómico subliña que calquera sospeita debe comunicarse de inmediato aos Servizos Veterinarios Oficiais, mentres que no caso de atopar aves silvestres enfermas ou mortas se recomenda avisar a través do teléfono 012. O serotipo detectado, H5N1, presenta un baixo potencial de transmisión a humanos, pero a Xunta insiste en non manipular animais afectados e en informar ás autoridades competentes.

Melloras nos locais de San Xusto e O Canteiro reforzarán a actividade

Os locais sociais de San Xusto de Cabarcos e de Benquerencia presentan unha imaxe renovada tras a execución de distintas actuacións que melloran notablemente as condicións destes espazos de uso veciñal, fundamentais para a convivencia e a dinamización social nas parroquias. As intervencións permitiron adaptar os inmobles ás necesidades actuais e facilitar o desenvolvemento das múltiples actividades que acollen ao longo do ano.

En San Xusto de Cabarcos, os traballos centráronse na renovación integral do solo do local social, substituíndo o antigo pavimento de cemento por un chan vinílico máis cómodo e funcional. Esta mellora supón un avance importante en termos de confort térmico e seguridade, ademais de ofrecer unha superficie máis axeitada para o uso diario. O novo pavimento resulta especialmente beneficioso para actividades como as clases de ximnasia de mantemento, nas que os participantes realizan exercicios directamente no chan, así como para encontros e talleres que requiren un espazo máis acoledor. O local é xestionado pola asociación veciñal San Pastor, unha en-



tidade activa desde o ano 2001 que promove ao longo do ano un amplo programa de actividades sociais, culturais e de lecer. Encontros de convivencia, celebracións tradicionais, excursións, talleres de memoria ou propostas dirixidas ás persoas maiores forman parte dunha programación que agora se ve reforzada grazas ás mellores condicións do inmoble. Pola súa banda, en Benquerencia, o edificio veciñal O Canteiro estrea unha nova imaxe tras a reforma integral do seu exterior. A actuación permitiu renovar o recinto e mellorar o seu aspecto, adaptándoo ás necesidades actuais dun espazo que funciona

como punto de encontro para a veciñanza e para as entidades locais. O inmoble acolle habitualmente actividades culturais, educativas e recreativas, polo que a mellora do seu estado contribúe a facer máis atractivo e funcional este espazo comunitario. A renovación de ambos locais supón un impulso para a actividade social das parroquias, reforzando o papel destes inmobles como lugares de encontro, participación e cohesión veciñal. Espazos coidados e adaptados ás necesidades actuais facilitan a continuidade das iniciativas colectivas e axudan a manter viva a vida social no rural.

San Cosme estreará unha senda peonil e ciclable para mellorar a conexión co litoral

O Goberno local asinou recentemente un convenio coa área de Rural da Deputación para facer realidade a primeira etapa da futura senda peonil e ciclable de San Cosme, unha infraestrutura chamada a transformar a mobilidade interna da capital municipal. A alcaldesa, Ana Ermida, lembrou que se trata dun proxecto deseñado en varias fases e que responde a unha demanda social moi estendida entre as familias e o tecido asociativo. Segundo indicou, a actuación permitirá conectar espazos próximos "mais con pouca interacción entre si", favorecendo novas relacións sociais entre barrios e núcleos da parroquia. O proxecto global prevé enlazar os diferentes núcleos de poboación coa zona de praias actuando nos marxes das estradas provinciais que comunican ambos puntos. Nesta primeira fase, dotada cun orzamento de 529.000 euros, executarase o tramo que vai desde o centro de San Cosme ata a contorna do campo de fútbol, lugar desde o que xa é posible continuar cara ao litoral por unha vía secundaria máis tranquila.

Ademais do paseo, incluírase a finalización da apertura dun viario proxectado na área do Xuncal e a creación de novas zonas de aparcamento que ordenarán o acceso ao espazo deportivo. A iniciativa contempla tamén a instalación de balizas solares para iluminar o percorrido e facilitar o seu uso nocturno cun sistema enerxeticamente sostible. Ermida subliñou que a obra deixará conectada co centro da vila a zona do pavillón municipal e o futuro apeadoiro do tren previsto nesa mesma área, de maneira que se integrarán puntos de moita actividade coa parada de autobús renovada hai pouco e coas zonas de ocio creadas a carón do colexio. A alcaldesa incidiu en que esta conexión realizarase "dun xeito seguro, nunha vía que na época de verán conta con moita afluencia tanto de tráfico como de persoas". De cara aos próximos anos, o goberno municipal pretende continuar o trazado ata enlazalo coas beirarrúas xa existentes e estender o modelo ao resto das parroquias costeiras.

Reforzan o servizo de préstamo de material sociosanitario

O Concello de Barreiros ampliou o seu servizo de préstamo de material sociosanitario co obxectivo de facilitar a atención de persoas nos seus domicilios e apoiar ás familias, evitando gastos elevados. A alcaldesa, Ana Ermida, e a concelleira de Servizos Sociais, Carmen Veiga, supervisaron a recepción do novo equipamento, adquirido grazas a un convenio coa Deputación Provincial, que permitiu reforzar un servizo considerado esencial para garantir unha atención digna e de calidade en contornos domésticos. Segundo indicou a responsable de Servizos Sociais, esta é a segunda remesa de material subvencionada pola Deputación, tras un primeiro investimento de 20.000 euros en 2020, que incluíu camas articuladas, cadeiras de aseo, lavacabezas e andadores, sentando as bases do servizo. A alcaldesa destacou a importancia dun sistema de préstamo municipal que pon ao alcance



da veciñanza recursos de alto custo e uso puntual, permitindo atender ás persoas no seu fogar nas mellores condicións posibles. Actualmente, o Concello dispón de material moderno, funcional e sinxelo de manexar, accesible mediante un procedemento áxil a través do departamento de Servizos Sociais. Entre os recursos dispoñibles hai once camas articuladas con colchóns, seis colchóns antiescaras, once cadeiras de

aseo, catro asideiros, dúas grúas, dous andadores, catro lavacabezas e diversos materiais complementarios como termómetros e tensiómetros. Tanto a alcaldesa como a concelleira reiteraron o compromiso do Concello coa atención social, sinalando que estas políticas sitúan á veciñanza no centro das decisións municipais e contribúen a mellorar a calidade de vida no municipio.

Licitan a ampliación e mellora enerxética do CEIP San Miguel



A administración autonómica licitou as obras de ampliación e mellora do Colexio San Miguel de Reinante, en Barreiros, cun investimento de arredor de 400.000 euros. A intervención, promovida pola Consellería de Educación, desenvolverase ao longo de 2026 e forma parte do Plan de nova arquitectura pedagóxica. Os traballos centraranse nos edificios de aulario para mellorar a eficiencia enerxética e o confort térmico e ambiental para alumnado, profesorado

e comunidade educativa. O proxecto prevé aforros medios do 40% no consumo enerxético e nas emisións contaminantes. Entre as actuacións inclúese a substitución da carpintería exterior por outra con rotura de ponte térmica e vidro dobre baixo emisor, a instalación de illamento térmico tipo SATE en fachada e porche, e a renovación da iluminación con luminarias LED nas zonas sen esta tecnoloxía, mellorando así a sustentabilidade e eficiencia do centro.

Alfoz: Efigenia Maseda Paz

“O meu obxectivo é rematar a lexislatura coa sensación de que se fixo un bo traballo para Alfoz”



DATOS

HABITANTES: 1.523.

PARROQUIAS: 9.

EXTENSIÓN: 77,5 km cadrados.

PARTIDO XUDICIAL: Mondoñedo.

CORPORACIÓN: 3 concelleiros do PSOE, e de VIA e 3 do PP.

ALCALDE: Efigenia Maseda Paz de VIA Alfoz.

VOCEIRO PP: Juan José Fraga Paz.

VOCEIRO PSOE: Cándido Paleo Rejes.

A alcaldesa, Efigenia Maseda, repasa o seu camiño político, os sacrificios persoais do cargo e as prioridades dun goberno que aposta pola proximidade e polos servizos públicos

Explíquenos un pouco como se iniciou na política e como se vinculou ao seu partido.

Nunha reunión de varios veciños do concello, polo mes de marzo do ano 2015, na que se traballaba coa idea de conformar unha agrupación de electores e concorrer ás eleccións de maio dese ano. Convocoume Xabier Pardiñas xunto con outras persoas, que hoxe forman parte do partido VIA ALFOZ.

Como deu o salto e recibiu impulso para ser alcalde?

Cun cambio de última hora na lista de candidatos ás eleccións de 2023. O candidato non puido seguir na primeira liña política e asumín ir primeira na lista.

Esto sumado a que o partido resultou ser a segunda forza política nos comicios, logrando un dos seus mellores resultados, traballamos para cumprir a palabra coa veciñanza xa que lles dixéramos: alcaldía ou oposición.

A nivel persoal, que sacrificios supón formar parte do Goberno do Concello?

A falta de tempo para adicarlle a cuestións persoais e familiares pois este é un servizo de 24 horas os 365 días do ano, a atención a miña vida persoal xira marcada polas necesidades da veciñanza.

E beneficios?

O trato persoal cos veciños e veciñas e a satisfacción do traballo feito sobre todo cando es capaz de levalo a bo término, por pequeno que sexa o logro.

Cales son os seus obxectivos a nivel político?

Rematar a lexislatura acadando o maior número de obxectivos planificados, intentar poñer en marcha proxectos “in mente” que melloren Alfoz e rematar coa sensación de que se fixo un bo traballo.

6E como Goberno cara a próxima lexislatura?

Estou centrada no presente, no día a día do Concello e dos veciños e veci-

ñas, non son quen de facer plans a longo prazo, porque moitas veces é fácil que se torzan polo camiño, pero podería resumilo en seguir atopando solucións aos problemas dos veciños e veciñas e traballando por Alfoz.

Está a favor dos pactos para conformar un goberno estable?

Si, nesta lexislatura VIA ALFOZ ten un pacto de goberno co PSOE, no que ambos tratamos de traballar xuntos para mellorar a vida da veciñanza do concello de Alfoz, eles son quen nos elixiron e neles ten que reverter o noso traballo.

Cales son as 3 principais liñas do seu programa?

Seguir mellorando as Infraestruturas a través da modernización e a eficiencia enerxética dos edificios, actualizándoas aos tempos que corren, e a mellora das vías do municipio.

Continuar potenciando os Servizos como o Servizo de Axuda no Fogar, pois apoiamos as familias ás que non lles chegan outras axudas xa que son coidadoras de persoas con dependencia. Así como os Servizos de axudas por natalidade, aos centros educativos das distintas etapas e ás actividades de ocio e tempo libre, potenciando así o asentamento da poboación. E, entre outras, seguir colaborando coa Mancomunidade para que Alfoz sexa o centro do turismo da Mariña coa creación do Centro de Interpretación do Mariscal Pardo de Cela no noso castelo.

Cales considera que son as principais necesidades no seu Concello?

O noso gran problema e que compartimos con todos os concellos rurais de Galicia, é o avellentamento da poboación, a súa dispersión xeográfica e o acceso á vivenda. Para suplir estas necesidades, precísanse de políticas comprometidas a outros niveis que non é o local.

De que proxectos se sente máis orgullosa?

Teño varios, por dicir algún, empezaría polo principio que foi conseguir que as mesas de pedra da área re-



creativa do Castelo de Castrodouro se renovasen e conservasen a súa localización orixinal e que a comisión do Mercado Medieval de Alfoz recuperase a batuta da reactivación, que nesta edición cumpriu a súa edición número XXV.

Tamén ver como se melloran e modernizan as instalacións locais que son un patrimonio que ten toda a veciñanza de Alfoz.

Que lle gustaría que os veciños visen de vostede como alcaldesa?

Que todas as veciñas e veciños de

Alfoz me vexan como unha máis deles porque en todo momento e lugar poden falar comigo ou preguntarme polo que precisen sen ningún tipo de escolla. Aínda que non teña a resposta precisa nese momento sempre trato de buscala.

Como é a súa relación coa oposición?

Boa, con algúns deles teño máis trato persoal que con outros, cando quixeron e queiran falar comigo sempre teñen as portas abertas.

EN CLAVE PERSOAL

Idade, estado civil e familiar.
61 anos, solteira e teño un fillo.

Profesión e formación.
Profesora, Licenciada en Filoloxía Clásica.

E si non fora alcalde que sería?
Profesora, pois xa o era e sígoo a ser.

Que quería ser de maior?
Sempre tiveron moi claro que quería ser profesora.

Que fai para desconectar?
Coidar o meu horto particular e de autoconsumo.

Unha virtude e un defecto.
A paciencia, por partida dobre, tanto de virtude coma de defecto.

Un consello para compartir.
Carpe diem.

Un libro.
El Lazarillo de Tormes, que segue vixente en pleno século XXI.

Unha película.
Gladiator.

Un grupo de música.
Rozalén ou Sés, no mesmo chanzo.

Unha afección.
A costura.

Un lugar que visitar.
Italia a nivel internacional e a nivel nacional Mérida.

Unha comida e unha bebida.
A lasaña e unha clara de limón.

Unha personaxe admirada.
O meu pai, porque lle tocou vivir malos tempos e soubo saír a flote e nunca a costas de ninguén, so da súa peculiar visión do futuro e do traballo del e da miña nai.

Unha posesión prezada.
Unha touca (toquilla) negra de miña avoa paterna e os seus pendentes.

Un desexo.
Saúde para todas e todos, pois se a hai o resto faise con traballo.

Algo para esquecer.
Nada, o bo hai que recordalo e o malo tamén pois sempre se aprende máis del ca do bo.

Que é o que máis valora nunha persoa?
A honradez.

Como equilibra a vida pública e a privada?
Intento que unha non pase por riba da outra, aínda que o importante non sexa a cantidade do tempo senón a calidade.

Usa redes sociais e WhatsApp?
Si. Facebook e WhatsApp.

Un desafío pendente.
Facer algunha das viaxes canceladas por falta de tempo.

Onde se ve en cinco anos?
En Alfoz, traballando e a piques de xubilarme.

“Ser alcaldesa supón un servizo de 24 horas, os 365 días do ano, no que a vida persoal queda condicionada polas necesidades da veciñanza”

alfoz

Novos paneis en parroquias e rutas destacan a identidade local

Alfoz continúa avanzando na posta en valor do seu patrimonio natural e cultural coa recente instalación de nova sinalización tanto a nivel parroquial como turístico. Na parroquia de Mor colocáronse nos últimos días sinais que permiten mellorar a identificación dos barrios e reforzar a súa identidade local. Desde a Asociación de Veciños destacan que a sinalización tomou como referencia os barrios recollidos polo Instituto Nacional de Estatística (INE) e polo padrón municipal, sen esquecer as denominacións históricas e populares que forman parte da memoria colectiva da veciñanza. Este proxecto foi posible grazas a unha subvención da Deputación de Lugo no marco das axudas das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses, destinadas a entidades sen ánimo de lucro.

Paralelamente, o Concello levou a cabo o proxecto de Mellora da sinalización turística, financiado pola



Axencia Turismo de Galicia con 30.000 euros dun investimento total de 30.007,01 euros. A intervención estendeuse polas parroquias de O Pereiro, Adelán, Carballido, Bacoí, Reirado e Mor, e incluíu a instalación de paneis de benvida nas entradas ao municipio, un panel interpretativo na Pesa de Correlos e a renovación de dous paneis na ruta Pena Abaladoira—Escouridal.

A alcaldesa, Efigenia Maseda, subli-

ña que estas actuacións melloran a experiencia turística, ofrecen unha visión coherente do territorio e favorecen un turismo sostible e educativo, permitindo que veciños e visitantes descubran Alfoz con información clara e respectuosa co entorno. A posta en valor do territorio busca conciliar conservación, accesibilidade e promoción cultural, reforzando a identidade das parroquias e a visibilidade do municipio.

Carballido celebra as festas de San Sebastián cunha nova localización

Carballido, no concello de Alfoz, prepara as festas en honra de San Sebastián, que se celebrarán os días 17 e 18 de xaneiro de 2026 cun programa repleto de música, baile e ambiente festivo. Este ano, a principal novidade será o cambio de localización ao antigo serradoiro de Xaque, onde se instalará unha carpa climatizada e de maiores dimensións, evitando problemas de lama e mellorando a comodidade do público.

As actividades comezarán o sábado 17 coa sesión vermú do Dúo Belinda, acompañada de tapas de callos, seguida pola verbena con música en directo do Grupo Assia e rematando co DJ Pablo Conxuro, prolongando o baile ata a noite. O domingo 18 estará dedicado aos actos tradicionais, con misa e procesión na honra de San Sebastián, e continuarase coa macro sesión vermú de fin de festa, de novo co Dúo Belinda, acompañada de tapas de callos para despedir as celebracións.

A Asociación de Veciños San Sebastián de Carballido aposta por consolidar estas festas como unha referencia na comarca, combinando tradición, diversión e gastronomía para ofrecer unha experiencia completa tanto a veciños como visitantes.

Hipólito Xeada, de Alfoz, gaña o XXXVI Certame Galego de Arte do Belén de Begonte

Hipólito Xeada, natural de Alfoz, resultou gañador do XXXVI Certame Galego de Arte do Belén de Begonte co seu traballo titulado A ilusión do Nadal, unha obra coa que, segundo o xurado, conseguiu reflectir á perfección o ambiente característico do Belén de Begonte. O galardón corresponde ao Premio José Domínguez Guizán, dotado con 2.000 euros e diploma, dentro do certame de arte que rende homenaxe, nesta edición, á memoria de Manuel Gulín Rodríguez.

Xunto ao premio principal, o xurado decidiu conceder mencións de honra pola alta calidade das obras presentadas. Foron recoñecidos Manuel Carballeira Rivas, de Valdoviño, pola obra A Chaira; Andrés Gabarres Cagiao, de Ferrol, por Huellas del tiempo; e Santiago Lago Canzobre, tamén de Ferrol, pola obra Otoño en la ciudad.

Os premios serán entregados no acto de clausura do Belén de Begonte, previsto para o vindeiro 31 de xaneiro de 2026. Ademais, as obras participantes poden visitarse ata o 14 de xaneiro na Sala da Delegación Territorial da



Xunta de Galicia en Lugo, e posteriormente, do 15 ao 30 de xaneiro, estarán expostas na Casa da Cultura do Concello de Begonte. O fallo foi emitido tras a reunión celebrada este martes na Sala de Arte da Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Lugo, dun xurado composto por Aurelia Balseiro García, directora do Museo Provincial de Lugo; Gonzalo Sánchez Folgueira "Zalo", pintor; Javier Arias Fouz, delegado territorial da Xunta de Galicia en Lugo; Xulio Giz Ramil, presidente do centro convocante; e Sonia Varela García, da Comisión de Cultura do centro cultural convocante, que actuou como secretaria.

o valadouro

Novas beirarrúas, iluminación e mobiliario para a praza de Santa María en Ferreira

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas da Xunta de Galicia vén de licitar as obras de humanización da praza de Santa María, en Ferreira, no concello do Valadouro, cun orzamento de 191.399 euros. A intervención ten como obxectivo mellorar a accesibilidade, ordenar os espazos e facer máis amable un dos puntos centrais da localidade. Segundo recolle a Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, o prazo para a presentación de ofertas xa rematou o 2 de xaneiro de 2026, mentres que o tempo estimado de execución das obras será de oito meses desde o inicio dos traballos.

A actuación centrarase nunha superficie de 1.141 metros cadrados da praza, concretamente na súa fachada leste. Entre as melloras previstas inclúense intervencións no pavimento para diferenciar claramente a zona destinada ao tráfico rodado da de uso peonil, así como a eliminación de desniveis co fin de facilitar a mobilidade a pé. O proxecto contempla tamén a creación de beirarrúas que melloren a seguridade e a accesibilidade do espazo.

Os traballos completaranse coa instalación de novas liñas de iluminación pública e coa colocación de mobiliario urbano, como bancos, papeleiras e xardineiras circulares.



Estes elementos serán móbiles, permitindo a súa retirada ou recolocación no caso de que a praza acolla mercados ou eventos. Ademais, procederase á substitución da varanda existente e á limpeza do cruceiro.

O investimento total da actuación ascenderá a 220.000 euros e executarase ao abeiro dun convenio de colaboración entre a Xunta e o Concello do Valadouro dentro do Plan Hurbe. En virtude deste acordo, o Goberno galego asumirá o 70 % do custo da intervención, mentres que o 30 % restante será achegado pola administración local. O convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

O Valadouro incorpórase ao plan autonómico para impulsar nova vivenda protexida

O Valadouro xa forma parte do Programa de oferta de solo das entidades locais impulsado pola Xunta para facilitar a construción de vivenda protexida. A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María M. Allegue, xunto co secretario xeral da Consellería, Yago Borrajo, asinou en San Caetano o convenio de colaboración co alcalde do municipio, José Manuel Lamela Piñeiro. Na sinatura tamén participou o director territorial da Consellería en Lugo, Marco Antonio Fernández Piñeiro.

A través deste acordo, a Xunta pon a disposición do Concello unha ferramenta que lle permitirá sacar a concurso público unha parcela de 2.010,88 metros cadrados, situada entre a rúa Rosalía de Castro e a avenida da Veiga, para a construción de cando menos 44 vivendas protexidas. O proceso realizarase en concorrencia libre e abrírase tanto a

promotoras como a cooperativas, facilitando tamén a información á cidadanía sobre o solo dispoñible.

O Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) asumirá boa parte da tramitación técnica: a publicación do solo ofertado, a redacción dos pregos, os anuncios de licitación, a mesa de contratación e a valoración das propostas. Pola súa banda, o Concello só terá que facilitar os datos da parcela, participar na mesa e ditar a resolución final de adjudicación.

A conselleira Allegue destacou a relevancia desta colaboración e lembrou que O Valadouro é o quinto concello galego en adherirse ao programa, tras As Pontes de García Rodríguez, A Arnoia, Friol e Valdoviño. Segundo explicou, a iniciativa está a despertar o interese doutras administracións locais, e o prazo de adhesión permanecerá aberto sen límite temporal.

33 fotografías participaron no X Concurso de Fotografía

O xurado designado polo Concello de Mondoñedo reuniuse recentemente para avaliar as obras presentadas ao X Concurso de Fotografía “O Mellor Recuncho de Mondoñedo”, unha edición que volveu amosar o talento e a creatividade da veciñanza. Tras a deliberación, o comité decidiu outorgar o primeiro premio a Marcos Candia Cuba, mentres que o segundo posto recaeu en Suso Rubio e o terceiro, en Lorena Fernández Rivas.

Nesta convocatoria participaron un total de 33 fotografías, todas elas centradas en plasmar a beleza, a identidade e os espazos singulares do municipio. Ademais de seleccionar a terna de galardoados, o xurado escolleu outras dez instantáneas que, xunto coas



tres premiadas, formarán parte do calendario oficial do Concello de Mondoñedo correspondente ao ano 2026. Tanto o Concello como o xurado agradeceron a alta participación cidadá.

A Catedral de Mondoñedo inicia a restauración das campás

A Catedral de Mondoñedo continúa a ser obxecto de atención e coidados constantes por parte do cabido catedralicio, que mantén o seu compromiso coa conservación do principal templo da diocese. Nas últimas semanas leváronse a cabo distintos traballos de mantemento orientados a preservar o bo estado do edificio e prever posibles danos derivados do paso do tempo e das condicións meteorolóxicas.

Entre as actuacións realizadas figura a limpeza de canlóns e fachadas, así como un repaso xeral dos tellados co obxectivo de eliminar filtracións, goteiras e humidades. Estes labores foron executados pola empresa Evox Vertical, especializada neste tipo de intervencións en altura e colaboradora habitual noutras igrexas da diocese. Para poder

acceder ás zonas máis elevadas do inmovible, incluídas as torres, foi necesario empregar unha grúa de gran formato. Trátase de tarefas periódicas e imprescindibles para garantir a conservación dun edificio histórico destas características.

De maneira paralela, a Catedral está a ser escenario doutra intervención de especial relevancia: o axuste e restauración das campás da torre. Os traballos contan cun orzamento de 14.900 euros e están subvencionados pola Xunta de Galicia. A actuación corre a cargo da empresa Campanas Ocampo, recoñecida polo seu prestixio e ampla experiencia neste ámbito, e está previsto que remate durante o primeiro trimestre do vindeiro ano.

A restauración abrangue as oito campás da torre, incluída a em-

blemática campá Paula. As intervencións inclúen a substitución de cepos, a reparación de ferraxes, o cambio dalgúns badalos e distintos axustes técnicos, co obxectivo de mellorar a seguridade e garantir a correcta conservación das campás. Estes traballos permitirán recuperar o toque manual ordinario, unha práctica de grande valor patrimonial e cultural.

Na actualidade, a campá Paula permanece depositada no chan da torre, á espera de poder ser izada de novo unha vez concluída a restauración. Por este motivo, os veciños e veciñas de Mondoñedo non poderán escoitar os seus sons durante este Nadal, aínda que desde o cabido destaca que se trata dunha ausencia temporal necesaria para asegurar a súa preservación a longo prazo.

“O amor imponse cando as protagonistas son mulleres fortes”

O gañador do II Premio Álvaro Cunqueiro de Novela fala de ‘Elas dúas’, unha historia de amor entre dúas mulleres na Pontevedra de mediados do século XX

Por Noelia Uceira.

Luís Rei Núñez vén de gañar o II Premio Álvaro Cunqueiro de Novela con ‘Elas dúas’, unha obra que reconstrúe con pulso narrativo a Pontevedra de posguerra e que pon no centro unha relación amorosa vivida á marxe das convencións sociais. Falamos co autor sobre o oficio, a cidade como personaxe e a dimensión humana dunha novela que quere ir máis alá do tempo no que se sitúa.

Que significou para vostede recibir o Premio Álvaro Cunqueiro cunha novela como ‘Elas dúas’, tan ligada á memoria, á sensibilidade e ás emocións silenciadas dun tempo pasado?

Para min, como para calquera autor, un recoñecemento público é importante porque dá visibilidade ao que se escribe: ao final o que un busca é chegar a máis lectores. E, ademais, que o certame leve o nome de Álvaro Cunqueiro ten unha forza especial, porque é un nome ‘moi sonoro’, con repercusión aquí e fóra, e iso tamén axuda a que os libros poidan viaxar. Tamén valoro moito que sexa un premio ‘a cegas’: preséntanse as obras sen nome e o xurado decide polo que percibe no texto, como nunha cata sen etiquetas. Iso invita ao optimismo e a seguir no oficio de

xuntar palabras.

A Pontevedra de mediados do século XX convértese case nun personaxe máis da obra. Como foi o proceso de reconstruír literariamente esa cidade e esa época?

A intención inicial era contar unha historia de amor entre dúas mulleres fortes, de procedencias sociais e idades distintas. A partir de aí, a cidade e o tempo acaban collendo un peso decisivo: o relato sitúase nuns anos que eu describo como ‘anos de penitencia’ para o país, despois dunha guerra que aínda conservaba ecos importantes na sociedade. Nese marco, Pontevedra vai medrando no libro ata adquirir unha importancia que case a converte nunha protagonista máis.

A historia de amor entre dúas mulleres que viven á marxe das normas sociais é o eixo central da novela. Que lle interesaba explorar desa relación e do contexto no que se desenvolve?

No fondo é, antes que nada, unha historia de amor. Hoxe pode estar máis admitido, pero non sempre foi así, e por iso aparece o conflito. Interesábame ver como, fronte aos atrancos que se van presentando, acaba prevalecendo a vontade de dúas persoas que deciden manter a

relación ‘fronte a todo’. E iso sostense porque son dúas mulleres fortes.

O xurado destacou o ‘mapa emocional’ que atravesa a obra, con valores como a amizade, a formación persoal ou a raíz familiar. Son elementos recorrentes na túa narrativa ou xurdiron de maneira natural nesta historia?

O que eu teño moi presente, cando escribo sobre persoas e relacións, é a prioridade do sensible: esa parte intuitiva coa que nos achegamos aos sentimentos propios e alleos. A literatura permítenos retratar un ámbito que a miúdo está velado por moitas capas; escribir é ir retirando esas capas ata chegar ao ‘miolo’ do que nos move como seres humanos. Nese sentido, os vínculos (sexan amorosos, afectivos ou de pertenza) non se colocan ‘de fóra’, senón que xorden de maneira natural ao tentar volver ao humano.

Despois dunha longa traxectoria na literatura e no xornalismo, con premios tan relevantes como o Xerais ou o Blanco Amor, que supón este recoñecemento nunha etapa xa madura da súa carreira?

Eu subliñaría o mesmo: os recoñecementos ao longo da carreira son importantes sobre todo pola visibilidade, porque permiten que o que



escribes chegue a máis lectores. E, no caso deste premio, tamén pesa o valor simbólico do nome de Cunqueiro e o feito de que o xurado escolle unha obra presentada sen firma: que cinco persoas lean e valoren o que fixeches pode representar a sensibilidade de moitos lectores, e iso dá ánimo para continuar.

Que pode agardar o público de ‘Elas dúas’ e que lle gustaría que permanecese con el unha vez pechada a última páxina?

A maior aspiración que podemos ter como autores é facer sentir a ‘cadea fraterna’ que nos une aos demais. Cando falamos de persoas e das súas historias, achegámonos de maneira intuitiva aos sentimentos: intentamos chegar a ese centro que nos move. Se ao rematar o libro queda

esa sensación de regreso ao humano, eu xa me daría por satisfeito.

Que valor ten para vostede recibir este galardón en Mondoñedo, unha cidade tan ligada a Álvaro Cunqueiro, e que significado cre que ten hoxe un premio que aposta pola novela en lingua galega?

Ten unha singularidade clara: entrégase en Mondoñedo, que é unha cidade histórica, con importancia na Galicia do pasado e tamén como referencia hoxe. E eleva un nome, o de Álvaro Cunqueiro, que para min é único: non hai unha ‘escola cunqueiriana’ imitable, precisamente porque é irrepitible. Por iso é unha satisfacción inmensa que o meu nome quede ligado ao del deste xeito, porque o admiro moitísimo.

mondoñedo

A Deputación licita a mellora dos dous últimos quilómetros da LU-P-3108 en Mondoñedo

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou a licitación das obras para mellorar os dous últimos quilómetros da estrada provincial LU-P-3108, no termo municipal de Mondoñedo, no tramo que une Viloalle con Figueiras. A actuación suporá un investimento próximo aos 80.000 euros e permitirá renovar un viario clave para a mobilidade diaria da veciñanza da zona.

Os traballos previstos inclúen a reapertura de cunetas para mellorar a drenaxe da vía, o saneo da explanada, a reparación dos

danos existentes e a repavimentación completa do tramo, co obxectivo de incrementar a seguridade viaria e alongar a vida útil da estrada.

Desde a Deputación subliñan que esta intervención responde á necesidade de manter en bo estado a rede viaria provincial, especialmente nas estradas que conectan núcleos rurais e que soportan un uso continuado. O prazo estimado de execución é de tres meses desde o inicio das obras, tempo no que se prevé devolver á vía unhas condicións óptimas de circulación.

Rematan as obras de consolidación no castro de Zoñán, un xacemento clave



A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude vén de concluír unha nova intervención de conservación e consolidación no castro de Zoñán, en Mondoñedo. A actuación, que contou cun orzamento de 13.700 euros, centrouse en garantir a estabilidade das estruturas escavadas e en mellorar o estado xeral dun dos xacementos máis singulares da provincia.

Nesta última campaña actuouse sobre as estruturas xa descubertas en campañas anteriores, reparando elementos soltos ou desprazados, como varias pezas das cabeceiras. Ademais, consolidouse de forma definitiva unha das vivendas da croa, eliminando a cabeceira provisional existente e acometendo tarefas de recheado dos muros. Xunto a isto, realizouse unha limpeza integral da vexetación e renováronse os paneis informativos, deteriorados polo paso do tempo.

O castro de Zoñán é un referente no estudo da cultura castrexa en Galicia. Foi un dos primeiros xacementos escavados no país, no ano 1867, baixo a dirección de José Villamil y Castro, quen identificou dúas estruturas e recuperou importantes achados materiais, como muíños, cerámicas e obxectos metálicos en bronce e ferro. Xa na primeira década do século XXI voltouse intervir no lugar, permitindo exhumar numerosas estruturas domésticas na croa, agrupadas en pequenos barrios e construídas en lousa, cunha superficie próxima aos 900 metros cadrados.

Os materiais arqueolóxicos recuperados ao longo de máis de século e medio de estudos sitúan a ocupación do castro entre o Bronce Final e o século V da nosa era, converténdoo nun espazo clave para comprender a evolución dos poboados fortificados no noroeste peninsular.

vegadeo

O quiosco da música de Medal será restaurado grazas ao Principado

A Consellería de Cultura, Política Llingüística e Deporte do Principado de Asturias asumirá o financiamento das obras de rehabilitación do quiosco da música do parque de Medal, en Vegadeo, un dos espazos máis representativos do patrimonio histórico e cultural da localidade. A intervención contará cun investimento de 53.119 euros e permitirá restaurar este templete, converténdoo de novo nun punto de referencia para a vida social e cultural do concello.

O quiosco foi construído no último terzo do século XIX grazas ás achegas de emigrantes de ultramar, e destaca pola súa balaustrada de ferro forxado e pola súa cuberta octogonal, elementos que forman parte da identidade visual de Vegadeo. Co paso do tempo, o espazo foi deteriorándose, polo que a actuación prevista garantirá a súa conservación e posta en valor de cara ás vindeiras xeracións. A recuperación do quiosco permitirá revitalizar o parque de Medal



como lugar de encontro, acollendo programación musical e actividades culturais dirixidas a toda a veciñanza. Deste xeito, o espazo recuperará o seu papel tradicional como escenario para a convivencia e a dinamización cultural.

Esta actuación desenvolverase en colaboración entre o Principado de Asturias e o Concello de Vegadeo, reafirmando o compromiso das ad-

ministracións coa protección, conservación e promoción do patrimonio cultural do municipio.

MOEXMU. César Álvarez, alcalde de Vegadeo e presidente da Fundación de Muestras, será o pregoeiro da XLII Moexmu 2026, que se celebrará do 10 ao 12 de abril, destacando a feira histórica, multisectorial e dinamizadora da economía e cultura local.

riotorto

O Desfile de Entroido repartirá máis de 5.000 euros

Riotorto xa se prepara para unha das xornadas máis destacadas do Entroido coa celebración do Desfile de Entroido 2026, que terá lugar o 7 de febreiro e que converterá as rúas do municipio nun espectáculo de cor, música e imaxinación. O desfile partirá ás 17.30 horas desde a Casa da Cultura e percorrerá o centro da vila ata rematar no pavillón polideportivo.

A organización destinará máis de 5.000 euros en premios, repartidos entre as diferentes categorías infantil e adulta, tanto en modalidades individuais como en parellas e grupos. Ademais, tamén se establecen importantes galardóns para carrozas, charangas e comparsas, con premios que alcanzan os 600 euros no caso das comparsas máis numerosas, e ata 360 euros para carrozas. As inscricións poderán realizarse ata o venres 6 de febreiro a través do correo electrónico riotortocf@gmail.com ou o propio día do desfile na Casa da Cultura, entre as 12.00 e as 17.00 horas. A entrega de dorsais efectuarase ás 17.15 horas.

A entrega de premios está prevista para as 23.30 horas no pavillón, onde haberá tamén servizo de bar e comidas, con menús especiais.

A Órrea pecha o 128 aniversario de Avelino Díaz cun acto de memoria



A Asociación Cultural Poeta Avelino Díaz celebrou na Órrea un emotivo acto co que puxo o broche final ao programa de actividades organizadas con motivo do 128 aniversario do nacemento do poeta. A iniciativa reuniu a veciñanza e a persoas interesadas na memoria histórica e cultural da comarca nun encontro centrado na recuperación do pasado e na reivindicación das figuras literarias ligadas á Terra de Miranda.

O acto tivo como obxectivo principal afondar na memoria do movemento agrarista existente na Terra de Miranda a comezos do século XX, un fenómeno social e político de gran relevancia na época. Esta

parte da xornada contou coa participación do profesor Hervés, que ofreceu unha conferencia no local social da Asociación de Veciños da Órrea, achegando contexto histórico e claves para comprender a importancia da organización labrega naquel tempo.

A xornada serviu para poñer en diálogo e reconciliar dúas figuras literarias unidas por lazos familiares e históricos: Manuel María García Castro, poeta vinculado á revista El Agricultor, editada en Riotorto nos inicios do século pasado e voceira do movemento agrarista, e o seu fillo natural Avelino Díaz, coñecido como o poeta de Meira durante a súa etapa na Arxentina.

DEPORTES

Ribadeo acollerá o Campionato Galego de Cross Xogade 25-26

Ribadeo converterase en escenario deportivo o próximo 17 de xaneiro coa celebración do Campionato Galego de Cross Xogade 2025-26, que dará comezo ás 11:00 horas no Campamento Xuvenil da Devesa. A organización corre a cargo de A.D.E. A Mariña, en colaboración co Concello de Ribadeo, Deporte Galego, Gadis, Clun e o Club Atletismo Ribadeo. O concelleiro de Deportes, Francisco José Silvent, destacou a importancia deste tipo de eventos para a vila.

Silvent lembrou que a Devesa xa acolleu anteriormente probas clasificatorias, os pasados 29 de novembro e 13 de decembro, e subliñou que “estamos moi contentos de acoller este tipo de eventos en Ribadeo, polo que supoñen para o deporte, para a promoción turística do noso concello e tamén para a súa hostalería”.

A xornada do 17 de xaneiro prevese chea de emoción e actividade deportiva, coa participación de numerosos atletas que buscarán clasificarse e demostrar o seu talento nunha das citas máis importantes do calendario autonómico de cross.

Mondoñedo prepara unha nova edición do Toxiza Gran Trail con catro desafíos

Mondoñedo prepara unha nova edición do Toxiza Gran Trail 2026, que se celebrará o 22 de marzo coa Serra da Toxiza como escenario principal. Organizado polo Clube de Montaña Toxiza e co apoio do Concello, o evento busca reunir deportistas de toda Galicia nunha cita que combina deporte, natureza e convivencia. A proba contará con catro modalidades: o Trail de 27 quilómetros, con 1.600 metros de desnivel e pensado para participantes experimentados; o Mini Trail de 19 quilómetros, con 1.000 metros de desnivel; o Speed Trail de 9 quilómetros, curto pero explosivo, con 500 metros de subida; e unha andaina de 16 quilómetros, con 750 metros de desnivel, destinada a quen prefira unha experiencia non competitiva. A organización define a xornada como un encontro social e deportivo nun entorno privilexiado, apoiado por voluntariado local e pola colaboración institucional.

O Enduro Alfoz-Valadouro reuniu a pilotos de toda Galicia nunha xornada de motor



Os concellos de Alfoz e O Valadouro acolleron unha nova edición do Enduro Alfoz-Valadouro, que converteu os montes da comarca nun punto de encontro para afeccionados ao motor. A carreira desenvolveuse en distintos tramos polos dous municipios, combinando zonas rápidas con sectores máis técnicos, o que puxo a proba á altura das habilidades, resistencia e experiencia dos pilotos e resultou atractiva para o público. A competición contou cunha notable participación de pilotos de Galicia e doutras comunidades, desen-

volvéndose nun ambiente de deportividade, compañeirismo e respecto polo entorno natural, co apoio da organización e voluntariado. O alcalde de O Valadouro, José Manuel Lamela, destacou “o éxito da proba e a súa repercusión positiva na dinamización deportiva, social e económica da comarca”, mentres que a alcaldesa de Alfoz, Efigenia Maseda, agradeceu a implicación de organización, participantes, emerxencias e veciñanza. A clasificación xeral pode consultarse na páxina web da Liga da Moto.

A Copa Deputación de fútbol arranca con 83 equipos

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo patrocina un ano máis a Copa Deputación de Fútbol, na que participarán este ano 83 equipos das categorías de Preferente Autonómica Masculina, Primeira, Segunda e Terceira Autonómica Masculina e das ligas femininas, que adiantan a súa celebración para rematar en maio.

A competición, que comezou a primeira semana de xaneiro, ofrece aos equipos de fútbol afeccionado a posibilidade de participaren nunha competición de ámbito provincial, con alicientes competitivos diferentes aos das ligas, ao tempo que supón unha inxección económica para os clubs.

Das ligas galegas femininas participarán 9 equipos (SD Chantada, SD Antas, PM Friol B, SG Comercial, San Lázaro, ADC Monte Forte, SCD Milagrosa, SDC San Roque e Carballedo CF). Realizarase unha fase previa o 4 de xaneiro e continuará cos cuartos de final o 15 de marzo. As semifinais serán o 5 de abril e a final o 1o de maio.

A Preferente Autonómica e Primeira Autonómica Masculina contará con 22 equipos (CD Santaballés, Monte-

rroso SD, Burela SD, SD Oural, Ribadeo FC, SD Residencia, Chantada Atl., Taboada CF, ED Lourenzán, SD Pol, UD Xove Lago, Club Lemos, CD Castro, CD Guntín, SD Chantada, SCD Milagrosa, At. Escarón, CD Foz, Vilalbés B, Iberia CF, CD Brollón e Outeiro de Rei SD).

A Fase Previa foi o 4 de xaneiro, oitavos será o 10 de marzo, cuartos o 5 de abril deixando as semifinais e final para o 24 e 31 de maio.

52 equipos participarán en Segunda e Terceira Autonómica Masculina repartidos en 20 de Terceira e 32 de Segunda e de toda a provincia. O calendario iniciárase o 4 de xaneiro coa fase previa. Os dezaseisavos de final serán o 15 de febreiro, os oitavos de final coinciden o 19 de marzo, os cuartos de final son o 5 de abril e rematarán o 3 de maio coas semifinais e o 24 coa final.

O acceso aos encontros será libre para as afeccionadas e afeccionados que queiran acudir.

A Copa completárase, como nas últimas edicións, coas categorías de base, desde prebenxamín ata xuvenil, que xogarán máis avanzada a temporada, en datas aínda por concretar.

A billarda conquista Friol nunha xornada marcada pola néboa e o dominio dos Troitas Bravas

A Liga Nacional de Billarda sumou un novo territorio ao seu percorrido coa celebración da cuarta xornada da tempada en Friol, onde tivo lugar o I Aberto do Narla. A cita, organizada polo equipo Rachaventos, contou cunha destacada participación e cunha organización moi valorada polos asistentes, tanto pola coidada preparación da proba como polos premios entregados aos gañadores e aos máis pequenos.

A mañá estivo marcada polas baixas temperaturas e pola néboa, que cubría a contorna e agochaba o monte Lourenzo, mais iso non impediu que 63 palanadores tomasen parte na competición, entre eles 44 homes, 16 mulleres e 3 cativos. Ademais, habilítouse un campo adicional destinado á iniciación, pensado para que nenos e pais puidesen achegarse á práctica da billarda e coñecer este xogo tradicional.

No plano deportivo, a figura da xornada foi Muriago, dos Bulls, que se impuxo con autoridade nun torneo

no que demostrou a súa mestría coa billarda. O segundo posto foi para Juanki, do equipo Troitas Bravas, que conseguiu o seu segundo varado da tempada, mentres que o terceiro lugar se decidiu nun disputado desempate no que Sachas, tamén dos Troitas Bravas, logrou subir ao podio por diante de Manu Caldeiro, David Navallo e Antom.

Na categoría feminina, Cris e Vanesa, do Castiñeiro Milenario, ocuparon o primeiro e o terceiro posto respectivamente, mentres que Aroa, de Billardeiros Musicais, acadou a segunda posición. En infantís, Mateo, coñecido como Troitiña, segue intratable esta tempada, por diante de Iria e Andrea.

A clasificación xeral tamén deixou novidades, xa que Troitas Bravas superou a Billardeiros Musicais e á Madia Lava, colocándose á fronte da Liga Nacional tras esta cita en Friol, confirmando o seu gran momento de forma.

Dobre presenza do ladovi no peche da liga galega de tiro con arco en Corme



Corme acolleu o quinto e derradeiro torneo da Liga Galega de tiro con arco en modalidade de sala, que coincidiu co Campionato Galego. Ata alí desprazáronse os representantes do Club de Tiro con Arco ladovi de San Cibrao, Santiago González Villares e Jorge Álvarez Amor, acadando destacados resultados. Santiago González competiu no arco espido unificado, conseguindo na fase clasificatoria o segundo posto con 494 puntos, afectado por unha lesión no ombreiro, pero asegurando a medalla de ouro da liga galega.

Nas eliminatorias do campionato, venceu en cuartos a Carmen Figueroa, perdeu nas semifinais ante Santiago Soneira nun desempate e finalmente derrotou a Luis Miguel Suárez González, logrando o bronce. O domingo, Jorge Álvarez Amor competiu en arco composto +50, acadando terceiro posto na clasificación con 555 puntos e a medalla de prata da liga galega. Nas eliminatorias do Campionato Galego, tras perder en semifinais, venceu a Daniel Motto Acosta e asegurou tamén a medalla de bronce.

“A Mariña Atletismo nace cunha filosofía aberta e inclusiva”

O novo club, impulsado por cinco amigos con longa experiencia no atletismo popular, quere ser “unha organización ao servizo dos seus socios”

Por Ana Somoza.

Falamos con Marcos Conde, presidente do novo Club A Mariña Atletismo, quen situaba a orixe desta iniciativa nun día moi concreto: a San Silvestre de Ribadeo de 2024. El explicaba que aquela carreira fora “un punto de inflexión inesperado”, e que a idea de crear un club non xurdiu só dos cinco fundadores, senón “de moita outra xente que, de forma espontánea, comentaba esta posibilidade”. Decía que aquilo non fora unha epifanía illada, senón un murmurio compartido, unha especie de impulso colectivo que lles fixo preguntarse se non sería o momento de dar un paso adiante.

IDENTIDADE. O equipo fundador está composto por cinco amigos que levan anos correndo en todo tipo de probas. Marcos contaba que sempre priorizaron as carreiras da zona, aínda que tamén se desprazaron “por toda Galicia e incluso fóra da comunidade”. Afirmaba que, malia definirse como corredores populares, este mundo non lles resulta alleo. O obxectivo, desde o principio, era moi claro: “Non queremos facer un club máis, queremos un club distinto, diferente”. Engadía que aspiraban a construír unha entidade “ao servizo dos socios e das persoas en xeral, independentemente dos seus obxectivos, ideais ou cor da camiseta coa que compiten”. A idea era crear algo aberto, flexible e inclusivo, “o club de tod@s”.

MOTIVACIÓN. Explicaba tamén que a necesidade do club xurdía da percepción de que “algo distinto se pode facer”. Afirmaba que a experiencia acumulada lles permitía saber, polo menos, “o que NON se debe facer”. Por iso repetía que o club debía adaptarse ás persoas, e non ao contrario. Para o equipo fundador, A Mariña Atletismo representa unha responsabilidade grande e, ao mesmo tempo, un proxecto cargado de ilusión: “É un reto que asumimos con moita, moita ilusión”.

ADESTRAMENTO. O funcionamento interno sostense en plans de adestramento elaborados por profesionais titulados. Segundo Marcos, estarán “supervisados en todo momen-

to por adestradores acreditados”, e deseñados segundo o nivel, os obxectivos e as necesidades de cada persoa. Facía fincapé en que todos os perfís serán técnicos con formación específica. E sobre as disciplinas, explicaba que haberá dúas grandes seccións: atletismo e sendeirismo. Para esta última contan coa colaboración do Grupo de Montaña Pena Tallada, unha entidade de Ribadeo con ampla traxectoria e “que funciona moi ben”, segundo recoñecía. Tamén aseguraba que o club está pensado tanto para xente con experiencia como para persoas que queiran comezar desde cero: “Haberá plans específicos para quen se queira iniciar. Nin o estado de forma nin os obxectivos de cada un serán nunca un límite”.

“Nin o estado de forma nin os obxectivos de cada persoa serán nunca un límite para formar parte deste grupo”

tos, explicaba que xa fixeron “unha inversión importante” en material de adestramento e que seguen traballando para ampliálo. Todo ese material, subliñaba, estará dispoñible para os socios cando o necesiten. Sobre as colaboracións, repetía que formarán parte esencial da filosofía do club: “Para nós a colaboración será, ademais de un obxectivo, unha obriga”. A relación con Pena Tallada será especialmente significativa, por ser o primeiro colectivo que apostou por eles e pola súa disposición total “desde o primeiro momento”.

SOCIOS. As inscricións xa están abertas, e aínda non saben cantas persoas se sumarán ao proxecto. Porén, Marcos admitía que perciben “un gran interese” e que xa están a recibir

“Contaremos con dúas seccións: o atletismo e o sendeirismo en colaboración con Pena Tallada”



nun portafolio vivo e actualizable, que inclúe saídas organizadas para competir, formacións sobre estilo de vida saudable, e tamén obradoiros básicos como primeiros auxilios. A intención é ofrecer contidos útiles, variados e adaptados ao que vaian demandando os membros do club.

ACTIVIDADES. As rutas de sendeirismo realizaranse sempre da man de Pena Tallada, aproveitando a súa experiencia e o seu calendario oficial, dispoñible na súa web. Sobre a participación en competicións oficiais, Marcos explicaba que o club permitirá competir tanto a nivel galego como estatal, grazas

“Para todos nós este club é unha gran responsabilidade, un reto asumido con moitísima ilusión e agarimo”

pero que prefiren ir “paso a paso”. Sobre os máis pequenos, insistía en que “son a base de calquera proxecto de futuro” e que recibirán atención prioritaria, sen competir con outros clubs xa existentes. O deporte base será unha das seccións importantes do proxecto, pero require recursos sólidos: “Iremos pouco a pouco”.

VALORES. No eido dos valores, Marcos subliñaba cinco principios fundamentais: “Respecto, Igualdade, Inclusión, Compañeirismo e Esfuerzo”. Para el, estes conceptos non son un adorno, senón o fío condutor do club. Cando lle preguntamos como imaxina A Mariña Atletismo dentro de cinco anos, respondeu que lle gustaría “que fose o club que os socios decidan que sexa”. Non queren que a xente se adapte ao club, senón crear “unha organización ao servizo dos socios”, na que sexan eles quen marquen o camiño a seguir.

FUTURO. A quen teña dúbidas sobre unirse, Marcos non busca convencelo. Repite que o importante é que cada persoa dispoña de información suficiente: “Pode escribirmos, chamarnos ou falar con nós en calquera momento, sen compromiso”. O esencial, dixo, é que cada quen coñeza “o que buscamos e o que é e será este club”. A decisión final sempre debe ser persoal, “sen presións e sen artificios”. Engadía que a organización naceu coa intención de axudar e achegar á comunidade todo o que poidan, incluso a persoas que non formen parte do club: “Queremos o mellor para tod@s, e estamos seguros de que non sempre imos ser nós”. Conde concluíu que este proxecto non pretende só fomentar actividade física, senón construír un espazo social no que a xente se sinta acompañada, valorada e libre para practicar deporte ao seu ritmo. A Mariña Atletismo nace cun estilo propio, baseado en abrir portas e sumar, e con esa filosofía espera consolidarse como un referente na comarca.



RECURSOS. O club iniciará oficialmente a súa actividade na tempada 2026 e atópase agora nunha fase de peche de acordos con entidades privadas e institucións públicas. Marcos avanzaba que están a recibir “unha gran acollida”, pola que se declaran profundamente agradecidos. En materia de re-

numerosas consultas pedindo información. As vantaxes para os socios serán amplas: ademais das xa anunciadas, están a preparar novas propostas “que serán gratas sorpresas”. Todo o que ofrecen —incluídos os adestramentos— será, polo momento, totalmente gratuito. En canto ás actividades, traballan

á licencia nacional: “Para quen o queira e sempre que o nivel o permita, existirá a posibilidade”. Repetía, non obstante, que nunca será unha obriga: “Competir, ao nivel que sexa, será sempre unha decisión persoal”. Tamén adiantaba que están a traballar nun evento propio para dar a coñecer o club, “algo chulo”,

COLABORACIÓN

Ter palabra

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Agora lévaas o vento, pero houbo un tempo onde pechar un trato de palabra era ditar sentenza. Porque noutroa, ou tiñas palabra ou portabas sobre os ombreiros unha cruz que custaba levar ás costas e mancharía de por vida o teu nome e mesmo o da túa estirpe. O avó dáballo a iso a importancia que tiña, Fulano non ten palabra, e acabouse o conto. Tanto tiñan o resto das súas accións, resarcirse diso era imposible. Agora precísanse contratos por escrito para o que nalgún tempo abundaba un apertón de mans. E mesmo interpoñemos recursos para invalidar acordos xa asinados, polo que se coida moi moito a redacción dos mesmos. Mestres en complicar a burocracia somos agora e despois lamentamos a dilatación temporal que iso conleva. Tratar unha peza de gando e tomar o albaroque dignificaban a

unha persoa fai décadas. Ter palabra era honrar a unha familia. Di Mafalda que lle gustan as persoas que din o que pensan, pero moito mais aínda as que fan o que din. Coido que non hai pesimismo no que escribo, e como diría Anisia, se minto é por boca dalguén. Leo agora a colación das trasnadas do elfo de Nadal que os mais pequenos aprenden co exemplo, custa facerlles entender que o elfo pode facer maldades e os adultos imos a rirlle a graza, pero se fosen os pequenos os que o fixesen, recibirían unha reprimenda considerable. Porque aprenden mediante as accións que ven e a coherencia e a cohesión son partes fundamentais no período de aprendizaxe. E eu, a título persoal, coido que a palabra tamén debera selo. Na miña casa, se un dos proxenitores daba a súa palabra, a outra parte respectaba e, en numerosas ocasións, tragaba. Aquilo de roer a lingua e baixar a cabeza. Porque cho prometera a túa nai, e se cadra, non había nada mais valioso ca iso. Agora onde un di digo o outro afástase anos luz de

dicir Diego, como maneira habitual de proceder. Pero isto transcende ás familias, no taller onde me dixeron que me ían devolver o coche arraxado o luns, o mér-



cores dinme que se lles complicou a tarde. E a óptica que fai un mes me animaba a probar uns lentes de contacto, hoxe quere venderme outras novas. Entendo a evolución e os cambios como ferramenta de progreso, podo e debo cambiar de parecer

para mellorar como profesional e como persoa, pero sustentada sempre na miña palabra, e se hoxe dubido, dígoche que non estou segura.

desinteresada. Pero unha comunicación íntegra e honesta. A transparencia como camiño. Se hoxe dudo, comunícoche o meu parecer, e se estou segura, podes marchar tranquilo coa miña palabra posto que é tan válida coma un xuramento noutros tempos. Di R. que ela se fai a parva cando lle preguntan por algo que non quere responder e creo que está moi ben. Para non contar unha mentira, omite unha verdade e xulga ti aí canto hai de pecado. Pero ben seguro que moito menos que o froito dun engano mal contado. Verdades a medias para que cliquemos nun titular que se afasta moito da realidade, prensa sesgada por sensacionalismos cativos. E mesmo un Rei que di escribir as súas memorias pese a que os Reis non se confesan, porque sinte que lle están a roubar a súa historia. A onde imos ir a parar! Porque se isto acontecese, se a palabra valesse, claro que te crearía irmá, agora e sempre. Porque vale ouro quen ten palabra, non cartos.

TELÉFONOS DE INTERESE

ALFOZ	
Concello:	982 55 80 01
Garda Civil:	982 57 40 30
Centro de Saúde:	982 55 86 97

BARREIROS	
Concello:	982 12 40 02
Garda Civil:	982 12 41 94
Centro de Saúde (cita previa):	982 12 41 05

BURELA	
Concello:	982 58 60 00
Policia Local:	982 58 62 11
Garda Civil:	982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 58 51 29
Hospital da Costa (centraliña):	982 58 99 00
Capitanía Marítima:	982 57 51 53

CERVO	
Concello:	982 55 77 77
Policia Local:	615 52 10 52
Garda Civil:	982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 55 75 25

FOZ	
Concello:	982 14 00 27
Policia Local:	982 13 36 40
Garda Civil:	982 14 04 44
Centro de Saúde (cita previa):	982 13 23 85
Agencia Tributaria:	982 13 35 12

LOURENZÁ	
Concello:	982 12 10 06
Garda Civil:	982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 12 20 29

MONDOÑEDO	
Concello:	982 52 40 03
Policia Local:	982 50 70 40
Garda Civil :	982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 50 74 52

OUROL	
Concello:	982 55 91 09
Garda Civil:	982 56 10 39
Centro de Saúde (cita previa):	982 55 90 62

PONTENOVA, A	
Concello:	982 34 22 77
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 34 24 00

RIBADEO	
Concello:	982 12 86 50
Policia Local:	982 12 86 50
Garda Civil:	982 12 80 48
Centro de Saúde (cita previa):	982 13 01 43

RIOTORTO	
Concello:	982 34 62 22
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 34 66 63

TRABADA	
Concello:	982 13 50 11
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 13 53 00

VALADOURO, O	
Concello:	982 57 40 00
Garda Civil:	982 57 40 30
Centro de Saúde (cita previa):	982 57 43 12

VICEDO, O	
Concello:	982 59 00 02
Garda Civil:	982 59 01 81
Centro de Saúde (cita previa):	982 59 03 51

VIVEIRO	
Concello:	982 56 01 28
Policia Local:	982 56 29 22
Policia Nacional	982 56 17 11
Policia Nacional cita DNI	060/ 982 57 06 62
Centro de Saúde (cita previa):	982 56 12 01

XOVE	
Concello:	982 59 20 01
Centro de Saúde (cita previa):	982 59 24 24

TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112

Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085

Garda Civil: 062

DEPUTACIÓN

O PSOE propón a Carmen López como candidata á Presidencia

O Comité Provincial do PSdeG-PSOE de Lugo decidiu, por aclamación, propoñer á deputada provincial María del Carmen López Moreno como candidata socialista á Presidencia da Deputación trala sesión extraordinaria na que abordou a proposta formulada pola Comisión Xestora do partido.

Así, durante o encontro, o comité validou a proposta en conformidade cos estatutos e cos procedementos internos establecidos polo partido. O acordo adoptado será remitido agora á Comisión Nacional de Listas, que emitirá un informe e trasladará á Comisión Federal de Listas para a súa aprobación definitiva, seguindo as normas internas de elaboración e validación de candidaturas do PSOE. A proposta final será adoptada pola Comisión Executiva Federal e remitida de novo ao PSdeG de Lugo para a súa aplicación de cara ao pleno previsto para o 14 de xaneiro de 2026.

Esta noticia deuse a coñecer oficialmente despois de que o Pazo de San Marcos acollera o pleno extraordinario no que José Tomé oficializou a súa renuncia, tal e como anunciara tras facerse públicas o pasado 10 de decembro as denuncias por presunto acoso sexual. A sesión desenvolveuse sen a asistencia dos deputados do BNG, que si estiveron presentes no pleno ordinario celebrado a continuación.

A saída de Tomé da presidencia non implica o abandono da súa acta, xa que pasou a exercer como deputado non adscrito, mantendo a súa presenza na corporación provincial ata o remate da lexislatura. Segun-



do indicou, continuará votando en coherencia cos grupos socialista e nacionalista.

Na súa intervención, o exmandatario reiterou a súa inocencia e afirmou que aínda descoñece o contido concreto das denuncias, unha situación que describiu como de “indefensión”, ao considerar vulnerada a presunción de inocencia. Recordou tamén que non existe ningunha denuncia nos xulgados, senón unha comunicación interna no seo do partido, que cualificou de falsa. Ademais, anunciou que emprenderá accións legais e insistiu en que está a ser vítima dunha persecución política de ámbito supraprovincial.

Tras agradecer o labor do persoal da Deputación, lamentou que o dano causado “xa non ten marcha atrás”, tanto no plano político como no persoal, familiar e social. “Quen nada fixo, nada ten que temer”, concluíu, asegurando que el non era nin o úni-

co nin o principal obxectivo da situación vivida.

No pleno ordinario posterior aprobouse unha moción do Grupo Provincial Popular, co apoio dun crítico BNG, para reprobar a José Tomé. O seu portavoz, Antonio Ameijide, anunciou que tamén solicitaban a reprobación da deputada socialista Pilar García Porto, á que sinala como encubridora, e apelou ao BNG para que decida “entre o feminismo ou pisar moqueta”.

Tomé non realizou declaracións públicas nin antes nin despois do pleno extraordinario, reaparecendo xa na sesión ordinaria, onde ocupou un escano xunto á bancada socialista, ao carón de García Porto.

A Presidencia da Deputación queda en mans do nacionalista Efrén Castro ata o 14 de xaneiro, cando está prevista a elección do novo presidente, na que Carmen López será a candidata socialista.

O Pleno aproba o Plan Deputación, con 22,2 millóns de euros

O Pleno Ordinario da Deputación de Lugo aprobou as bases do Plan Deputación de Lugo de Cooperación cos Concellos 2026, que sobe ata os 22,25 millóns de euros. Esta ferramenta de cooperación económica e técnica entre a Administración provincial e os municipios segue criterios públicos e obxectivos -a poboación, o índice de envellecemento ou a dispersión territorial- e mantén un respecto total á autonomía municipal. O programa de investimentos saíu adiante grazas aos votos a favor do PSdeG, do BNG e do deputado non adscrito, e a abstención do PP.

Este acordo permitirá aos 67 concellos da provincia desenvolver actuacións en materia de infraestruturas, creación de emprego, Servizo de Axuda no Fogar, actividades, eventos, administración electrónica ou protección civil. A Deputación de Lugo dá así resposta ás situacións e necesidades concretas de cada municipio, reforzando a súa autonomía, xa que é cada un dos diferentes gobernos locais os que deciden en que queren investir estes fondos.

Este é o sexto ano consecutivo que o Executivo provincial saca adiante o Plan Deputación no exercicio anterior ao seu período de vixencia,

o que permite ás entidades locais planificar as accións municipais con maior antelación e traballar con máis previsión e tempo, de forma que poden aproveitar mellor estes recursos. A normativa que regula esta ferramenta de cooperación publícase no Boletín Oficial da Provincia (BOP) o 7 de xaneiro, o que permite aos concellos ter máis tempo para elaborar as memorias e proxectos das obras que queiran presentar con cargo a estes investimentos. Terán un mes, ata o 7 de febreiro, para presentar a documentación.

O PSdeG-PSOE puxo en valor, a importancia de dar continuidade ás políticas progresistas que se están a desenvolver na institución provincial, así como a actuación “contundente, áxil e rápida” do partido ante os últimos acontecementos.

Así o manifestou a deputada socialista Pilar García Porto, que subliñou que o pleno abordou “dous asuntos importantes que se aproban definitivamente para esta provincia”, en referencia ao orzamento da Deputación ás bases do Plan Deputación. García Porto lembrou que o orzamento provincial é “un instrumento económico fundamental non só para a institución, senón tamén para a totalidade dos concellos da provincia”.

Defenden as actuacións para potenciar encoros, o románico e as viaxes

A Deputación potenciou este 2025 os encoros, o románico e as viaxes de proximidade para afianzar o seu modelo de turismo sostible e de calidade. Coñece a túa provincia, Rutas polo románico e Turembales foron os tres programas turísticos destacados na última reunión do ano do Concello Provincial de Turismo que se celebrou este venres no Salón de Actos.

Un total de 135 asociacións sen ánimo de lucro participaron este ano na quinta edición do Coñece a túa provincia, o programa de viaxes gratuito que volveu ser un éxito de participación. Outras case 300 persoas participaron nas visitas a monumentos románicos en 19 concellos entre maio e xuño, no marco do programa Rutas polo románico

da provincia. Ademais este ano a Deputación de Lugo participou no proxecto Turembales, para promover o turismo de presas, e no marco desa iniciativa puxo en marcha o programa Encoro Aventura, de experiencias singulares relacionadas con esas infraestruturas.

A institución tivo presenza nunha decena de feiras turísticas de referencia, como Fitur, Expomar, Fairway ou Xantar. E mantivo accións de patrocinio e axudas destacadas para fortalecer o sector turístico. Ademais, a Deputación continuou apostando por un dos motores de atracción de visitantes da provincia: as rutas fluviais; neste 2025 unhas 57.000 persoas percorreron a Ribeira Sacra a bordo dos catamaráns da institución.

Comeza unha nova edición do programa Coñece a túa provincia

A Xunta de Goberno aprobou as bases dunha nova convocatoria do programa Coñece a túa provincia, a iniciativa impulsada pola Deputación que ofrece viaxes gratuítas a entidades sen ánimo de lucro dos 67 concellos da provincia.

Nesta edición, o programa ofrecerá 3.036 prazas e contará cun orzamento de máis de 200.000 euros, o que supón un investimento de 67,40 euros por persoa que repercute en beneficios para o territorio, ao fomentar o turismo de proximidade e dinamizar a actividade económica. As bases saíran publicadas o 10 de

xaneiro no Boletín Oficial da Provincia (BOP). O prazo de presentación de solicitudes arrincará o 12 de xaneiro, ás 12:00 da mañá e permanecerá aberto ata o 16 de xaneiro. Nesta anualidade, as asociacións poderán solicitar entre 15 e 23 prazas para realizar as excursións, mantendo o mesmo modelo de anos anteriores: visitas guiadas a centros da Deputación e rutas a elixir, con transporte, xantar, guía oficial de turismo, seguro de viaxeiros e entradas incluídas.

Como novidade principal, esta edición priorizaranse as entidades que

non participaron en convocatorias anteriores, garantindo así a oportunidade de acceder ao programa a novos colectivos. As solicitudes deberán presentarse a través da Sede Electrónica da Deputación ou no Rexistro Xeral. As entidades que participen por primeira vez deberán achegar unha copia do NIF da entidade.

O programa mantén a oferta de 44 rutas polos 67 concellos da provincia, ás que se engaden 7 rutas accesibles deseñadas especificamente para colectivos de persoas con discapacidade física.

MAR


Portos de Galicia
facilita ao Concello de
Foz o uso gratuíto das
instalacións náuticas

Portos de Galicia tramita unha concesión administrativa para que o Concello de Foz xestione o edificio de deportes náuticos do porto, destinado principalmente a formación e adestramento, especialmente en piragüismo. A proposta de condicións inclúe tamén o uso do pantalán flotante desmontable, que facilita o traballo dos deportistas. O novo título concesional aplicará o artigo 40 da Lei de Taxas de Portos de Galicia, que permite eximir ao 100 % das taxas ás corporacións locais cando as actividades teñen finalidade pública e non implican explotación económica. Grazas a esta medida, o Concello e o Club Kaiak de Foz, principal beneficiario e participante en competicións provinciais, autonómicas e estatais, poderán utilizar de forma totalmente gratuíta o edificio, que supera os 1.300 metros cadrados, e o pantalán asociado. Ademais de impulsar o piragüismo e outras disciplinas náuticas, a concesión suporá un aforro de uns 40.000 euros anuais para as arcas municipais.

A Xunta licitará nos
vindeiros meses o
novo dique de abrigo
do porto de Morás

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, licitará nos próximos meses as obras para construír un novo dique de abrigo no porto de Morás, en Xove. Esta primeira fase busca reforzar a seguridade das embarcacións e sentar as bases para futuras ampliacións. O contradique, de 224 metros e paralelo ao actual, contará cun investimento de 3 millóns de euros, incluíndo 87.000 euros en 2026 para iniciar a licitación. A intervención ampliará a superficie de auga protexida e permitirá a instalación de novos diques no futuro. A conselleira Marta Villaverde destacou que esta actuación responde a unha demanda histórica do Concello, lembrando que o proxecto leva máis dunha década bloqueado ata a obtención dos terreos de Costas do Estado, liberados en outubro coa sinatura da acta de adscrición que permite avanzar definitivamente no proxecto.

A Ribeira de Foz reclama á
Xunta unha solución urxente
para o peirao de Porto Chico



A Asociación A Ribeira de Foz volveu dirixir unha mensaxe á Xunta de Galicia para expresar a súa preocupación polo estado do peirao de Porto Chico ante a chegada dun novo inverno. O colectivo alerta de que a infraestrutura presenta unha situación claramente degradada, cun calado insuficiente mesmo para pequenas embarcacións, diques deportivos en mal estado e unha ausencia de abrigo eficaz fronte aos temporais. Segundo explican, as marexadas chegan a penetrar no interior do porto durante episodios de forte vento e mar, o que supón un risco evidente tanto para as embarcacións como para as persoas usuarias.

A asociación advirte de que o perigo é real e teme que, de non actuarse con rapidez, poida producirse algún accidente. A este problema estrutural engádesse, sinalan, a elevada demanda de prazas de atraque para embarcacións deportivas en Foz, con listas de agarda continuas, mentres o potencial portuario do municipio permanece infrautilizado. Desde A Ribeira de Foz consideran especialmente preocupante que esta situación se prolongue no tempo nun concello cun marcado peso turístico dentro de Galicia. Por todo iso, o colectivo reclama á Xunta que faga efectivos os proxectos e estudos técnicos elaborados.

Cervo defende na FEMP a
formación da mocidade como
clave para o relevo na pesca



A alcaldesa de Cervo, Dolores García Caramés, participou nos municipios cántabros de Argoños e Colindres nunha reunión da Comisión de Pesca, Costas e Insularidade da FEMP, centrada nos principais retos do sector pesqueiro. Un dos eixos do encontro foi a preocupación polo relevo xeracional, xa que a escasa incorporación de xente nova pon en risco a continuidade dunha actividade clave para os territorios costeiros. García Caramés sinalou que se trata dun problema común en toda a costa e defendeu a necesidade de adoptar medidas decididas para dignificar a profesión e facilitar a formación. Neste sentido, apostou por achegar cursos específicos aos concellos para favorecer a entrada

de novos profesionais. Durante a sesión abordáronse tamén outras cuestións relevantes, como a coordinación institucional ante a contaminación mariña, a situación das infraestruturas tradicionais afectadas pola Lei de Costas e a expansión da alga invasora *Rugulopteryx okamurae*. A alcaldesa puxo en valor a recente asunción por parte de Galicia da xestión do litoral, cualificándoa como un paso histórico que achega seguridade xurídica e unha xestión máis próxima. A xornada completouse cunha visita á Confraría de Pescadores de San Ginés e a diversos proxectos mariñeiros, destacando a importancia destes foros para defender os intereses do sector.

A OPP de Burela presenta o
seu calendario 2026



A Organización de Produtores Pesqueiros do Porto de Burela (OPP-7) presentou o seu calendario anual para 2026 baixo o lema “Se pensas en peixe, pensa en Burela”, unha iniciativa cofinanciada pola Xunta de Galicia e FEMPA incluída no seu plan de produción e comercialización. O almanaque volve poñer o foco nos “12 Pescados Capitais” do porto, resaltando o liderado da lonxa de Burela, primeira de Galicia en vendas e descargas de especies como o bonito do norte, a xarda, a bertorella, a cabra de altura, a

castañeta vermella ou o mero. A publicación explica tamén as diferentes frots que abastecen o porto, desde o palangre demersal e de superficie ata a frota boniteira e as artes de cerco e arrastre do Cantábrico. O obxectivo é promover o consumo de peixe fresco como base dunha alimentación saudable, ofrecendo información mensual sobre especies, artes de pesca, comercialización e épocas óptimas de consumo. Editáronse arredor de 4.000 exemplares, distribuídos en Galicia, Madrid e Barcelona.

Isaac Rosón asume a dirección
xeral de Pesca, Acuicultura e
Innovación Tecnolóxica

A Consellería do Mar de Galicia celebrou este martes a toma de posesión de Isaac Rosón Sánchez-Brunete como novo director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica. A conselleira Marta Villaverde desexoulle “moitos acertos para seguir impulsando a actividade marítimo-pesqueira de Galicia”. Rosón mostrou agradecemento pola confianza depositada e comprometeuse a traballar en favor do sector, asumindo o cargo “con ilusión e responsabilidade”. Conta cunha sólida formación e experiencia no ámbito marítimo, sendo licenciado en Enxeñería Naval e Oceanica pola Universidade da Coruña. Desempeñou cargos relevantes, como director da Área de Innovación Empresarial do Igape, e traballou nos departamentos de Seguridade e Inspección Marítima



das Capitanías de Alacante e Barcelona, mantendo contacto directo con armadores, tripulacións, confrarías e estaleiros. Ademais, ten experiencia docente como profesor asociado na Facultade de Náutica de Barcelona e participou en proxectos de deseño naval en empresas privadas. Esta combinación de experiencia pública, privada e académica permitirá a Rosón desenvolver políticas de innovación e sostibilidade no sector marítimo galego.

Da costa de San Cibrao a fotografar os océanos do mundo

Anxo Cao reflexiona sobre como o mar, a bioloxía e a apicultura conflúen nunha mirada fotográfica comprometida coa divulgación científica

Nado en San Cibrao, de que maneira inflúe a paisaxe e a contorna do norte de Galicia na súa forma de mirar e fotografar a natureza?

Desde pequeno sempre me gustou ir polas poceiras a pescar e ir no bote con meu pai, igual que agora. Polo que o mar e a paisaxe da costa sempre estivo moi presente. Supoño que este entorno lévate a querer buscar a beleza que pode estar aí gardada, xa sexan baleas en alta mar, ou un cangrexo na praia de Cubelas.

É fotógrafo, pero tamén biólogo e apicultor. Como dialogan estas tres facetas á hora de afrontar un proxecto fotográfico?

Hai que buscar un punto de equilibrio, aínda que non é sinxelo. Posiblemente si me dedicase mais a unha sola faceta, teño que restarlle tempo a outra, aínda que creo que as tres cousas son compatibles e comparten fundamentos como a admiración pola natureza e o coidado do medio ambiente. Son cousas moi diferentes pero creo que son compatibles. A bioloxía dáche unha perspectiva mais ampla de como funciona un ecosistema, entender que para que haxa sardiñas, é necesario que tamén haxa baleas e golfinhos, aínda que pareza contradictorio. E a apicultura ensínache a importancia de cada individuo para o futuro do grupo e do ecosistema, por moi pequeno que sexa. Para min a fotografía é a ferramenta de como transmitir isto e intentar que mais xente o admire e o comprenda.

Fotografía desde xigantes como as baleas azuis ata seres tan pequenos como as abellas. Que lle ensinan uns e outras sobre o equilibrio dos ecosistemas?

Cambian os tamaños, e tamén as complexidades das especies, pero ao final todo é moi parecido, aínda que menos evidente quizais. As abellas son necesarias no campo igual que as baleas no mar. Ambas especies xogan un papel fundamental que equilibra a base da cadea trófica. Os polinizadores son completamente necesarios para o resto de especies, e para que o equilibrio funcione, é sinxelo entender que sen flores non hai froitos e sen froitos non hai comida para moitas especies. No caso das baleas, tamén xogan un papel base no ecosistema, en gran parte, son as encargadas da distribución dos nutrientes en mar aberto, o que xera unha maior produción primaria de fitoplancto, e acaba por en-

riquecer aos ecosistemas desde a base. Abellas e baleas son especies clave e imprescindibles nun ambiente saudable, igual que o resto.

Nas súas imaxes percíbese unha clara intención divulgativa. Considérase a fotografía unha ferramenta eficaz para educar e concienciar sobre a biodiversidade?

Creo que todos recordamos a persoas que conseguiron grandes beneficios na protección da vida salvaxe a través de imaxes e documentais. Si non fora por Rodríguez de La Fuente, por Jacques Cousteau ou por Jane Goodall o mundo sería mais pobre. E conseguírono simplemente mostrando a beleza e o impresionante que o mundo salvaxe é. Sen dúbida a divulgación e a intención de mostrar eses secretos e importancia das especies é necesario. A mellor forma é apoiarse na ciencia e a bioloxía, e unha cámara é unha forma fácil que todos podemos usar.

Azores: oasis atlántico propón unha viaxe visual ao corazón do océano. Que ten este arquipélago para se converter no eixo desta nova mostra?

A miña vida está ligada a Azores desde 2016, cando fun acabar os meus estudos aló. Desde entón veño traballando como guía en

ano. A exposición pretende ser unha homenaxe a esta riqueza de fauna mariña do océano Atlántico.

A exposición combina rigor científico cunha marcada aposta estética. Como se equilibra a precisión biolóxica coa procura de imaxes que emocionen ao público?

Creo que as dúas cousas teñen que ir unidas. A ciencia non ten por que ser aburrida ou en branco e negro. E estou convencido que todos preferimos aprender sobre algo, con imaxes agradables. Creo que a fotografía que chame a atención e faga que esa persoa se deteña a ler unha páxina ou un artigo científico ten aínda mais valor. Incluso con imaxes duras ou de momentos difíciles, a estética ten que estar presente para poder captar a atención e poder transmitir unha mensaxe.

A fotografía subacuática require técnica, paciencia e respecto polo medio. Cal foi o maior reto ao traballar baixo a auga neste proxecto?

En un traballo así a loxística e material son temas complicados e importantes. Temos que pensar que son necesarios diferentes permisos para poder chegar a entrar na auga con un cachalote ou voar un dron. E unha vez que temos toda a parte burocrática, é necesario saír



empresas de avistamento de cetáceos, o que me levou a saír cada día ao mar con unha cámara, e presenciar momentos únicos. A biodiversidade e condicións destas illas permite ver unha gran variedade de especies, e sobre todo cetáceos. Pouco a pouco o meu interese persoal pola fotografía levoume a tomalo un pouco mais en serio e conseguir ter un lugar en concursos internacionais ou conseguir publicar na National Geographic este

ao mar. No meu caso tiveron a axuda de moitas persoas, empezando pola empresa onde traballei varios anos, Futurismo Azores Adventures, que dispuxo a embarcación, pasando polo patrón, Rafael Martins, ou biólogos que foron a bordo do barco como Margarida Rolim ou Laura González. Outra parte importante para conseguir un traballo de calidade é o equipo, moi específico e extremadamente caro. Neste aspecto teño que agradecer a Nikon



Fotografías de Laura González

España, DJI e Aquatica pola axuda co material. Ao final, é un traballo en equipo onde tes que confiar en mais persoas e ter paciencia.

Moitas das especies que retratas están ameazadas ou son pouco coñecidas. Que reacción agarda provocar no espectador ao atoparse con estas imaxes?

Si consigo que as persoas descubran unha nova especie, ou algunha característica nova sobre elas, xa é un éxito. Hoxe en día é moi difícil sorprender ao público, sobre

“Cada individuo, por pequeno que sexa, é clave para o futuro do grupo e do ecosistema”

“O noso estilo de vida ten que mudar, senón a saúde dos océanos seguirá empeorando”

tudo á xente nova que ten acceso a infinitas fotografías e vídeos nas redes sociais. Pero nas redes falta o trato persoal, o poder preguntar e conversar. Espero que na inauguración a xente poida lanzar esas dúbidas e obter esas respostas mais reais que nas redes.

Vivimos un momento de crecente preocupación polos océanos. Desde a súa experiencia, ¿que papel pode xogar a arte na defensa e

protección do medio mariño?

Creo que é unha parte crucial para provocar ese interese e reacción das persoas. Grandes fotografías de vida salvaxe ganaron premios como o World Press Photo, un concurso de denuncia. Pero non nos esquezamos que o papel fundamental son as políticas, con base na ciencia. Todos temos que ser críticos e entender que o noso estilo de vida ten que mudar, senón, a saúde dos océanos seguirá empeorando, e seguiremos perdendo especies, incluso antes de coñecelas. Este ano prohibiuse a pesca do salmón en Galicia, unha boa noticia, pero posiblemente chega tarde. Ao mesmo tempo séguese pescando meixóns, cando é unha especie en perigo crítico de extinción, por motivos económicos. Hai que ser valentes en temas tan graves como a saúde do planeta e dos mares, os políticos teñen que tomar medidas importantes e pouco populares baseadas na ciencia, e os cidadáns temos que exixírllelo.

Despois de Azores: oasis atlántico, en que novos proxectos ou territorios lle gustaría seguir explorando a relación entre fotografía e natureza?

Gustaríame fotografar e filmar en Galicia, creo que a beleza da nosa terra e mar é igual o superior a eses lugares tropicais que sempre vemos nos documentais. Gustaríame intentar fotografar especies que temos cerca da casa de unha forma que a xente lles preste mais atención e respecto. Porque nada ten que envexar unha donicela a un león do Masai Mara, ou unha patamariña dos Farillós a un albatros da Antártida.

DE RUTA EN RUTA

A Ruta da auga de Guitiriz, un fío líquido conductor

Un percorrido a pé de preto de vinte quilómetros conecta o Camiño Norte coas históricas fontes medicinais do municipio

A coñecida como Ruta da Auga preséntase en Guitiriz como un itinerario a pé duns vinte quilómetros que procura unir patrimonio natural, memoria histórica e tradición termal. O trazado enlaza o Camiño do Norte de Santiago coas tres principais fontes de augas medicinais do municipio —Valdovín, San Xoán e Pardiñas— nun percorrido pensado para amosar o valor da auga como recurso de saúde e como elemento vital que modela a paisaxe.

O punto de partida sitúase nun dos lugares máis emblemáticos do concello: San Alberte, na parroquia de Sambreixo. Trátase dunha paraxe singular na que conflúen unha ponte de orixe romana, unha capela gótica cun cruceiro esculpido neste século pola canteira local Josefa e un conxunto natural de gran riqueza arbórea. Todo este patrimonio descansa á beira do río Parga, que neste tramo xa discorre con forza camiño da súa unión co Ladra. Moi preto, un pequeno ascenso conduce ao miradoiro de Sambreixo, desde o que se obtén unha ampla panorámica da contorna.

A ruta estrutúrase en tres grandes tramos que marcan tamén os seus principais fitos. O primeiro vai de San Alberte á fonte de Valdovín, en Parga; o segundo enlaza Valdovín coa fonte de San Xoán, integrada no complexo termal de Lagostelle; e o terceiro conduce desde San Xoán ata a fonte de Pardiñas, situada na aldea do mesmo nome, tamén na parroquia de Lagostelle. Estes tramos subdivídense en subtramos definidos por puntos con acceso rodado, aínda que nalgúns casos existen variantes

por antigos camiños de carro sen asfaltar que permiten unha lectura máis tradicional do territorio. Ao longo do seu percorrido, a Ruta da Auga evidencia o potencial acuífero de Guitiriz. As fontes medicinais, coñecidas desde hai máis dun século polas súas propiedades curativas, conviven cunha paisaxe marcada pola presenza constante da auga. Boa parte do camiño discorre paralelo ao río Parga e atravesas zonas nas que conflúen dous ou tres regatos, reforzando a idea

da auga como eixo vertebrador do territorio. Xa nos primeiros quilómetros, río arriba, o camiñante observa a unión do regato que baixa por Roca co Parga, na zona do Piteiro. Máis adiante, antes de chegar a Valdovín, aparece o Rego Pequeno, que verte auga durante todo o ano xunto ao muíño de Ferreira. Este punto simboliza, segundo a tradición popular, o “casamento” entre o Parga infantil —procedente da zona de Friol— e o regato que baixa desde Guitiriz, co-

ñecido con distintos nomes segundo o lugar: Escádebais, Forxá, Sete Muíños ou Ponteveiga, aínda que oficialmente figura como Ladroil. Ao longo da ruta, este curso fluvial recibe outros afluentes como o río de Mariz, o Pardiñas ou o regato de Augafría. Así, a Ruta da Auga configúrase como unha proposta que vai máis alá do sendeirismo, ofrecendo unha lectura completa do territorio de Guitiriz a través da auga, da súa historia e da relación secular entre a natureza e as persoas.



DATOS



6 horas



19,6 quilómetros



Dificultade media



GRUPO FORMAT

formación integral de empresas

PREPARATE HOY ! TRABAJA SEGURO, PRÓTEGETE, CERTIFICATE

ACADEMIA grupo FORMA-T

Rúa do Acivro 59 Vilalba - Lugo

982513605 info@grupoforma-t.es

CENTRO DE ENTRENAMIENTO DE MOTOSERRISTAS

CENTRO DE CAPACITACIÓN A MOTOSERRISTAS

CURSOS DE USO SEGURO DE MOTOSIERRA

Aprenda de forma PRÁCTICA Y PROFESIONAL el manejo correcto de la motosierra con instructores especializados

